



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 1 de abril de 2024

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día un de abril de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(189).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 22 de marzo de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(190).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DO DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS, EN VIRTUDE DO CONTRATO DE SERVIZOS ASOCIADOS AO ASESORAMENTO E ADAPTACIÓN AO MARCO NORMATIVO EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS. EXPTE. 10161/113.

Visto o informe xurídico do 22/03/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 21/03/2024, asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALG).
- Regulamento Xeral de Protección de Datos (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 abril de 2016 (RXPDP).
- Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).

ANTECEDENTES

- 1) O 4 de maio de 2016 publícase o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (RXPDP), aplicable dende o 25 de maio de 2018.
- 2) Así mesmo, o 6 de decembro de 2018 publícase a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).
- 3) No artigo 4.7 do RXPDP defínese Responsable do tratamento como:
“«responsable do tratamento» ou «responsable»: a persoa física ou xurídica, autoridade pública, servizo ou outro organismo que, só ou xunto con outros, determine os fins e medios do tratamento; se o Dereito da Unión ou dos Estados membros determina os fins e medios do tratamento, o responsable do tratamento ou os criterios específicos para o seu nomeamento poderá establecelos o Dereito da Unión ou dos Estados membros;”
- 4) O artigo 37.1.a) do RXPDP establece a obrigatoriedade de nomear a figura do Delegado de Protección de Datos, en diante DPD, entre outros no seguinte caso:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

“O responsable e o encargado do tratamento designarán un delegado de protección de datos sempre que:

- O tratamento o leve a cabo unha autoridade ou organismo público, excepto os tribunais que actúen en exercicio da súa función xudicial.”

Así mesmo, o artigo 34 da LOPDGDD establece que “os responsables e encargados do tratamento deberán designar un delegado de protección de datos nos supostos previstos no artigo 37.1 do Regulamento (UE) 2016/679.”

5) No artigo 37.5 do RXPd establécese que:

“O delegado de protección de datos será designado atendendo ás súas cualidades profesionais e, en particular, aos seus coñecementos especializados do Dereito e a práctica en materia de protección de datos e á súa capacidade para desempeñar as funcións indicadas no artigo 39 “

Así mesmo dispónse no artigo 35 da LPDGDD.

6) A Axencia de Protección de Datos na súa guía do RXPd para responsables de tratamento especifica que:

- “A designación do DPD e os seus datos de contacto deben facerse públicos polos responsables e encargados e deberán ser comunicados ás autoridades de supervisión competentes.

(...)

- Permítese que o DPD manteña cos responsables ou encargados unha relación laboral ou mediante un contrato de servizos. É dicir, permite que poida contratarse o servizo de DPD con persoas físicas ou xurídicas alleas á organización.”

7) En virtude do decreto de delegación de competencias da Alcaldía de data 20/06/2023, corresponde á Xunta de Goberno Local:

- A competencia para a adopción dos acordos municipais que se precisen relativos á adaptación ao Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI) e ao Esquema Nacional de Seguridade (ENS), así como en materia de Protección de Datos e Administración Electrónica, sen prexuízo das competencias executivas atribuídas á Concellería de Área de Goberno.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Para o cumprimento dos requisitos esixidos no marco normativo en materia de protección de datos conformado polo Regulamento Xeral de Protección de Datos 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 abril de 2016 (RXPd), así como pola Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD) e o Esquema Nacional de Seguridade (ENS) inicialmente establecido polo

artigo 42 da Lei 11/2007 de 22 de xuño, e recollido nas Leis 39 e 40/2015, do 1 de outubro, e regulado polo Real Decreto 3/2010 de 8 de xaneiro, modificado por posterior Real Decreto 951/2015 de 23 de outubro, así como polo Real Decreto 311/2022, de 3 de maio, e tendo en conta que é de obrigado cumprimento designar un DPD atendendo ao criterio de capacidade, formación e especialización que se infire do artigo 37.5 do RXPDP, tramitouse un contrato de servizos, expediente 10161-113 (“Contrato de servizos asociados ao asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos”).

Con data 15/03/2024, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación do contrato á empresa **TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.** con CIF **A78053147** para a adaptación ao marco normativo relativo ao RXPDP e para o desempeño das funcións propias da figura do DPD ata o día de finalización do contrato. A dita empresa, en escrito presentado polo Rexistro Electrónico con data 06/03/2024 (doc. Núm 240080242), achega documentación designando a **D. David Barrientos Arboleya**, DPD certificado baixo o Esquema AEPD-DPD, como a persoa que desenvolverá o rol de DPD para o Concello de Vigo.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, proponse á Xunta de Goberno Local, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte:

ACORDO

ÚNICO.- Nomear a **D. David Barrientos Arboleya**, en virtude do contrato de servizo, expediente 10161-113 como Delegado de Protección de Datos do Concello de Vigo, ata o día de finalización do dito contrato.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(191).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA O SEGUIMENTO DA EXECUCIÓN DA INICIATIVA VIGO EDIFICIOS INTELIXENTES (VEI). EXPTE. 10048/113.

Visto o informe de fiscalización do 21/03/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de contratación da mesma data, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica para o seguimento da execución da iniciativa Vigo Edificios Intelixentes (VEI) (10048-113)



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica para o seguimento da execución da iniciativa Vigo Edificios Intelixentes (VEI) (10048-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 5 de xaneiro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo de asistencia técnica de soporte do contrato de implantación V.E.I. (Vigo Edificios Intelixentes), no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade e orde de inicio do expediente asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 20/01/2023, co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de data 12/09/2023.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 14/09/2023 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 08/11/2023 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica.

- Memoria económica do contrato de data 08/11/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal e do Concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.

- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, por delegación de 30 de outubro de 2023, Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, de data 10/11/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Memoria xustificativa do contrato de data 18/12/2023, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal da mesma data.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, coa conformidade da Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos, de data 18/12/2023.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 72.600,00 €, que inclúe un IVE de 12.600,00 €, dende o 1 de xaneiro de 2024, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

<i>Exercicio</i>	<i>Concepto</i>	<i>Partida</i>	<i>Base</i>	<i>IVE</i>	<i>TOTAL</i>
<i>2024</i>	<i>SERVIZOS E TRABALLOS TÉCNICOS</i>	<i>9207.2270 603</i>	<i>60.000,0 0 €</i>	<i>12.600,0 0 €</i>	<i>72.600,00 €</i>

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 16 de febreiro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica para o seguimento da execución da iniciativa Vigo Edificios Intelixentes (VEI) (10048-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
<i>1</i>	<i>BUO ESTUDIO ARQUITECTURA Y PAISAJISMO, S.L.</i>	<i>95,00</i>

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BUO ESTUDIO ARQUITECTURA Y PAISAJISMO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.*
- 2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, BUO ESTUDIO ARQUITECTURA Y PAISAJISMO, S.L.L., o día 4 de marzo de 2024, que presenta parte da documentación requirida o 18 de marzo de 2024, dentro do prazo concedido. Asemade, presentan documentación, fora do prazo concedido, o día 19 de marzo, documentación esta que en base ao criterio sostido polos tribunais de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda da documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede admitir.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución da licitadora no que figura o nomeamento dos administradores e os estatutos xunto co DNI do administrador.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (42.000,00 €), presentan o modelo 303 do IVE do ano 2023 no que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (50.820,00 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2023 supera esta cantidade.
- A acreditación dos medios persoais establecidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Solicitan a retención do importe da garantía definitiva (3.000,00 €) no prezo do contrato, tal e como posibilita a cláusula 24.3 do PCAP.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 21 de marzo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar BUO ESTUDIO ARQUITECTURA Y PAISAJISMO, S.L.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no

artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BUO ESTUDIO ARQUITECTURA Y PAISAJISMO, S.L.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor, de data 9 de febreiro de 2024 e o acordo da Mesa de contratación de data 16 de febreiro de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a BUO ESTUDIO ARQUITECTURA Y PAISAJISMO, S.L.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica para o seguimento da execución da iniciativa Vigo Edifícios Intelixentes (VEI) (10048-113) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 72.600,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.600,00 euros.*
- b) A porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP é do 10%.”*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(192).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO DE TRAMITACIÓN ABREVIADA PARA A CONTRATACIÓN DA RETIRADA E ALLEAMENTO DE APROVEITAMENTOS MADEIREIROS PROCEDENTES DE CORTAS DE ÁRBORES. EXPTE. 50416/446.

Sométese a aprobación a proposta de data 20/03/2024, asinada pola técnica de administración xeral e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP).
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación da retirada e alleamento de aproveitamentos madeireiros procedentes de cortas de árbores (50416-446).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 2 de febreiro de 2024 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada, da retirada e alleamento de aproveitamentos madeireiros procedentes de cortas de árbores (50416-446), autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 1 de marzo de 2024, rematando o prazo de presentación de ofertas o 18 de marzo do 2024.

Terceiro.- Segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral deste Concello de data 20 de marzo de 2024, non se presentou ningunha proposición.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Aberta a licitación do procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada da retirada e alleamento de aproveitamentos madeireiros procedentes de cortas de árbores non se presentou ningunha proposición, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 20 de marzo de 2024, polo que cómpre declarar deserta esta licitación.

Segundo.- A declaración de deserto deberá publicarse no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do

seguinte **acordo**:

“1º.-Declarar deserto o procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada para a contratación da retirada e alleamento de aproveitamentos madeireiros procedentes de cortas de árbores (50416-446) por non terse presentado ningunha proposición.

2º.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(193).- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO DE 3º DA ESO DOS CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE VIGO SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS, NO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN EN LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS 2024). EXPTE. 89031/332.

Visto o informe de fiscalización do 22/03/2024, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado polo técnico do servizo de Educación e a xefa do servizo de Educación, e conformado pola concelleira delegada de Educación, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 02 de setembro de 2021, adoptou o acordo de adxudicar a “Newlink Education, S.L” (B-22210843), o procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “VIGO EN INGLÉS” (expte. 25031-332) por un prezo total de 4.440.000.-€ que se imputarán á partida 3260.227.99.17 (Programa Educativo “Aulas Internacionais”); de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de xuño de 2021 e a oferta presentada.

O PCAP establece un prazo de duración do contrato de dous anos, e dúas posibles prórrogas de un ano cada unha. O contrato formalizouse dixitalmente entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria en data 25/Setembro/2021, entrando en vigor a partir do 1 de novembro de 2021, para un período contractual de 2 anos comprendido entre o 01/11/2021 e o 31/10/2023.

No contrato referido anteriormente, desestímase a execución das dúas posibles prórrogas previstas dun ano de duración, dado que cómpre actualizar o prezo de licitación motivado polo complicado contexto socio-económico que ocasionan os altos niveis de inflación, a crise dos mercados enerxéticos e a xeneralizada alza dos prezos que afecta negativamente a este sector, e polo tanto é vontade política atender cunha nova cobertura contractual a elevada demanda de alumnado solicitante cun número importante de prazas ofertadas nunha nova edición do programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar nun High School en período lectivo “Vigo en Inglés 2024”. En



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

consecuencia, se está a tramitar neste intre a nova licitación para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025” (Expte. 62810/332), cuxa resolución deste proceso de licitación determinará a empresa para a execución deste contrato da iniciativa formativo-lingüística municipal “Vigo en Inglés 2024”.

Cómpre que con tempo abondo, o Servizo de Educación desenvolva e resolva a convocatoria municipal anual para a adxudicación de prazas para participar no programa municipal de inmersión en lingua inglesa “Vigo en Inglés 2024”, diante da necesidade de ter seleccionado con antelación suficiente ao alumnado beneficiario, para logo dar traslado da relación de alumnado participante neste programa municipal á empresa adxudicataria resultante da resolución de licitación en trámite.

Dende hai varios anos, o Concello de Vigo ven mantendo unha decidida aposta formativa por un conxunto de medidas a prol da inmersión lingüística e o dominio da lingua inglesa no alumnado da nosa cidade, que concorda coas recomendacións do Consello de Europa en materia de linguas. O coñecemento dun idioma distinto ao do propio contribúe de forma esencial á formación integral do alumnado, e a súa aprendizaxe se ten convertido nun obxectivo fundamental dos sistemas educativos, tanto porque favorece a libre circulación e a comunicación como por esixencias do mercado de traballo. Ata tal punto é así que o dominio dunha 2ª ou incluso 3ª lingua estranxeira se amosa como unha das principais carencias do noso sistema educativo, polo que propón a adquisición dunha competencia plurilingüe, redobrando esforzos para que o alumnado se desenvolva con fluidez nunha primeira lingua estranxeira, cuxo nivel de comprensión oral e lectora e de expresión oral e escrita vai resultar decisivo para a súa futura inmersión laboral nunha sociedade globalizada.

A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE), tras a modificación introducida pola Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro (LOMLOE publicada no BOE N.º 340 do 30/12/2020), recolle nos artigos 25 e 26 nos principios pedagóxicos para 4º da ESO, que no proceso de aprendizaxe das linguas estranxeiras priorizárase a comprensión e expresión oral.

Por outra banda, o artigo 8 “cooperación entre administracións” da LOE, recolle que as administracións educativas e as corporacións locais coordinarán as súas actuacións no ámbito das súas competencias para acadar unha maior eficacia dos recursos destinados á educación e contribuir aos fins establecidos nesta lei.

Conforme dispón o artigo 25 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local (LR-BRL), o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercizo das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias, cita textualmente as seguintes:

- Artigo 25.2.h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.
- Artigo 25.2.l) Promoción da ocupación do tempo libre.
- Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.

Igualmente segundo o recollido no artigo 80.2.n da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), os municipios teñen competencia propia en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais e ocupación do tempo libre.

Consonte a este marco de responsabilidade competencial obrigatorio e propio das Entidades Locais citado anteriormente, é vontade expresa do Concello de Vigo en función das políticas de promoción cultural e de ocupación do tempo libre que o goberno local considera apropiadas e, conforme ás súas prioridades programáticas; promover unha nova edición do programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo (VIGO EN INGLÉS 2024), que nas súas edicións anteriores ten acadado excelentes resultados de satisfacción e ten permitido mellorar a capacitación en lingua inglesa do alumnado vigués.

En todo caso, o desenvolvemento deste programa municipal estará condicionado pola esixencia previa dunhas condicións de seguridade que garantan ao alumnado participante a realización desta experiencia académica internacional de xeito óptimo e seguro.

O Concello de Vigo non quere ser alleo á necesidade cada vez máis evidente de aprender linguas estranxeiras, non só para formar parte do proceso de globalización que está a ter lugar no mundo, senón tamén para desenvolver unha competencia plurilingüe e intercultural nun ámbito internacional. En consecuencia, estas estadías lingüísticas previstas en Reino Unido e/ou Irlanda, posúen un gran valor formativo e resultan un complemento idóneo para conseguir unha maior fluidez na lingua inglesa e potenciar a capacidade comunicativa na mesma, convertendo ao alumnado de Vigo, ao entrar en contacto con outras culturas e realidades sociais no seu tempo libre, en verdadeiros promotores e embaixadores da identidade cultural e turística da cidade de Vigo. Para elo, todo o equipo de monitoraxe e alumnado participante no programa estarán uniformados con suadoiros alusivos á promoción cultural da cidade de Vigo que utilizarán no desenvolvemento do programa formativo nas localidades de inmersión e integración lingüística, e achegarán ao persoal educativo dos High Schools, ás familias de acollida e autoridades locais en destino, distinto soporte documental específico (posters, folletos, dípticos culturais e turísticos da cidade de Vigo).

Neste senso e seguindo instrucións da Concelleira Delegada de Educación, tramítase o presente expte para a aprobación das bases e convocatoria para a adxudicación de prazas no programa municipal de inmersión en lingua inglesa mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “ VIGO EN INGLÉS 2024” dirixidas ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos.

Polo tanto, tomando como referencia o expte. en trámite nº 62810/332 para a contratación da a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025”; convócase en réxime de concorrencia competitiva un proceso selectivo de alumnado beneficiario cunha oferta dun máximo de 925 prazas para alumnado de 3º curso da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, quedando as restantes solicitudes que cumpran os requisitos incluídas en función da puntuación obtida nunha lista de agarda



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

Este Programa de Inmersión en Lingua Inglesa “Vigo en Inglés 2024” ten como acción principal a promoción e desenvolvemento de estadias de 3 semanas en Reino Unido e/ou Irlanda en réxime de integración escolar nun "High School" en periodo lectivo, para alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos; coa finalidade de mergullarse nunha experiencia lingüística e cultural plena e crear neste alumnado a necesidade de empregar a lingua inglesa en contextos reais 24 horas como ferramenta de comunicación social e vehículo de aprendizaxe escolar, poñendo en valor a educación desde unha perspectiva plurilingüe e intercultural.

Os resultados acadados nas anteriores edicións do Programa Educativo de Inmersión en Lingua Inglesa (VIGO EN INGLÉS), non fan senón confirmar, ademais dunha óptima avaliación, a alta satisfacción a nivel didáctico-pedagóxico, na procura de seguir tentando mellorar a competencia en lingua inglesa e na comunicación intercultural no noso alumnado vigués.

A implementación da iniciativa didáctica municipal VIGO EN INGLÉS 2024, implica a prestación do servizo por parte dunha empresa adxudicataria que posúa a debida cualificación e estea especializada no desenvolvemento de programas de inmersión lingüística, que terá como cometido a prestación plural de traballos de distinta natureza e carácter heteroxéneo, tales como, transporte, organización do programa lectivo de inmersión lingüística en destino, aloxamento, manutención, visitas organizadas e información a familias, que supoñen a xestión integral do programa; despois da aplicación das bases e convocatoria específica que son obxecto do presente expediente e que realizará directamente este Servizo de Educación para ordenar e regular a selección do alumnado participante. Logo é obrigado proporcionar á empresa que resulte adxudicataria a relación nominal dos alumnos/as participantes no programa municipal “Vigo en Inglés 2024”, cos datos de identificación necesarios para a xestión do programa.

Por todo iso, e diante da necesidade de ter seleccionado con antelación suficiente o alumnado beneficiario do programa “Vigo en Inglés 2024”, cómpre desenvolver a “Convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2024) dirixida ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos da nosa cidade sostidos con fondos públicos”, cuxa convocatoria e bases son obxecto do presente expediente. En todo caso, a concesión destas prazas de inmersión lingüística efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

Por elo, con carácter previo ao outorgamento da concesión das prazas para participar na iniciativa didáctica municipal “Vigo en Inglés 2024” deberán aprobarse as bases reguladoras para a adxudicación de prazas para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2024) dirixida ao alumnado de 3º da ESO de centros educativos da nosa cidade sostidos con fondos públicos”.

Unha das complexidades manifestas desta convocatoria é o importante número de destinatarios/as potenciais (estimados nuns preto de 1500 alumnos/as conforme aos datos recabados por este Servizo), que cumpren todos os requisitos para poder participar neste programa municipal de inmersión en lingua inglesa. Neste sentido é importante salientar que un dos elementos primordiais para a selección do alumnado é premiar o esforzo académico do mesmo, polo que se establece como requisito imprescindible ter todas as materiais aprobadas e ter obtido unha nota media mínima de 7 en lingua inglesa. Igualmente a

participación no programa Vigo en Inglés 2024 non implica a total gratuidade para todo o alumnado beneficiario do mesmo, dado que as familias participantes en función da súa renda per cápita aportarán a achega familiar do prezo público que se determina nas bases desta convocatoria.

A Ordenanza Fiscal nº 42 Reguladora dos prezos públicos pola participación en programas municipais de carácter voluntario, que se inclúe nas “Ordenanzas de Tributos e Prezos Públicos 2024 do Concello de Vigo”, textualmente indica que: “Teñen a condición de prezos públicos as achegas que realizan os participantes noutros programas do Concello, en contía variable segundo niveis de renda familiar, idades dos participantes e outros parámetros que, directa ou indirectamente poñen de manifesto a capacidade económica familiar. A contía destes prezos públicos poderá ser 0 euros para aqueles participantes con niveis de renda similares aos mínimos exentos nas taxas do Concello. As restantes contías determinaranse, en cada convocatoria segundo o nivel de renda. En ningún caso, o prezo público a satisfacer superará o custe unitario do servizo ou programa”.

A intervención Xeral en informe de 21/02/2023 emitido no expediente 44937-332 sobre as “Bases e convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación no Programa Municipal de inmersión lingüística “Vigo en Inglés 2023” sinala que, *“Como queira que o expediente remitido a esta Intervención non supón a aprobación ou autorización de gastos, o citado expediente e o acordo nel proxectado non se atopan sometidos a fiscalización previa”*, polo tanto inda que o expte. obxecto do presente informe non produce obrigas de contido económico, remítese á intervención xeral municipal para a emisión de informe.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión ordinaria do 16 de febreiro de 2024 adoptou o acordo de aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en periodo lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025”, que prevé para financiar as prazas ás que se refire a presente convocatoria, o importe máximo de 2.999.775.-€ aplicado con cargo á partida orzamentaria 3260.227.99.17 do Programa Educativo Aulas Internacionais do orzamento municipal de 2024.

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecida no artigo 127.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Aprobar as Bases reguladoras da convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación do alumnado de 3º da ESO dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, no programa municipal de inmersión en lingua inglesa (VIGO EN INGLÉS 2024) , de acordo co texto que se achega”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS PARA A PARTICIPACIÓN NO PROGRAMA DE INMERSIÓN EN



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

LINGUA INGLESA (VIGO EN INGLÉS 2024) DIRIXIDAS AO ALUMNADO DE 3º DA ESO DE CENTROS EDUCATIVOS DO CONCELLO DE VIGO SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS.

Primeiro.- Obxecto

A presente convocatoria ten como obxecto regular o procedemento para a selección e adjudicación dun máximo de 925 prazas en réxime de concorrencia competitiva, segundo as esixencias recollidas nos pregos do expte. Administrativo 62810/332, actualmente en tramitación, para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo “Vigo en Inglés 2024”.

A presente convocatoria ten como destinatarios/as ao alumnado do 3º curso de Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) dos centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos, que cumpran os requisitos recollidos nesta convocatoria específica para poder participar no programa municipal “Vigo en Inglés 2024”.

A finalidade do programa VIGO EN INGLÉS 2024 é mellorar a competencia e capacitación en lingua inglesa fomentando a súa aprendizaxe e o contacto con outras culturas nun ámbito internacional.

Cada unha das prazas inclúe os seguintes conceptos:

- 1.- Estadía durante tres semanas en Reino Unido e/ou Irlanda.
- 2.- Gastos da viaxe de ida e volta dende Vigo ata o destino asignado no Reino Unido e/ou Irlanda, onde se desenvolverá o programa.
- 3.- Monitores con suficiente capacidade lingüística en inglés, que acompañarán ao alumnado dende o momento da saída e ata o regreso, nunha proporción mínima de un monitor por cada 20 alumnos participantes.
- 4.- Matrícula do curso intensivo de mellora en lingua inglesa cun mínimo de clases de 10 horas e programa en réxime de inmersión lingüística e integración en escolas públicas ou privadas de Reino Unido e/ou Irlanda.
- 5.- Materiais informativos, auxiliares e didácticos adaptados aos contidos do programa.
- 6.- Certificado ou diploma acreditativo da realización do programa.
- 7.- Actividades de lecer, culturais e deportivas extracurriculares.
- 8.- Aloxamento en casa de familias anfitriñas de fala inglesa.
- 9.- Manutención en réxime de pensión completa os sete días da semana.
- 10.- Gastos de transporte urbano ao centro escolar onde se impartirá o programa de inmersión lingüística.
- 11.- Seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Segundo.- Contía

A participación no Programa Municipal de Inmersión en Lingua Inglesa non implica a total gratuidade para todo o alumnado beneficiario do mesmo; polo que as familias en función da súa renda per cápita, achegarán as cantidades que lles corresponda segundo as contías establecidas no punto noveno desta convocatoria.

Igualmente a participación no programa e o desfrute do mesmo é incompatible con calquer outro programa e/ou axuda obtida para a mesma finalidade doutros organismos públicos durante o ano 2024.

O custe de cada praza é aproximadamente de 3.243 euros, por cada alumno/a participante no programa educativo municipal VIGO EN INGLÉS 2024, que promove o Servizo de Educación do Concello de Vigo e cuxa xestión e organización levarase a cabo por medio de empresa adxudicataria que posúa a debida cualificación e este especializada na prestación de programas de inmersión e integración lingüística nun High School, e contratada ao efecto polo Servizo Municipal de Educación. Ocuparase de ofrecer os medios materiais e persoais necesarios para o seu desenvolvemento, así como da contratación da oportuna póliza de seguros para a cobertura das persoas participantes.

O desenvolvemento deste programa estará condicionado pola esixencia previa dunhas condicións de seguridade que garantan ao alumnado participante a realización desta experiencia académica internacional de xeito óptimo e seguro, e pola previa adxudicación do contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal "Vigo en inglés 2024"

Terceiro.- Programa xeral programa VIGO EN INGLÉS 2024

Os contidos do programa municipal de inmersión en lingua inglesa VIGO EN INGLÉS 2024 atópanse a disposición dos/as interesados/as nas páxinas web do programa:

<https://escolas.vigo.org/vigoeningles>

<https://www.vigoeningles.org/convocatoria>

Os contidos mínimos son os que se expoñen na presente convocatoria.

1. Adxudicatarios e requisitos

Os adxudicatarios da presente convocatoria serán os alumnos e alumnas, españois ou estranxeiros con tarxeta de residencia ou de estancia por estudos en vigor, de centros educativos do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos que cumpran os requisitos que a continuación se sinalan:

1.- Estar a cursar 3º da ESO nun centro educativo do Concello de Vigo sostido con fondos públicos durante o curso académico 2023-2024.

2.- Ter aprobadas todas as materias de 2.º de ESO.

3.- Ter obtido como mínimo unha nota de 7 na materia de Lingua inglesa nas cualificacións finais de 2.º de ESO.

4.- Estar empadroado/a no Concello de Vigo, con vixencia mínima dende o 01/01/2023, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.

5.- Non ter concedido, no ano 2024, outro programa e/ou axuda coa mesma finalidade.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

6.- Ter DNI/NIE, permiso de residencia ou pasaporte en vigor

7,- Ter presentado a solicitude nos prazos estipulados.

Deberán solicitar as prazas os representantes legais (pai e nai ou titor/a legal) dos/as alumnos/as.

As 925 prazas ofertadas serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva, conforme ao proceso de selección e baremo que se recolle nas presentes bases. As restantes solicitudes que, cumprindo os requisitos, non sexan seleccionadas, en función da puntuación obtida serán incluídas nunha única lista de agarda ordeada por puntuación obtida e , no caso de empate na puntuación final, ordeada por renda per cápita da unidade familiar de menor a maior renda.

2. Número de prazas e destinos

O programa consta dun máximo de 925 prazas, en grupos de máximo 20 participantes e mínimo 10 participantes que se asignarán a como mínimo corenta e sete destinos e máximo noventa e tres centros educativos de integración (High Schools) diferentes no Reino Unido e/ou Irlanda. O Servizo Municipal de Educación reserva para si o dereito de adxudicar destino aos participantes seleccionados atendendo, na medida do posible, a cuestións internas de índole organizativa.

3. Duración da estadía

O programa, de tres semanas de duración, realizarase ao longo de primeiro trimestre do curso lectivo escolar 2024-2025, preferentemente entre a primeira quincena de setembro e a segunda quincena de outubro de 2024. Con todo, o calendario definitivo comunicarase con antelación suficiente ao alumnado beneficiario, a través da empresa adxudicataria polos medios que corresponda.

4. Programa lectivo

O programa componse de estadías dos participantes durante tres semanas no Reino Unido e/ou Irlanda, nas que se combinarán as seguintes actividades lectivas:

Ao longo deste período, terá lugar a inmersión lingüística mediante a integración en período lectivo do alumnado participante en institutos ou escolas públicas ou privadas (High Schools) do Reino Unido e/ou Irlanda, de nivel educativo equivalente á ESO española e preferentemente, previo ao período de integración impartirase un curso intensivo de inglés para a adaptación e o perfeccionamento lingüístico do alumnado participante. Os High Schools estarán autorizados e recoñecidos polos organismos competentes de cada país e contarán con profesorado nativo, titulado e especializado no ensino do idioma; así mesmo, estarán dotados de recursos audiovisuais e informáticos que favorezan a aprendizaxe e facilitarán o acceso do alumnado a estas instalacións. Asignarase un máximo de 20 alumnos/as participantes ou un mínimo de 10 participantes en cada centro, distribuídos en distintos grupos-aula e agrupados seguindo criterios como nivel de coñecemento do idioma e/ou idade.

Realizarase un seguimento individual e un control de asistencia do alumnado con informe final do seu rendemento. O centro de integración expedirá, ao remate da estadía do alumnado, unha certificación na que constará a relación nominal dos estudantes participantes no programa VIGO EN INGLÉS 2024 que estiveron integrados neste.

5. Programa de actividades extraescolares e de lecer

O programa lectivo comprende a asistencia ao High School de luns a venres a xornada completa; así mesmo complementarase con actividades de lecer (lúdicas, culturais e deportivas) fóra do horario lectivo durante as tardes, agás sábados e domingos, que haberá alomenos unha excursión de día completo. Ás actividades de lecer e extraescolares desenvolveranse en inglés e guiadas por persoal especializado con coñecementos culturais adaptados a este tipo de actividades.

6. Viaxe e desprazamentos

O aeroporto de saída e chegada será o de Peinador de Vigo. Calquera cambio nesta loxística organizativa deberá ser convenientemente motivado e xustificado polo contratista e conformado polo Concello de Vigo. As viaxes das familias e alumnado participante dende o seu domicilio ata o aeroporto de saída de Vigo, e o mesmo traxecto de volta, serán por conta dos participantes. As datas e horas previstas de saída e chegada serán comunicadas con antelación suficiente.

7. Información e asistencia a participantes e familias

Realizarase coas familias unha xuntanza informativa nas dependencias que concrete o Servizo de Educación, con antelación suficiente ao inicio da viaxe. Así mesmo, antes e durante a viaxe todas as familias participantes terán á súa disposición asistencia telefónica e mediante correo electrónico, e poderán acceder a todos os datos relevantes do programa que lles afecten. Así mesmo, e para calquera consulta, os interesados poderán remitirse á oficina do programa VIGO EN INGLÉS ubicada no Servizo de Educación, ben no enderezo Praza do Rei s/n, pranta 11^a (36202 Vigo), no teléfono 986810181, ou a través do correo electrónico vigoeningles@vigo.org.

Cuarto.- Publicidade e prazo

Toda a información da presente convocatoria, así como o período do prazo de presentación de solicitudes, publicarase nas páxinas web do programa: <https://escolas.vigo.org/vigoeningles> e/ou <https://www.vigoeningles.org/convocatoria> e mediante anuncios na web municipal, difusión a través dos medios de comunicación locais (prensa, radio ...) e coa remisión de soporte documental divulgativo do programa aos centros educativos da ESO do Concello de Vigo sostidos con fondos públicos. O servizo municipal de Educación remitirá aos centros docentes da cidade, tanto en soporte dixital como físico, toda a información relativa ao procedemento de solicitude para a súa difusión entre o alumnado obxecto desta convocatoria.

A resolución e a finalidade das solicitudes, con expresión dos datos identificativos do/a alumno/a solicitante, puntuación acadada e a resolución atribuída (adxudicada, denegada ou lista de agarda), será publicada nas páxinas web específicas do programa referidas con anterioridade.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no diario local impreso de maior tirada.

Quinto.- Solicitudes e documentación

Solicitudes:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

As solicitudes cubriranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario de solicitude en liña normalizado dispoñible nas webs do programa <https://escolas.vigo.org/vigoeningles> e/ou <https://www.vigoeningles.org/convocatoria>.

Unha vez cuberto o formulario de solicitude, xeraráse un documento pdf, que haberá que descargar, asinar (dixital ou manualmente) por ambos proxenitores (a excepción de familias monoparentais) e rexistrar (electrónica ou presencialmente) xunto coa documentación requirida.

O proceso para a presentación de solicitudes é o seguinte:

- ▭ **Solicitude telemática (vía preferente):** Seguindo as instrucións que se indican e unha vez cuberto o Formulario de Solicitude aloxado nas páxinas web <https://escolas.vigo.org/vigoeningles> e/ou <https://www.vigoeningles.org/convocatoria>, terá que entrar no rexistro xeral na sede electrónica do Concello de Vigo, (vigo.org/solicitud-vigoeningles) e premer o botón "tramitar por internet" onde haberá que incorporar o arquivo resultante do proceso anterior (Formulario de Solicitude), sendo necesario asinalo por calquera dos medios de sinatura admitidos na sede electrónica que se poden consultar no enlace "https://sede.vigo.org/expedientes/sede_textos/texto.jsp?idt=sede_firma".

Unha vez realizado este proceso poderá descargar o xustificante do Rexistro.

- ▭ **Solicitude presencial:** Unha vez cuberto o Formulario de Solicitude aloxado nas páxinas web <https://escolas.vigo.org/vigoeningles> e/ou <https://www.vigoeningles.org/convocatoria>, deberáse obrigatoriamente imprimir e asinar polo pai e nai, titor/a legal, outros/as o documento resultante (Formulario de Solicitude) e, acompañado da documentación requirida se fose necesario, presentalo no Rexistro Xeral do Concello de Vigo de luns a venres en horario de 9,00 a 13,30 hrs. (previa cita nos teléfonos 010 / 986810260 / 986810100 ou na web "citaprevia.vigo.org"), ou en calquera dos lugares establecidos no art.16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).

No caso de divorcio ou separación legal con custodia compartida deben figurar no formulario de solicitude os datos de ambos proxenitores que teñan atribuída a garda ou custodia compartida do/a menor.

No caso de divorcio ou separación legal sen custodia compartida solo deben figurar no formulario de solicitude os datos daquel proxenitor que teña atribuída a garda ou custodia do/a menor.

Segundo o recollido na cláusula 15ª desta convocatoria, a presentación da solicitude desta praza levará a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos de carácter persoal, e da súa publicación nas páxinas web do Servizo de Educación.

Documentación:

As persoas interesadas deberán achegar xunto co formulario de solicitude debidamente asinado, a seguinte documentación:

- a) **Certificación académica orixinal** emitida polo centro educativo do Concello de Vigo sostido con fondos públicos na que conste estar matriculado en 3º no curso académico 2023-2024 e certificación académica coas notas finais de 2º de ESO.
- b) **DNI/NIE do alumno/a**, autorización de residencia ou **pasaporte** (en vigor).
- c) **DNI/NIE**, autorización de residencia ou pasaporte (en vigor) **dos solicitantes** (pai e nai ou titor/a legal) que asinan o formulario de solicitude
- d) **Libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar ou no seu defecto certificado de nacemento e documentación acreditativa da titoría legal**. No caso de non dispoñer de libro de familia terá que presentarse documentación que acredite o número de membros da unidade familiar. No suposto de non convivencia de ambos proxenitores, deberase acreditar que o/a solicitante convive cos fillos e/ou fillas.
- e) De ser o caso, **acreditación documental das circunstancias familiares**, tales como: Título de familia numerosa, título de familia monoparental, sentenza de divorcio e convenio regulador onde conste o relativo á custodia, certificado de defunción (no caso de viuvez), resolución xudicial ou administrativa da tutela ou acollemento...
- f) De ser o caso, **Certificado de discapacidade dalgún dos membros da unidade familiar** emitido polo órgano competente cunha porcentaxe igual ou superior ao 33%
- g) **Xustificación de ingresos: Aquelas familias que non autoricen ao Concello de Vigo á solicitude de información fiscal á Axencia Tributaria, deberán presentar fotocopia simple da última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar ou certificado de estar exento/a emitido pola Axencia Tributaria.**
- h) No caso de que algún participante precise de **atencións médicas especiais** (por mor de alerxias, discapacidades, intolerancias...) deberán presentar un **certificado médico** que así o acredite.

A documentación que corresponda presentar en cada caso, poderase achegar por diferentes vías:

- Electrónicamente mediante o seu escaneado na mesma aplicación en liña na que se cubriu o formulario de solicitude
- Na sede electrónica do Concello no momento de rexistrar o formulario de solicitude
- Físicamente en papel no momento de realizar a solicitude presencial no rexistro do Concello.

Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

Non serán tidos en conta nin valorados os requisitos alegados e non xustificadas documental e correctamente tal como se indica, nin os que se aleguen fóra do prazo establecido para esta convocatoria nin os que conteñan emendas. O Servizo de Educación poderá requirir das persoas solicitantes en calquera intre aclaración da documentación presentada.

A obtención e disfrute da praza falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impedirán, poderá supoñer o reintegro do importe equivalente ao custe da praza concedida, e a exixencia do xuro de demora correspondente dende a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Sexto.- Tramitación e emenda de solicitudes

A tramitación do procedemento de adxudicación das prazas convocadas corresponde ao Servizo de Educación, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixidos e a documentación



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se emende a solicitude ou complete a documentación preceptiva (artigo 68.1 LPACAP), coa advertencia de que, de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da LPACAP.

A notificación do requirimento realizarase aos interesados mediante publicación na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, e no portal de transparencia, surtindo aquela os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP.

Sétimo.- Criterios de valoración

A selección das solicitudes e asignación de prazas farase atendendo á puntuación total obtida por cada alumno/a, resultante de aplicar os seguintes criterios (a,b,c) :

a) A puntuación obtida na nota final da materia de Lingua inglesa segundo o seguinte baremo: ata un máximo de 4 puntos.

NOTA FINAL INGLÉS 2º ESO	PUNTUACIÓN OUTORGA- DA
Nota final: 7	1 punto
Nota final: 8	2 puntos
Nota final: 9	3 puntos
Nota final: 10	4 puntos

b) Para a consideración de familia numerosa de conformidade co disposto no Real Decreto 1621/2005, de desenvolvemento da Lei 40/2003, de protección das familias numerosas, aplicarase o seguinte baremo: ata un máximo de 2 puntos.

FAMILIA NUMEROSA	PUNTUACIÓN OUTORGA- DA
Categoría Xeral	1 punto
Categoría Especial	2 puntos

Oitavo.- Determinación de “Unidades Familiares de Convivencia” e “consideración de membros da unidade familiar”:

Entenderase por unidade familiar a formada polas/os nais/pais, titor/a do alumnado solicitante, outras situacións análogas, e tamén os irmáns solteiros e menores de 25 anos que dependan economicamente dos proxenitores e convivan no domicilio familiar, ou maiores desta idade, no caso de persoas dependentes, cunha discapacidade igual ou superior ao 33% (circunstancia que deberá acreditarse co documento xustificativo oportuno).

Cando non exista vínculo matrimonial nin rexistro de parellas de feito, a unidade familiar entenderase constituída polo pai, a nai ou persoa en situación análoga e todos os descendentes que convivan con eles e que reúnan os requisitos anteriores.

Terán a consideración de membros da unidade familiar:

- Os/as pais/nais non separados legalmente nin divorciados ou, no seu caso, o titor ou titores do alumnado solicitante.
- Os/as fillos/as menores de idade coa excepción dos emancipados. Terán a mesma consideración que os/as fillos/as, as persoas en situación de tutela ou acollemento familiar permanente ou preadoptivo legalmente constituído.
- Os/as fillos/as maiores de idade con discapacidade ou incapacitados xudicialmente, sempre que estean suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os/as fillos/as menores de 25 anos, dependentes económicamente dos proxenitores e que convivan no domicilio familiar.
- Os proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida forman unha unidade familiar cos/coas fillos/as que teñan en común.
- A persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a, excepto nos casos de custodia compartida.
- Non terá a consideración de membro computable a persoa proxenitora que non conviva co alumnado nos casos de separación ou divorcio, excepto no caso de custodia compartida.

A efectos do cálculo da renda per cápita, no caso de unidade familiar monoparental, no cómputo de membros, engadirase 1 membro máis na unidade familiar, sempre que se achegue acreditación documental desta situación expedida pola administración competente.

A efectos do cálculo da renda per cápita, no caso de que algún membro da unidade familiar de convivencia teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, no cómputo de membros, engadirase 1 membro máis sempre que se achegue acreditación documental desta situación expedido pola administración competente.

Noveno.- Determinación de achegas familiares

A determinación de achegas familiares asignarase segundo os tramos de renda per cápita anual da unidade familiar recollido na seguinte táboa, e para o cálculo da mesma, terase en conta a última Declaración da Renda, da cal se suman as casillas da Base imponible xeral máis a Base imponible do aforro e o resultado divídese entre o número de membros que integran a unidade familiar. Esta cifra resultante constitúe a Renda per Cápita Anual.

TRAMOS RENDA PER CÁPITA ANUAL DA UNIDADE FAMILIAR	ACHEGA FAMILIAR
Ata 8.000,00.-€	Exento
Entre 8.001,00.-€ e 11.000,00.-€	320.-€ (equivale ao 10% custe da praza)
Entre 11.001,00.-€ e 14.000,00.-€	480.-€ (equivale ao 15% custe da praza)
Entre 14.001,00.-€ e 17.000,00.-€	640.-€ (equivale ao 20% custe da praza)
Maior de 17.000,00.-€	800.-€ (equivale ao 25% custe da praza)



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

Para os efectos do cómputo das rendas, teranse en conta:

- a) As dos pais non separados legalmente nin divorciados ou, de ser o caso, o titor ou titores do alumnado.
- b) As dos proxenitores separados legalmente ou divorciados con custodia compartida.
- c) As dos/das irmáns/ás do/da solicitante maiores de 16 anos e menores de 25, sempre que dependan económicamente dos proxenitores e convivan no domicilio familiar.
- d) As da persoa que, por novo matrimonio, en situación de unión de feito ou en situación análoga ás anteriores con convivencia, resida no domicilio familiar coa persoa proxenitora do/a alumno/a, excepto nos casos de custodia compartida.

Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase un deterioro significativo en relación coa que consta na declaración do IRPF do último exercizo, os interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación acreditativa correspondente.

Ás familias que non autoricen nin aporten a documentación xustificativa da situación económica familiar, aplicaráselles a achega máxima de aportación familiar, e figurarán ao remate da lista cos empatados á mesma puntuación, e si fora o caso dando prioridade ao solicitante de maior idade.

Décimo.- Comisión de valoración

A Comisión de valoración estará integrada pola Concelleira Delegada de Educación, que actuará de presidenta, a Xefa do Servizo de Educación e un Técnico do Servizo de Educación que actuará como secretario.

Este órgano colexiado avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan nesta convocatoria, e inicialmente emitirá unha proposta de resolución provisional para a participación no "Vigo en Inglés 2024", na que se concretará o resultado da avaliación, debidamente motivada, con indicacións das solicitudes admitidas ás que se lles propón a concesión da praza, seguidas das solicitudes que inda cumprindo os requisitos esixidos non obteñan a praza por insuficiencia de puntuación, as cales pasarán a engrosar o "listado de agarda", finalizando coas solicitudes desestimadas e excluídas con expresión da súa causa. Esta proposta de resolución provisional non crea dereito algún a favor do/a beneficiario/a da praza ata que non se teña procedido á resolución definitiva aprobada pola Xunta de Goberno Local.

Esta Comisión resolverá calquera incidencia e/ou dúbida interpretativa que poidan xurdir na aplicación das bases da presente convocatoria. O presidente poderá decidir que asista a esta comisión calquera outro asesor técnico ou profesional cualificado/a do mundo da ensinanza da lingua estranxeira, que actuará con voz pero sen voto.

Décimo primeira.- Concesión e resolución das prazas

A adxudicación terá carácter de concorrencia competitiva, e será efectuada segundo os criterios de baremación que figuran no punto sétimo destas bases. Polo tanto non será suficiente para obter asignación de praza, reunir todos os requisitos esixidos nesta convocatoria, senón obter tamén un número de orde que sitúe ao alumno/a solicitante dentro do número máximo de 925 prazas que se van conceder.

No caso de se producir empates na puntuación final, o criterio de desempate será a menor renda per cápita, e si este criterio non fora suficiente os empates resolveranse mediante un sorteo en acto público no que se extraerá a letra de prioridade do 1º apelido. O/a primeiro/a solicitante seleccionado será aquel que tendo en conta a orde de extracción, o seu primeiro apelido comence pola letra extraída. Non se terán en conta artigos ou preposicións que acompañen aos apelidos. De non existir un solicitante cuxo primeiro apelido comece pola letra extraída, o primeiro solicitante seleccionado será aquel cuxo primeiro apelido sexa o inmediato posterior de acordo coa orde alfabética. Logo do sorteo e de persistir o caso de empate darase preferencia ao solicitante de máis idade.

Cos solicitantes non seleccionados que reúnan os requisitos da convocatoria, formarase unha única lista ordeada de agarda, para o caso de que existan baixas ou renuncias na lista inicial de alumnado con praza adxudicada. De existir prazas vacantes por renuncia, estas serán ofertadas ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada de lista de agarda.

Unha vez avaliadas as solicitudes de conformidade cos criterios que se determinan no punto sétimo, e examinadas e resoltas as alegacións achegadas polos/as interesados/as, o Servizo municipal de Educación, conforme aos informes da Comisión de valoración, elevará á Xunta de Goberno Local unha proposta de resolución definitiva que incluírá unha relación na que se indicarán todos os solicitantes que participan na convocatoria con nome e apelidos, DNI anonimizado e puntuación obtida, e resolución das prazas, indicando o estado de: Adxudicada, lista de agarda ou denegada, con indicación do motivo ou motivos polos que se denega.

Así mesmo, fará constar expresamente que da información que obra no seu poder despréndese que os adxudicatarios cumpren todos os requisitos esixidos para acceder ás prazas. Seguindo os principios de transparencia e de boas prácticas nas administracións públicas o Servizo de Educación publicará a relación de adxudicatarios/as na súas páxinas web oficiais "<https://escolas.vigo.org/vigoeningles>" e/ou "<https://www.vigoeningles.org/convocatoria>".

O Servizo Municipal de Educación, mediante o envío dun sms ou correo electrónico, comunicará con antelación suficiente ás familias do alumnado con praza adxudicada a resolución concreta no referente á achega familiar correspondente (exento/a de pago ou con pagamento pola cuantía asignada)

Décimo segunda.- Aceptacións e renuncias

As listas definitivas de solicitudes adxudicadas, denegadas ou en lista de agarda serán publicadas nas webs do programa "<https://www.escolas.vigo.org/vigoeningles>" e/ou "<https://www.vigoeningles.org/convocatoria>". Os/as alumnos/as aos que se lles adxudiquen as prazas definitivamente, previo acordo adoitado pola Xunta de Goberno Local, deberán proceder a realizar a aceptación, e correspondente pago de se lo caso, ou renuncia da praza no prazo de 5 días hábiles contados dende o día seguinte á publicación das listas definitivas nas páxinas web do programa:

- **Exentos de pago**- Tramitarán vía telemática no sitio web "<https://vigo.org/vigo-ingles>" a aceptación expresa da praza, xerando un formulario de autoliquidación cero.
- **Con achega familiar**- Tramitarán vía telemática no sitio web "<https://vigo.org/vigo-ingles>" a aceptación expresa da praza, e realizarán o pagamento da contía asignada de achega familiar, ben a través da pasarela bancaria ou xerando o recibo de pago para posteriormente efectuar o mesmo de xeito presencial nas entidades bancarias pertinentes.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

A non xustificación da aceptación da praza mediante a tramitación do formulario de autoliquidación 0 (para aqueles exentos de pago) ou do ingreso da cantidade indicada (para aqueles con achega familiar asignada), dentro do prazo que se fixe, implica a renuncia á praza adxudicada.

Os beneficiarios/as con pagamento efectuado non terán dereito á devolución da cantidade aboada no caso de renuncia posterior, agás causa grave debidamente acreditada co correspondente xustificante documental do motivo:

- ▭ Enfermidade, accidente ou outros (deberá achegarse xustificante médico)
- ▭ Motivos familiares, enfermidade, accidente grave, falecemento dun familiar ou outros (deberá achegarse xustificación do motivo)

Inda que se teña aceptado a praza ou realizado o pagamento, todo aquel alumno/a beneficiario/a que 4 semanas antes da data de saída da viaxe, non teña en vigor a documentación necesaria para a realización da viaxe, poderá perder a praza adxudicada, que será ofertada ao alumnado suplente por chamamento directo, segundo a relación publicada na lista de agarda.

Con antelación suficiente á data de realización da viaxe, o Servizo Municipal de Educación enviará a cada centro educativo unha relación do alumnado do seu centro participante no programa onde figure nome e apelidos, lugar de inmersión lingüística e datas de ida e volta das viaxes polo que cómpre que aqueles alumnos/as que resulten adxudicatarios/as definitivos e teñan previsto cambiar de centro educativo para o seguinte curso lectivo escolar, comuniquen coa debida antelación esta circunstancia ao servizo municipal de educación, coa finalidade de poder trasladar a información concreta actualizada ao seu novo centro educativo.

Décimo terceiro.- Expulsión do programa

Poderán ser causas para a expulsión dun alumno/a do programa as faltas de disciplina, o reiterado mal comportamento e o incumprimento das normas establecidas. Poderán ser motivos de expulsión inmediata os seguintes:

- O incumprimento das leis do país ao que viaxan en que se desenvolve o programa.
- O incumprimento das normas establecidas para o desenvolvemento das actividades.
- O consumo de alcohol se non se ten a idade legal para facelo no país onde se desenvolve o programa.
- O consumo ou a posesión de drogas ou substancias ilegais.
- Automedicación sen autorización médica.
- Condutas disruptivas e/ou comportamentos asociais.
- Comportamentos contrarios ás normas de convivencia nos diferentes eidos onde se desenvolven as actividades.
- Aqueles outros motivos que se recollan no regulamento de réxime interno do programa.

No caso de expulsión, o/a expulsado/a deberá facerse cargo dos gastos da viaxe ocasionados polo seu regreso anticipado, así como de ser o caso, do importe dos danos ocasionados ou derivados das ditas condutas. Igualmente, no caso do alumnado que se atope realizando a estadía e decida abandonar o programa, sen unha causa grave debidamente xustificada, a persoa solicitante asumirá os gastos ocasionados polo seu regreso anticipado.

Décimo cuarto.- Reclamacións

Fronte a esta convocatoria e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución cabe interpoñer, no prazo dun mes, dende o día seguinte ao da súa publicación ou notificación, recurso potestativo de reposición perante o órgano que as ditou, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

Décimo quinto.- Tratamento de datos de carácter persoal

Os datos persoais facilitados neste formulario, indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente o “Programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo – Vigo en Inglés 2024”.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no Programa e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito da educación, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do Programa, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos serán obxecto de cesión á empresa adxudicataria do Programa municipal de inmersión lingüística, que asume expresamente as responsabilidades que como encargada do tratamento deses datos lle corresponden. Poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

Décimo sexto.- Disposición final

A presentación da solicitude para a participación no programa, implica o coñecemento e a aceptación expresa das presentes bases desta convocatoria, así como de cada unha das resolucións que se adoiten ao longo do desenvolvemento do proceso de selección.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

6(194).- PROVISIÓN CON CARÁCTER DEFINITIVO DO POSTO DE TRABALLO VACANTE XEFE/A DA ÁREA DE SERVIZOS XERAIS. EXPTE. 41882/220.

Visto o informe de fiscalización do 21/03/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/03/2024, asinado polo técnico de xestión e conformado pola xefa da Área de RRHH e Formación e a concelleira-delegada de RRHH e Formación, que di o seguinte:

I-ANTECEDENTES DE FEITO:

1º-Vista a necesidade de proceder á provisión dos postos de traballo vacantes ou provisionalmente cubertos, consta Resolución de data 03/11/22 e Decreto de 10/11/2022 da Concelleira delegada de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal pola que se resolve a incoación de expediente administrativo tendente á tramitación das bases reitoras e convocatoria para a provisión definitiva dos postos de traballo pertencentes aos subgrupos A1 e A2 de titulación, así como ás convocatorias públicas periódicas de provisión definitiva polos procedementos legalmente establecidos, designándose a estes efectos os/as instrutores/as da provisión definitiva dos diferentes postos A1 e A2 (Exp. 41058-220).

En aras da eficaz organización e planificación, foi emitido Informe de calendarización inicial da convocatoria de provisión dos postos de traballo A1 e A2 no expediente 1690-110 e posterior cronograma no expediente 41118-220, unha vez designados os/as correspondentes instrutores/as dos procedementos de provisión; establecéndose as necesidades de provisión e prioridades, incluíndose no apartado 2, as xefaturas vacantes ou ocupadas de forma provisional mediante adscrición provisional, e no que consta o posto "Xefe/a da Área de Servizos Xerais"

2º.-Consta Resolución de data de 03/03/2023 da Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal (Resolución da Alcaldía de datas 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e Acordo da XGL de data 22/06/2023) onde resolveu iniciar o expediente administrativo (trámite 8) para a provisión polo sistema de libre designación (LD) do posto de traballo vacante "Xefe/a da Área de Servizos Xerais", adscrito á Área de Servizos e Vías e Obras (440)

3º.-Constan no expediente de referencia as Bases (Anexo-I) da convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación (LD), do posto de Xefatura da Área de Servizos xerais (trámite 13),

4º.-Na RPT vixente figura o posto de traballo "Xefe/a da Área de Servizos Xerais", o cal se atopa en situación de vacante, prevíndose na Relación de Postos de Traballo como forma de provisión a libre designación, segundo a motivación que consta na memoria xustificativa de data 27/06/22, publicada no Portal de Transparencia do Concello de Vigo:

<https://transparencia.vigo.org/?id=149&tipo=ele&ita=0&lang=ga>

5º.-Rematado o prazo de quince días hábiles establecido nas bases da convocatoria para a presentación de solicitudes de participación no procedemento de provisión definitiva do posto de traballo “Xefe/a da Área de Servizos Xerais”, consta no expediente de referencia a presentación en tempo e forma das seguintes solicitudes de participación: J. Centrón Castaños con D.N.I.**10097** (doc. 230157441). B. González Ramírez con D.N.I. ***5772** (doc. 230144579) e A. Crespo Casal con D.N.I. ***1797** (docs. 230157631, 230157654, 230157684,230157758, 230157792, 230157805).

6º.-Remitido, xunto coa solicitude de informe de idoneidade (trámite 115), o expediente administrativo no que figuran a documentación esixida pola convocatoria, os méritos alegados polas/os aspirantes e a documentación acreditativa da mesma, con data 21 de febreiro de 2024 emitíuse pola área de servizo Informe de Idoneidade (trámite 145) no que se concluíu que a persoa máis idónea para cubrir o posto de traballo de “Xefe/a da Área de Servizos Xerais” é o aspirante J. Centrón Castaños, con D.N.I.**10097**, segundo os motivos expostos no dito Informe de Idoneidade e sintetizado no seu punto IV, o cal se transcribe literalmente: “...á vista da experiencia tanto en labores de coordinación e organización, asesoramento cualificado, apoio e asistencia na toma de decisións como na experiencia técnica nas diferentes materias da Área de Servizos Xerais, desenvolta de acordo cos principios éticos e de conduta regulados no EBEP, así como en planificación e xestión estratéxica en materia de fondos europeos e de obra pública municipal de gran entidade, xunto coa posibilidade dunha do desenvolvemento da tarefa de planificación a medio e longo prazo da Área así como por contar coa titulación con atribucións profesionais nas materias que xestiona a Área de Servizos Xerais considérase que o aspirante J. C. C.- con D.N.I.**10097** no persoal 81985 reúne os maiores requisitos de idoneidade dos candidatos para o desenvolvemento do posto de Xefatura de Área”.

II-FUNDAMENTOS XURÍDICOS

1º.- Marco normativo respecto da provisión de postos e lexislación aplicable.

1.1.-Marco normativo. O artigo 149.18 da Constitución Española establece a competencia exclusiva do Estado sobre as bases do réxime xurídico das Administracións Públicas e réxime estatutario dos seus funcionarios que, en todo caso, garantirán aos administrados un tratamento común ante estas.

A Carta Magna prevé a existencia dunha reserva de lei do estatuto xeral dos funcionarios públicos no seu artigo 103.3, así como o acceso á función pública de acordo cos principios de mérito e capacidade, as peculiaridades do exercicio do seu dereito á sindicación, o sistema de incompatibilidades e as garantías para a imparcialidade no exercicio dos seus funcións. En este sentido a Sentenza do Tribunal Constitucional 99/1987, de 11 de xuño delimita o contido da reserva de lei do estatuto dos funcionarios públicos, declarando:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

“c) En el primer inciso de su art. 103.3 la Constitución ha reservado a la Ley la regulación de la situación personal de los funcionarios públicos y de su relación de servicio o «régimen estatutario», por emplear la expresión que figura en el art. 149.1.18 de la misma Norma fundamental. Es éste, desde luego, un ámbito cuyos contornos no pueden definirse en abstracto y a priori, pero en el que ha de entenderse comprendida, en principio, la normación relativa a la adquisición y pérdida de la condición de funcionario, a las condiciones de promoción en la carrera administrativa y a las situaciones que en ésta puedan darse, a los derechos y deberes y responsabilidad de los funcionarios y a su régimen disciplinario, así como a la creación e integración, en su caso, de Cuerpos y Escalas funcionariales y al modo de provisión de puestos de trabajo al servicio de las Administraciones Públicas, ...”

Así, a CE establece a competencia exclusiva do Estado respecto ao réxime estatutario dos funcionarios públicos común a todas as Administracións Públicas formulado a través de bases que poderán ser desenvoltas polas Comunidades Autónomas, e en particular sobre un dos aspectos do seu estatuto xurídico, no que aquí nos atinxe, a forma de provisión dos postos de traballo as Administracións Públicas.

A provisión de postos na administración local rexérase pola lexislación básica estatal, sendo de aplicación os preceptos básicos da lexislación sobre función pública previstas no RD-Lex. 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), e función pública local da Lei 7/1985, Reguladora de bases de réxime local (LRBRL) así como aqueles preceptos básicos do RD 781/1986, de 18 abril polo que se aproba o Texto Refundido de Réxime Local.

Tralos preceptos básicos e dada a ausencia de desenvolvemento normativo do TREBEP neste aspecto por parte do lexislador estatal básico, no que atinxe estritamente á provisión de postos de traballo serán de aplicación as previsións en materia de función pública local da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia.

A Lei autonómica en materia de función pública desenvólvese regulamentariamente en materia de mobilidade e provisión mediante o Decreto 151/2022, de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos de mobilidade do persoal funcionario de carreira da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico, aplicable segundo o seu precepto 2.2 ao persoal funcionario de carreira da Administración Local no non reservado á lexislación do Estado, e sen prexuízo da aplicación da lexislación específica para o persoal funcionario de Administración local con habilitación con carácter nacional, e vén a colmar as lagunas existentes na lexislación autonómica derogando en particular dos artigos 1 al 17 e Disposición Transitoria Terceira do Decreto 93/1991, de 20 de marzo. Pola súa banda, resulta igualmente de aplicación supletoria o RD 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado. Trala normativa legal e regulamentaria de carácter estatal e autonómico o réxime xurí-

dico verá determinado polos regulamentos e ordenanzas locais e acordos e pactos reguladores das condicións de traballo dos funcionarios (Acordo regulador de condicións económicas e sociais funcionarios do Concello de Vigo e Convenio colectivos dos empregados integrados no cadro de persoal do Concello de Vigo aprobado polo pleno en sesión de data 28/12/1998).

2º -Libre Designación (LD) como sistema de provisión de postos. O artigo 101 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local establece que: *“Los puestos de trabajo vacantes que deban ser cubiertos por los funcionarios a que se refiere el artículo anterior se proveerán en convocatoria pública por los procedimientos de concurso de méritos o de libre designación, de acuerdo con las normas que regulen estos procedimientos en todas las Administraciones públicas. En dichas convocatorias de provisión de puestos de trabajo, además de la participación de los funcionarios propios de la entidad convocante, podrán participar los funcionarios que pertenezcan a cualquiera de las Administraciones públicas, quedando en este caso supeditada la participación a lo que al respecto establezcan las relaciones de puestos de trabajo”.*

No RD-Lex. 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o TREBEP, establécense no seu art. 78 os Principios e procedementos de provisión de postos de traballo do persoal funcionario de carreira:

“1. Las Administraciones Públicas proveerán los puestos de trabajo mediante procedimientos basados en los principios de igualdad, mérito, capacidad y publicidad.

2. La provisión de puestos de trabajo en cada Administración Pública se llevará a cabo por los procedimientos de concurso y de libre designación con convocatoria pública.

3. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo del presente Estatuto podrán establecer otros procedimientos de provisión en los supuestos de movilidad a que se refiere el artículo 81.2, permutas entre puestos de trabajo, movilidad por motivos de salud o rehabilitación del funcionario, reingreso al servicio activo, cese o remoción en los puestos de trabajo y supresión de los mismos.”

No artigo 80 do mesmo RD-Lex., establécese a libre designación con convocatoria pública do persoal funcionario de carreira:

“1. La libre designación con convocatoria pública consiste en la apreciación discrecional por el órgano competente de la idoneidad de los candidatos en relación con los requisitos exigidos para el desempeño del puesto.

2. Las leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo del presente Estatuto establecerán los criterios para determinar los puestos que por su especial responsabilidad y confianza puedan cubrirse por el procedimiento de libre designación con convocatoria pública.

3. El órgano competente para el nombramiento podrá recabar la intervención de especialistas que permitan apreciar la idoneidad de los candidatos.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

4. Los titulares de los puestos de trabajo provistos por el procedimiento de libre designación con convocatoria pública podrán ser cesados discrecionalmente. En caso de cese, se les deberá asignar un puesto de trabajo conforme al sistema de carrera profesional propio de cada Administración Pública y con las garantías inherentes de dicho sistema”.

E na Disposición Transitoria 8ª: Aplicación do artigo 84.3. “De acuerdo con lo previsto en la disposición final cuarta, las previsiones contenidas en el artículo 84.3 en relación con la forma de proceder en los supuestos de cese en puesto de libre designación, resultarán de aplicación en las Administraciones Públicas en las que se hayan aprobado la correspondiente ley de desarrollo”.

-Na Lei 2/2015, de 29 de abril, (LEPG), contempla no seus artigos:

- Art. 88-Principios xerais:

“1. Los puestos de trabajo reservados al personal funcionario de carrera se proveerán de forma ordinaria por el procedimiento de concurso, ordinario o específico, o de libre designación con convocatoria pública, de acuerdo con lo que figure en la relación de puestos de trabajo y con respeto a los principios de igualdad, mérito, capacidad y publicidad.

2. Las convocatorias para proveer puestos de trabajo por el procedimiento de concurso, ordinario o específico, o de libre designación, así como las respectivas resoluciones, han de ser hechas públicas en el diario oficial correspondiente por el órgano competente para efectuar las adjudicaciones de los puestos”.

- Artigo 92-Libre designación con convocatoria pública.

“1. La libre designación con convocatoria pública consiste en la apreciación discrecional por el órgano competente de la idoneidad de los candidatos en relación con los requisitos exigidos para el desempeño del puesto.

2. Solamente pueden proveerse por el procedimiento de libre designación con convocatoria pública entre personal funcionario de carrera las vicesecretarías generales, las subdirecciones generales o equivalentes, las secretarías de altos cargos y, excepcionalmente, aquellos puestos de trabajo de especial responsabilidad o cualificación profesional que se determinen en las relaciones de puestos de trabajo. Los puestos clasificados como de libre designación estarán sometidos a disponibilidad horaria en los términos que se establezcan reglamentariamente.

3. Las convocatorias para la provisión de puestos por libre designación incluirán los siguientes datos:

- a) La identificación del puesto.*
- b) Los requisitos necesarios para participar en la convocatoria.*

4. *El órgano competente para la adjudicación de los puestos puede solicitar la intervención de especialistas que permitan apreciar la idoneidad de los candidatos.*

5. *En los supuestos de provisión por el procedimiento de libre designación de puestos de trabajo abiertos a personal funcionario docente en las relaciones de puestos de trabajo, cualquiera que sea el cuerpo al que pertenezca, o al cuerpo de inspectores al servicio de la Administración educativa, este personal tendrá derecho a reserva del puesto de trabajo docente o de la función inspectora de procedencia, siempre que lo haya ocupado con carácter definitivo”.*

- *Artigo 93. Toma de posesión dos postos de traballo provistos por concurso ou por libre designación.*

“1. La toma de posesión de los puestos de trabajo provistos por concurso o por libre designación deberá producirse en el plazo que reglamentariamente se determine.

2. El personal funcionario de carrera que no tome posesión del puesto de trabajo adjudicado en el plazo establecido decaerá en los derechos que le pudiesen corresponder y, en su caso, será declarado en la situación de excedencia voluntaria por interés particular, en los términos que reglamentariamente se determinen”.

- *Artículo 95. Cese nos postos de traballo provistos por libre designación.*

“1. El personal funcionario de carrera que accedió a su puesto de trabajo por el procedimiento de libre designación puede ser removido discrecionalmente.

2. La persona removida tiene derecho a que se le asigne un puesto de trabajo mediante el procedimiento de adscripción provisional previsto en el artículo 97 de la presente ley”.

III-SOMETEMENTO Á PRECEPTIVA FISCALIZACIÓN PREVIA DA PROPOSTA DE ACORDO.

Será preceptiva a fiscalización previa de gasto conforme ó establecido no RD-Lex. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (artigos 213 a 223) e RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula réxime xurídico de control interno nas entidades do sector público local, dado que resulta susceptible de xerar obrigas económicas a futuro para o Concello de Vigo. Polo cal, o presente expediente electrónico será sometido á fiscalización da Intervención Xeral Municipal. O artigo 214 do R.D Lexislativo 2/2004 citado, establece que:

Ámbito de aplicación e modalidades de exercicio da función interventora.

“1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de dere-



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

chos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. *El ejercicio de la expresada función comprenderá:*

a) *La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.*

b) *La intervención formal de la ordenación del pago.*

c) *La intervención material del pago.*

d) *La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones”.*

Consta Informe de fiscalización da convocatoria e bases de data 17/03/2023 (trámite 18) onde se conclúe que: “...esta intervención fiscaliza de conformidade á proposta contida no expediente de referencia, lembrando que conforme á doutrina do Tribunal Supremo é preciso motivar de forma específica os nomeamentos por libre designación indicando os méritos concretos que se consideraron máis importantes e que lle levaron a optar por un determinado aspirante...”. Resulta, por tanto, preceptiva a fiscalización previa da presente proposta.

IV-PROCEDIMIENTO.

O procedemento da provisión do posto por libre designación rexerá polo establecido nas Bases da convocatoria e no marco normativo de aplicación relacionado nos Fundamentos Xurídicos da presente proposta.

V-COMPETENCIA.

O órgano competente para resolver o procedemento obxecto do presente expediente é a Xunta de Goberno Local, ao abeiro do artigo 127.1, apartado h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En base ao exposto elévase á Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Municipal, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMERO: Resolver a convocatoria para a provisión con carácter definitivo mediante Libre Designación (LD) do posto de traballo vacante “Xefe/a da Área de Servizos Xerais”, e que de seguido relacionase:

- Denominación do posto: “Xefe/a da Área de Servizos xerais”.
- Servizo no que se adscribe: Área de Servizos xerais e Vías e Obras (440).

- Referencia do posto (Ref. Posto) na RPT: 4400101
- Escala: Administración Especial (AE)
- Subescala: Técnica Superior
- Grupo: A. subgrupo: A1
- Forma de provisión: Libre designación (LD)
- Titulación: 1

SEGUNDO.- Nomear con cargo ao posto de traballo de “Xefe/a da Área de Servizos Xerais”, obxecto da presente convocatoria, ao funcionario de carreira **D. J. Centrón Castaños**, con D.N.I.**10097**, segundo a motivación contida no Informe de Idoneidade de data 21/02/2024, asinado polo TAX, o Xefe dos Servizos Xurídicos da Área de Servizos Xerais e polo Xefe da Área de Investimentos, trámite 157 do expediente de referencia.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación no BOP de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na Sede electrónica do Concello de Vigo da presente resolución, notificándose igualmente aos aspirantes ao posto de traballo convocado.

CUARTO.- Indicar que, consonte ás Bases, o prazo de toma de posesión no novo destino será de 3 días hábiles, si se trata de postos de traballo da mesma localidade, ou de 1 mes, si se trata de primeiro destino ou de postos de traballo en localidade distinta.

Contra a presente Resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(195).- NOMEAMENTO DUNHA FUNCIONARIA DE CARREIRA CON CARGO Á PRAZA VACANTE DE ENXEÑEIRA TÉCNICA FORESTAL (A2) OEP 2017-2018-2019. EXPTE. 43365/220.

Visto o informe de fiscalización do 18/03/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/03/2024, asinado pola técnica media de relacións laborais e o técnico de administración xeral, e conformado pola xefa da Área de RRHH e Formación, a concelleira-delegada de RRHH e Formación e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

I.- A convocatoria e bases específicas das ofertas de emprego público 2017, 2018, 2019 (3ª fase da convocatoria (BOPPO 20 de setembro de 2022) incluía unha praza de enxeñeira/o técnica/o forestal (A2), pola quenda libre.

II.- En sesión de data 21/12/2023, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de enxeñeira/o técnica/o forestal (A2), pola quenda libre, acordou:

*"(...)Propoñer o nomeamento como funcionaria de carreira con cargo á praza de Enxeñeira/o técnica/o forestal, grupo A, subgrupo A2, escala Administración especial, subescala técnica, contida na 3ª fase da Oferta de Emprego Público 2017-2018-2019 (quenda libre), a Paula Rivera García, DNI ***3164**(...)"*

III.- A publicación do anuncio foi realizada na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios en data 21/12/2023.

IV.- Consta informe de verificación administrativa segundo o cal a persoa proposta, presentou en prazo a documentación necesaria segundo o previsto nas bases.

V.- Consta informe de verificación de datos de data 29/02/2024 segundo o cal, *"Solicitados datos respecto das prazas vacantes existentes a día de hoxe como **Enxeñeiro/a técnico/a forestal**, persoal funcionario, no Concello de Vigo, foron revisadas as mesmas na aplicación de Ginpix7.*

Da devandita comprobación, salvo erro ou omisión, constan os seguintes datos:

- Servizo de Montes, parques e xardíns (446), Posto 349 – Enxeñeiro/a técnico/a forestal, dotación 1 – figura vacante na data de sinatura dixital.

- Servizo de Dirección de Ingresos (500), Posto 349 – Enxeñeiro/a técnico/a forestal, dotación 2 – creada con posterioridade a OEP 2017 – 2018 – 2019 (orçamento 2023), figura vacante na data de sinatura dixital."

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- **Normativa de aplicación.**- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

“FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.” A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

6.- O proxecto, unha vez redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos don David Pardiñas Lamas, por encargo de Adif-Alta Velocidad, foi remitido ao concello de Vigo, que o aprobou en sesión de 10 de outubro de 2019.

7.- Con data de 10 de agosto de 2020, a Xunta de Goberno Local acordou adxudicar o contrato para a execución dos citados proxectos á UTE ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.–NAROM, S.L, por un prezo total de 9.235.486,70 euros, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

8.- Adxudicado o contrato, con data 28 de agosto de 2020, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos resolveu nomear como titulares da Dirección Facultativa das citadas obras á Enxeñeira Industrial dona Begoña Arranz González e ao Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos don Xacobe Paz Salgado. O 4 de setembro de 2020 formalizouse o contrato para a execución das obras e o 2 de outubro de 2020 asinouuse a acta de comprobación do replanteo, dando comezo as obras ao día seguinte.

9.- Con data 27 de xaneiro de 2021, a Dirección Facultativa da obra,emitiu informe solicitando o inicio do expediente de modificación nº 1 do proxecto de obras, con posibilidade de modificación da base económica inicial do proxecto, e o 27 de xaneiro de 2021 o Segundo Tenente de Alcalde e Conselleiro Delegado do Área de Fomento e Servizos resolveu autorizar o inicio do expediente ao indicado fin.

10.- Coa mesma data de 27 de xaneiro de 2021 a Dirección Facultativa da obra solicitou a conformidade do órgano de contratación para a continuación provisional das obras referentes ao modificado nº1, que, coa mesma data, foi autorizada polo concelleiro da Área de Fomento, por delegación da Xunta de Goberno Local, nos termos da proposta da dirección facultativa de data 27 de xaneiro de 2021.

11.- Este modificado núm. 1 obedeceu as condicións xeotécnicas reais do solo e as condicións do encontro coas obras da contorna.

O proxecto de obras inclúe no seu orzamento sendas partidas destinadas á realización de recoñecementos xeotécnicos complementarios en fase de obra para caracterizar de maneira axeitada as condicións reais do terreo existente. Os resultados da campaña xeotécnica complementaria evidenciaron que no túnel de Lepanto, había un ámbito no que o teito de rocha situábase por riba da rasante e que en máis zonas dos túneles de Lepanto e de acceso a estación intermodal o nivel da rocha aparecía máis alto do previsto no proxecto, o que obrigaba a redefinir tanto as unidades de obra relativas a movementos de terra como as tipoloxías de pilotes. Igualmente, no ámbito do cuarto técnico subterráneo, os resultados da campaña xeotécnica caracterizaron a parte superior do terreo coma un recheo antrópico duns 4,5 m. de espesor, o cal, dada a proximidade do acceso provisional ao aparcamento da

estación, imposibilitaba a escavación en noiro prevista no proxecto e determinaba a necesidade de executar en primeiro lugar un muro de micropilotes ao amparo do cal realizar a escavación.

Por outra parte, a Xunta de Goberno Local, coa conformidade da Xunta de Galicia e de Adif-Alta Velocidad, aprobou o 2 de outubro de 2020 o proxecto de “Remodelación da Contorna da rúa Baixada á Estación”. Dita actuación estaba prevista na addenda ao Convenio para a perfecta resolución do sistema viario da estación intermodal e a súa execución obrigou, para garantir a fluidez do tráfico local, a redefinir a embocadura do túnel da rúa Lepanto de acceso á AP-9, que figuraba na remodelación da praza da Estación.

Asi mesmo, a nova conexión da estación de ferrocarril e do centro comercial Vialia mediante unha infraestrutura ciclista e a necesidade de resolver adecuadamente a vialidade urbana para este modo de transporte, obrigou a un axuste no trazado do acceso a estación intermodal e do emprazamento da nova pasarela a fin de darlle continuidade pola marxe contraria da autoestrada e asegurar a permeabilidade transversal na zona con accesibilidade universal por ambas marxes.

Por último, a necesidade de facer compatible as solucións de reposición dos servizos urbanos afectados co resto de obras en marcha (a propia obra e as obras da Estación de Autobuses, do Centro Vialia e da Remodelación da rúa Baixada á Estación), fixo necesario reaxustar as solucións previstas no proxecto, de xeito que se independizasen o máximo posible os ámbitos afectados polas ditas obras, e modificar os paneis de sinalización variable previstos no proxecto e necesarios para compatibilizar o desenvolvemento das distintas obras.

As ditas modificacións foron as estritamente indispensables para responder ás causas obxectivas que as fixeron necesarias e, destas, unhas obedeceron a circunstancias recollidas no prego de cláusulas administrativas particulares do contrato e implicaron un incremento do prezo deste nun 2,3 por cento. As demais foron modificacións non previstas no dito prego, de carácter non substancial, de acordo co indicado no apartado 2.c) do artigo 205 da LCSP pois con estas modificacións non so non se superou o 15% do prezo inicial do contrato senón que se reduciu este nun 2,90 por cento. Polo demais, segundo consta no expediente, tales modificacións non previstas non introduciron condicións que, de ter figurado no procedemento de contratación inicial, haberían permitido a selección de candidatos distintos dos seleccionados inicialmente ou a aceptación dunha oferta distinta á aceptada inicialmente, nin haberían atraído a máis participantes no procedemento de contratación, nin requiriron clasificación do contratista diferente á da licitación orixinal, nin introduciron unidades de obra novas que representasen máis do 50 por cento do orzamento inicial do contrato —supuxeron o 18,19%—, nin ampliaron o ámbito do contrato, nin se encontraban as novas obras propostas no ámbito doutro contrato iniciado.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

As modificacións do contrato supuxeron unha diminución do prezo do mesmo no 0,87 por cento, que sumado ao 0,86 por cento do exceso de medicións, que se reflectiron na modificación, en aplicación do artigo 160 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos, supuxeron unha diminución do prezo inicial do contrato no 0,1 por cento.

A Xunta de Goberno Local aprobou esta primeira modificación do contrato en sesión de 30 de xullo de 2021 e todas as actuacións para a aprobación da mesma constan no expediente administrativo que foi remitido ao Consello Consultivo de Galicia para a emisión do seu ditame.

12.- Con data 30 de novembro de 2021 a Dirección da obra emitiu informe no que solicitou o inicio de expediente para unha segunda modificación do proxecto.

A razón da dita modificación é a de que:

«Durante os traballos de escavación no treito de conexión da AP9 coa estación intremodal, detectáronse materiais cuxo aspecto (material granular por zonas con aspecto metálico de escorias e carbonilla) difería do previsto nos estudos de caracterización xeotécnica dos solos do proxecto, e que poderían impedir a súa xestión según o previsto no proxecto para os excedentes de terras (traslado a vertedoiro como residuo inerte).

Á vista das citadas circunstancias, solicitouse unha caracterización dos residuos de extracción de solos para analizar a súa posible admisión en vertedoiro, elaborándose o “Informe de clasificación de los residuos no movilizadados para su admisión en vertedero, de las obras de remodelación del enlace del PK 5+000 de la autopista AP-9V en Vigo”, de data agosto de 2021.

No citado Informe analizaronse diferentes parámetros físico-químicos (COT, CAVs, PAHs, PCBs, hidrocarburos, ensaios lixiviado, etc.) para as mostras obtidas nas 16 catas realizadas no ámbito da escavación no treito de conexión da AP9 coa estación intermodal.

Trala análise dos resultados e a avaliación das características de perigosidade dos materiais segundo os criterios de admisión recollidos no R.D. 646/2020 polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro, confírmase a presenza de materiais que impiden a súa xestión mediante traslado a vertedoiro como residuo inerte, ao detectarse a presenza de residuos perigosos, así coma residuos non perigosos- non inertes.

En base ao anterior, resulta necesario prever a xestión dos materiais excedentes da escavación das terras no treito de conexión da AP9 coa estación intermodal como terras contaminadas.

Así mesmo, débense prever as medidas necesarias para conter adecuadamente o fronte dos taludes resultantes da citada escavación, de xeito que se confine adecuadamente o material e se impidan escorras que poidan afectar negativamente á contorna».

O concelleiro delegado de Área de Fomento e Servicios, en resolución de 30 de novembro de 2021, resolveu aprobar o inicio do expediente para a modificación núm. 2 do proxecto e con data de 26 de decembro de 2021 a concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, en substitución do concelleiro delegado da área de Fomento e Servizos, por delegación da Alcaldía de 13 de decembro de 2021, resolveu autorizar á continuidade provisional das obras do proxecto modificado n.º 2, nos termos da proposta técnica da Dirección facultativa de data 16.12.2021.

Nesta proposta técnica a Dirección Facultativa da obra estima o importe máximo da modificación nun 14,94% e informa que, se ben a circunstancia que determina a modificación atópase prevista no PCAP do contrato como habilitante da mesma, toda vez que esta require da introdución de novas unidades de obra e prezos unitarios non previstos no contrato, a modificación debe tramitarse como non prevista no PCAP do contrato, comprendida nos supostos que, como habilitantes destas modificacións, regula o artigo 205 LCSP.

As unidades de obra que sería necesario incluír no proxecto modificado nº 2 se resumen nas que seguen:

- A xestión de solos contaminados non detectados nos estudos xeotécnicos efectuados durante a redacción del proxecto.
- E o tratamento e protección ante contaminación por solos adxacentes do noiro resultante do desmonte final do eixe 14.

Canto ao interese público determinante da necesidade da continuación provisional das obras infórmase que:

«A suspensión temporal das obras durante a tramitación da modificación, ocasionaría un grave prexuízo para o interese público, xa que a execución de dito ramal posibilitará a posta en servizo do acceso ao aparcamento da estación de ferrocarril e Centro Vialía dende a AP9, e permitirá igualmente a entrada e saída do tráfico pesado de mercancías con destino ao Centro Vialía a través do acceso a peirao de carga previsto no eixo 14. A indispoñibilidade de ambos accesos (aparcamento para vehículos lixeiros con destino ao Centro Vialía e estación de ferrocarrís; e peirao de carga para o tráfico pesado de mercancías para o Centro Vialía) está a ocasionar graves problemas de conxestión do tráfico no casco urbano, causando prexuízos á cidadanía, así como na explotación do resto das actuacións previstas no “Convenio entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a Entidade Empresarial Adif – Alta Velocidade para a



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

execución das obras dos accesos e nova vialidade urbana da contorna da Estación Intermodal de Vigo". Ademais, a demora na execución das obras retrasa a reposición do corte de tráfico que afecta ao acceso da AP9 ao centro da cidade a través da rúa Alfonso XIII».

13.- Porén e tras o reinicio dos traballos unha vez autorizada a súa continuidade o 26 de decembro de 2021, a retirada de residuos veuse paralizada en febreiro de 2022 debido á detección de fortes olores a hidrocarburos nos materiais que se estaban retirando. Isto obrigou a unha nova caracterización de materiais no tramo final do eixo 14, que revelou unha maior extensión de terras con presenza de sustancias (metais) en concentracións que supoñen toxicidade aguda para o medio ambiente acuático.

Tras a consideración dos resultados destas últimas analíticas, recollidos no informe emitido pola Asistencia Técnica á Dirección de Obra, con data 15 de xuño de 2022, a Dirección de Obra evaluou o incremento de medición e o impacto económico que se xera no conxunto da modificación nº 2, que pasou del 14,94% previsto ao 22,93%, con respecto ao importe de adjudicación e o Grupo de Traballo Paritario, encargado do seguimento continuo das actuacións, formado por técnicos da Consellería de Infraestruturas e Mobilidades, Adif-alta Velocidad e Concello de Vigo, con datas 23 e 27 de xuño de 2022, informou favorablemente esta modificación nº 2 por entender que responde a funcionalidade e criterios do convenio.

14.- Pola Dirección Facultativa da obra, en data 29 de xuño de 2022, asínouse este proxecto modificado nº 2 das obras de "REMODELACIÓN DO ENLACE DO P.Q. 5+000 DA AUTOESTRADA AP-9V. TREITOS: CONEXIÓN ESTACIÓN INTERMODAL-AP-9, TÚNEL DE LEPANTO-AP-9 E INSTALACIÓNS E BALIZAMENTOS", por un importe líquido adicional de 2.118.829,51 € (22,94%), por causas xustificadas, non previstas no PCAP do contrato, contempladas no artigo 205.2.b) da LCSP, e con data 30 de xuño de 2022 a dirección emitiu informe técnico respecto deste proxecto modificado nº2, no seguinte senso:

«(...)

II.- MODIFICACIÓNS

Neste apartado inclúense as modificacións contidas no proxecto modificado nº 2.

II.1. Modificacións derivadas da existencia de solos contaminados non detectados nos estudos xeotécnicos efectuados durante a fase de redacción do proxecto.

Durante os traballos de escavación no treito de conexión da AP9 coa estación intermodal, detectáronse materiais cuxo aspecto (material granular por zonas con aspecto metálico de escoiras e carbonilla) difería do previsto nos estudos de caracterización xeotécnica dos so-

los do proxecto, e que poderían impedir a súa xestión segundo o previsto no proxecto para os excedentes de terras (traslado a vertedoiro como residuo inerte).

Á vista das citadas circunstancias, solicitouse unha primeira caracterización dos residuos de extracción de solos para analizar a súa posible admisión en vertedoiro, elaborándose o “Informe de clasificación de los residuos non mobilizados para a súa admisión en vertedoiro, de las obras de remodelación del enlace del PQ 5+000 de la autopista AP-9V en Vigo”, de data agosto de 2021.

No citado Informe analizáronse diferentes parámetros físico-químicos (COT, CAVs, PAHs, PCBs, hidrocarburos, ensaios lixiviado, etc.) para as mostras obtidas nas 16 catas realizadas no ámbito da escavación no treito de conexión da AP9 coa estación intermodal.

A zona na que aparecen ditos materiais correspóndese coa escavación entre pantallas a executar no eixo 14, entre os PPQQ 0+230 a 0+350, así coma na escavación en desmonte a executar entre os PPQQ 0+580 a 0+660.

Trala análise dos resultados e a avaliación das características de perigosidade dos materiais seguindo os criterios de admisión recollidos no R.D. 646/2020 polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro, confírmase a presenza de materiais que impiden a súa xestión mediante traslado a vertedoiro como residuo inerte, ao detectarse a presenza de residuos perigosos, así coma residuos non perigosos- non inertes.

Posteriormente, ao realizar o desbroce no ámbito final da conexión coa AP9 coa estación intermodal, detectáronse materiais dun aspecto similar aos anteriores, entre os PPQQ 0+660 a 0+690 do eixo 14, e entre os PPQQ 0+230 a 0+280 do eixo 20, polo que se solicitou unha nova caracterización dos residuos para analizar a súa posible admisión en vertedoiro, elaborándose o “Informe de clasificación de los residuos para a súa admisión en vertedoiro, das obras de remodelación del enlace del PK 5+000 de la autopista AP-9V en Vigo”, de data xuño de 2022, confirmándose igualmente a presenza de materiais que impiden a súa xestión mediante traslado a vertedoiro como residuo inerte, ao detectarse nese ámbito residuos non perigosos- non inertes.

En base ao anterior, resulta necesario prever a xestión dos materiais excedentes da escavación das terras no treito de conexión da AP9 coa estación intermodal como terras contaminadas.

Vese alterado por estas modificacións os seguintes subcapítulos do orzamento:

- 01.07 Tramo Conexión intermodal -AP9, Xestión de Residuos

Así mesmo, débense prever as medidas necesarias para conter adecuadamente a fronte dos noiros resultantes da citada escavación, de xeito que se confine adecuadamente o material e se impidan escorrentías que poidan afectar negativamente á contorna. O tratamento



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

en cuestión deseñase no desmonte do eixo 14 a partir do PPQQ 0+580 e entre os PPQQ 0+230 a 0+280 do eixo 20 onde se prevé executar un revestimento de impermeabilización e tratamento de cobertura do noiro, así como execución de drenaxe perimetral na cabeza do noiro que minimize as achegas de augas de escorrentía polo noiro.

Vese alterado por estas modificacións os seguintes subcapítulos do orzamento:

- *01.09 Tramo Conexión intermodal -AP9, Obras Complementarias.*

III.- OBXECTIVO E PROPOSTA DA MODIFICACIÓN

En relación ao alcance das modificacións expostas, o PCAP que rexe a contratación das obras recolle no seu Anexo I (Folla de especificacións do contrato), Punto 14 a posibilidade de modificación do contrato, indicándose no seu apartado C), as circunstancias que determinan a modificación, contemplándose as seguintes:

- *Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto.*
- *A necesidade de resolver adecuadamente a relación ou encontro das obras obxecto deste contrato coa nova Estación Intermodal de Vigo (que inclúe a Estación de Ferrocarril, a Terminal de Autobuses e o Centro Comercial Vialia) e deste modo acadar unha imaxe do conxunto de actuacións, de conformidade coas solucións aprobada definitivamente polas entidades competentes para cada unha das obras.*

A vista destas circunstancias expostas débese indicar que aínda que o PCAP regula a posibilidade de modificación do contrato, a proposta que se xustifica non pode considerarse como causa incluída no PCAP, ao derivarse de circunstancias sobrevenidas e imprevisibles no momento que tivo lugar a licitación do contrato, no sentido indicado no apartado 2.b) do artigo 205 da LCSP cumpríndose:

- *Que a necesidade de modificación se derive de circunstancias que unha Administración dilixente non puidera prever. As modificacións propostas responden a circunstancias imprevisibles, xa que xorden a consecuencia da existencia de solos contaminados soterrados non detectados na fase de redacción do proxecto nun ámbito non declarado como solo contaminado, e que impiden darlle a xestión prevista como inertes. Ademais, estes terreos non son de titularidade municipal, polo que en ningún caso podería esta Administración ter coñecemento da existencia desta contaminación, nen foi posto en coñecemento da Administración a existencia destes solos alterados.*
- *Que a modificación non altera a natureza global do contrato.*

- *As modificacións implican unha alteración na cuantía do contrato que non excede do 50% do prezo inicial, IVE excluído (supoñen un 22,93%).*

As citadas modificacións estímase non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e son de interese para unha adecuada solución do obxecto da obra contratada, sendo esixidas en xeral por circunstancias sobrevenidas e imprevisibles no momento da licitación -existencia de solos contaminados soterrados non detectados na fase de redacción do proxecto-, cuxa caracterización determina a obriga de xestionalos como residuos non inertes.

IV.- PROPOSTA DE VARIACIÓN DE UNIDADES DO PROXECTO RELATIVO ÚNICAMENTE A ALTERACIÓN DAS MEDICIÓNS REAIS EXECUTADAS

O artigo 160.2 da RD 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas indica:

- 1. Só poderán introducirse variacións sen previa aprobación cando consistan na alteración no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que non representen un incremento do gasto superior ó 10 por 100 do prezo primitivo do contrato, imposto sobre o valor engadido excluído.*
- 2.- As variacións mencionadas no punto anterior, respectando en todo caso o límite previsto nel, iranse incorporando ás relacións valoradas mensuais e deberán ser recollidas e aboadas nas certificacións mensuais, conforme o prescrito no artigo 145 da lei, ou con cargo ao crédito adicional do 10 por 100 a que alude a disposición adicional décimo cuarta da lei, na certificación final á que se refire o artigo 147.1 da lei, unha vez cumpridos os trámites sinalados no artigo 166 desde regulamento. Non obstante, cando con posterioridade ás mesmas houbera necesidade de introducir no proxecto modificacións das previstas no artigo 146 da lei, deberán ser recollidas tales variacións na proposta que se elabore, sen necesidade de esperar para facelo á certificación final citada”.*

Coas modificacións introducidas no presente proxecto modificado nº 2 non se precisan variacións de unidades relativas ao incremento/diminución de medición das unidades existentes conforme ao artigo 242.4i) da LCSP.

V.- DESGLOSE DE MODIFICACIÓNS E VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS DO ORZAMENTO

Nos seguintes puntos sinálanse as modificacións estruturadas nos capítulos establecidos no Orzamento do Proxecto.

1 Tramo Conexión intermodal - AP9



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

1.1 Movemento de terras

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

1.2 Drenaxe

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

1.3 Estruturas

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

1.4 Túneles

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

1.5 Afirmado

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

1.6 Sinalización, balizamento e defensas

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

1.7 Xestión de residuos

Inclúese neste capítulo unha nova unidade de obra (con novo prezo unitario) para a correcta xestión dos materiais excedentes da escavación das terras no treito de conexión da AP9 coa estación intermodal como terras contaminadas.

CÓDIGO	UD	RESUMEN	PRECIO	MEDIC. OBRA	IMPORTE E.M.
PN01.Mod 2	t	Gestión de Suelos Contaminados	93,46	19.539,93	1.826.201,86

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:

UNIDAD DE OBRA				PROYECTO MODIFICADO Nº1		PROYECTO MODIFICADO Nº2		DIFERENCIA		
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	PRECIO	MEDICIÓN	IMPORTE	MEDICIÓN	IMPORTE	MEDICIÓN	IMPORTE	%S/P EM
01.7		GESTIÓN DE RESIDUOS			78.544,41 €		1.904.746,27 €		1.826.201,86 €	22,20 %
11.100	t	GESTIÓN DE RNP NO PÉTREOS	10,83 €	56,00	606,48 €	56,00	606,48 €	0,00	0,00 €	0,00%
11.200	t	GESTIÓN DE RNP PÉTREOS	7,65 €	9.120,90	69.774,89 €	9.120,90	69.774,89 €	0,00	0,00 €	0,00%
11.300	t	GESTIÓN DE RP	327,57 €	24,92	8.163,04 €	24,92	8.163,04 €	0,00	0,00 €	0,00%
PN01.Mo d2	t	GESTIÓN DE SUELOS CONTAMINADOS	93,46 €	0,00	0,00 €	19.539,93	1.826.201,86 €	19.539,93	1.826.201,86 €	22,20 %

1.8 Situacións provisionais

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

1.9 Obras Complementarias

Inclúese neste capítulo as novas unidades de obra (con novos prezos unitarios) para conter adecuadamente a fronte dos noiros resultantes da escavación dos materiais contaminados, de xeito que se confinen adecuadamente os restantes e se impidan escorras que poidan afectar negativamente á contorna.

CÓDIGO	UD	RESUMEN	PRECIO	MEDIC. OBRA	IMPORTE E.M.
PN02.Mod 2	m2	Tratamiento para impermeabilización de Talud	29,65	1.647,41	48.845,71
PN03.Mod 2	m3	Extendido de Tierra Vegetal procedente de préstamo	6,75	444,42	2.999,86
PN04.Mod 2	m2	Hidrosiembra con mezcla de semillas herbáceas	1,12	1.481,41	1.659,18
PN05.Mod 2	ml	Cuneta Tipo 4 de guarda trapezoidal en cabeza de talud	44,16	166,00	7.330,56

En canto ao balance resultante de aumentos e reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:

UNIDAD DE OBRA				PROYECTO MODIFICADO Nº1		PROYECTO MODIFICADO Nº2		DIFERENCIA		
CÓDIGO	UD	DESCRIPCIÓN	PRECIO	MEDICIÓN	IMPORTE	MEDICIÓN	IMPORTE	MEDICIÓN	IMPORTE	%S/PEM
01.9		OBRAS COMPLEMENTARIAS			174.833,55 €		235.668,86 €		60.835,31 €	0,74%
01.9.1		CERRAMIENTOS			22.315,57 €		22.315,57 €		0,00 €	0,00%
01.9.2		REVESTIMIENTO TÚNEL			152.517,98 €		152.517,98 €		0,00 €	0,00%
01.9.3		TRATAMIENTO TALUDES EJE 14 PPKK 0+540 y 0+660 Y EJE 20 PPKK 0+230 y 0+280			0,00 €		60.835,31 €		60.835,31 €	0,74%
PN02.Mod d2	m2	Tratamiento para impermeabilización de talud	29,65 €	0,00	0,00 €	1.647,41	48.845,71 €	1.647,41	48.845,71 €	0,59%
PN03.Mod d2	m3	Extendido de Tierra Vegetal procedente de préstamo	6,75 €	0,00	0,00 €	444,42	2.999,86 €	444,42	2.999,86 €	0,04%
PN04.Mod d2	m2	Hidrosiembra con mezcla de semillas herbáceas	1,12 €	0,00	0,00 €	1.481,41	1.659,18 €	1.481,41	1.659,18 €	0,02%
PN05.Mod d2	ml	Cuneta Tipo 4 de guarda trapezoidal en cabeza de talud	44,16 €	0,00	0,00 €	166,00	7.330,56 €	166,00	7.330,56 €	0,09%

1.10 Recoñecementos xeotécnicos complementarios

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

1.11 Integración ambiental

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

1.12 Seguridade e Saude

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

1.13 Varios

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

2 Tramo Conexión Túnel Lepanto - AP9

2.1 Movemento de terras

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

2.2 Drenaxe

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

2.3 Estruturas

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

2.4 Túneles

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

2.5 Afirmado

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

2.6 Sinalización, balizamento e defensas

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

2.7 Xestión de residuos

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

2.8 Reposición de servizos afectados

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

2.9 Situacións provisionais

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

2.10 Obras complementarias

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

2.11 Recoñecementos xeotécnicos complementarios

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

2.12 Integración ambiental

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

2.13 Seguridade e Saude

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

2.14 Varios

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

3 Instalacións e balizamentos

3.1 Sinalización, balizamento e defensas

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

3.2 Instalacións

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

3.3 Seguridade e Saude

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

3.4 Xestión de residuos

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

3.5 Integración ambiental

Mantense o importe do proxecto modificado nº 1.

VI.- ORZAMENTO

Para a creación dos prezos contraditorios recollidos no presente proxecto modificado nº 2, tomáronse os prezos referidos á data de licitación das obras e determináronse coas mesmas bases que as do proxecto aprobado.

As variacións recollidas no presente modificado Nº 2 son debido a modificacións non previstas no PCAP, ao derivarse de circunstancias sobrevenidas e imprevisibles no momento da licitación -pola existencia de solos contaminados soterrados non detectados na fase de redacción do proxecto-, e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias para responder a ditas causas obxectivas.

A totalidade das modificacións propostas neste expediente, cuantitativamente resultan nun incremento presupuestario do 22,94% respecto ao proxecto modificado nº1, como se resume na seguinte táboa:

Código	Descrición de los trabajos	Proyecto Primitivo	Modificado Nº1	Modificado Nº2	Modificacións sg. art.205.2.b)	%
---------------	-----------------------------------	---------------------------	-----------------------	-----------------------	---------------------------------------	----------



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

1	TRAMO: CONEXIÓN ESTACIÓN INTERMO-DAL - AP-9	3.673.958,52	3.686.212,71	5.573.249,87	1.887.037,16	22,94
1.1	MOVIMIENTOS DE TIERRAS	495.196,09	538.668,14	538.668,14	0,00	0,0%
1.2	DRENAJE	82.944,98	82.944,98	82.944,98	0,00	0,0%
1.3	ESTRUCTURAS	279.443,80	397.321,59	397.321,59	0,00	0,0%
1.4	TÚNELES	1.884.813,45	1.722.437,87	1.722.437,87	0,00	0,0%
1.5	AFIRMADO	316.673,69	316.673,69	316.673,69	0,00	0,0%
1.6	SEÑALIZACIÓN, BALIZAMIENTO Y DEFEN-SAS (PROYECTO INDEPENDIENTE)		0,00	0,00	0,00	0,0%
1.7	GESTIÓN DE RESIDUOS	77.992,08	78.544,41	1.904.746,27	1.826.201,86	22,20 %
1.8	SITUACIONES PROVISIONALES	4.161,26	16.888,86	16.888,86	0,00	0,0%
1.9	OBRAS COMPLEMENTARIAS	174.833,55	174.833,55	235.668,85	60.835,30	0,74%
1.10	RECONOCIMIENTOS GEOTÉCNICOS COMPLEMENTARIOS	28.248,60	28.248,60	28.248,60	0,00	0,0%
1.11	INTEGRACIÓN AMBIENTAL	224.416,99	224.416,99	224.416,99	0,00	0,0%
1.12	SEGURIDAD Y SALUD	90.234,03	90.234,03	90.234,03	0,00	0,0%
1.13	VIARIOS	15.000,00	15.000,00	15.000,00	0,00	0,0%
2	TRAMO: CONEXIÓN TÚNEL LEPANTO AP-9	2.636.196,57	2.654.454,10	2.654.454,10	0,00	0,0%
2.1	MOVIMIENTOS DE TIERRAS	88.572,46	167.598,15	167.598,15	0,00	0,0%
2.2	DRENAJE	14.078,12	14.078,12	14.078,12	0,00	0,0%
2.3	ESTRUCTURAS	102.419,04	260.526,34	260.526,34	0,00	0,0%
2.4	TÚNELES	1.547.777,90	1.106.895,57	1.106.895,57	0,00	0,0%
2.5	AFIRMADO	55.635,18	55.635,18	55.635,18	0,00	0,0%
2.6	SEÑALIZACIÓN, BALIZAMIENTO Y DEFEN-SAS (PROYECTO INDEPENDIENTE)		0,00	0,00	0,00	0,0%
2.7	GESTIÓN DE RESIDUOS	12.527,90	18.490,51	18.490,51	0,00	0,0%
2.8	REPOSICIÓN DE SERVICIOS AFECTADOS	416.220,54	586.576,60	586.576,60	0,00	0,0%
2.9	SITUACIONES PROVISIONALES	18.151,50	18.151,50	18.151,50	0,00	0,0%
2.10	OBRAS COMPLEMENTARIAS	284.930,76	330.619,05	330.619,05	0,00	0,0%
2.11	RECONOCIMIENTOS GEOTÉCNICOS COMPLEMENTARIOS	12.986,60	12.986,60	12.986,60	0,00	0,0%
2.12	INTEGRACIÓN AMBIENTAL	26.460,92	26.460,92	26.460,92	0,00	0,0%
2.13	SEGURIDAD Y SALUD	44.435,65	44.435,56	44.435,56	0,00	0,0%
2.14	VIARIOS	12.000,00	12.000,00	12.000,00	0,00	0,0%
3	INSTALACIONES Y BALIZAMIENTOS	1.844.640,62	1.813.470,06	1.813.470,06	0,00	0,0%
3.1	SEÑALIZACIÓN, BALIZAMIENTO Y DEFEN-SAS	600.058,16	568.309,08	568.309,08	0,00	0,0%
3.2	INSTALACIONES	1.212.971,35	1.213.549,87	1.213.549,87	0,00	0,0%
3.3	SEGURIDAD Y SALUD	18.298,20	18.298,20	18.298,20	0,00	0,0%
3.4	GESTIÓN DE RESIDUOS	1.009,60	1.009,60	1.009,60	0,00	0,0%
3.5	INTEGRACIÓN AMBIENTAL	12.303,31	12.303,31	12.303,31	0,00	0,0%
4	DEMOLICIÓN PASO LEPANTO	70.361,82	70.361,91	70.361,91	0,00	0,0%
4.1	MOVIMIENTOS DE TIERRAS	68.600,52	68.600,62	68.600,62	0,00	0,0%
4.2	VIARIOS	1.613,52	1.613,52	1.613,52	0,00	0,0%
4.3	SEGURIDAD Y SALUD	147,78	147,77	147,77	0,00	0,0%

PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN MATERIAL	8.225.157,53	8.224.498,78	10.111.535,94	1.887.037,16	22,94 %
13% GASTOS GENERALES	1.069.270,48	1.069.184,84	1.314.499,67	245.314,83	
6% BENEFICIO INDUSTRIAL	493.509,45	493.469,93	606.692,16	113.222,23	
PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN SIN IVA	9.787.937,46	9.787.153,55	12.032.727,77	2.245.574,22	
I.V.E. 21%	2.055.466,87	2.055.302,25	2.526.872,83	471.570,58	
PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN	11.843.404,33	11.842.455,80	14.559.600,60	2.717.144,80	
BAJA ADJUDICACIÓN 22,019999971%	2.607.917,63	2.607.708,76	3.206.024,05	598.315,29	
PRESUPUESTO LÍQUIDO DE EJECUCIÓN POR CONTRATA	9.235.486,70	9.234.747,04	11.353.576,55	2.118.829,51	

Todas variacións recollidas no presente modificado N° 2 son debido a modificacións non previstas no PCAP por circunstancias sobrevenidas e imprevisibles no momento da licitación, xurdindo a causa da existencia de solos contaminados soterrados non detectados na fase de redacción do proxecto, no sentido indicado no apartado 2.b) do artigo 205 da LCSP.

Cadro resume comparativo:

	Modificado nº1	Modificado nº2	Total	% sobre orixinal
MODIFICACIONES art. 204 LSCP (modificaciónes previstas en el PCAP)	187.777,37 €	0,00 €	187.777,37 €	2,03%
MODIFICACIONES art. 205.2.c) LSCP (modificaciónes no previstas en el PCAP por introducción de nuevos precios)	-268.115,05 €	0,00 €	-268.115,05 €	-2,90%
MODIFICACIONES art. 205.2.b) LSCP (modificaciónes no previstas en el PCAP por circunstancias sobrevenidas e imprevisibles)	0,00 €	2.118.829,51 €	2.118.829,51 €	22,94%
VARIACIONES DE MEDICIÓN art. 242.4i LSCP	79.598,02 €	0,00 €	79.598,02 €	0,86%
TOTAL	-739,66 €	2.118.829,51 €	2.118.089,85 €	22,93%

VII.- AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

As obras comezaron o 03/10/2020 cun prazo de execución de 17 meses. En data 23/02/2022 autorizase unha ampliación de prazo de 4 meses. En data 23/06/2022 autorízase unha nova ampliación de prazo de 3 meses. Polo tanto o prazo total das obras é de 24 meses, tal como se establece no proxecto modificado nº 2, e por tanto non resulta necesario ampliar o prazo de execución.

VIII.- CONCLUSIONES

As citadas modificacións, propostas no presente Modificado nº 2 das obras do **“REMEDIACIÓN DO ENLACE DO P.Q. 5+000 DA AUTOESTRADA AP-9V. TREITOS: CONEXIÓN ESTACIÓN INTERMODAL-AP-9, TÚNEL DE LEPANTO-AP-9 E INSTALACIÓNS E BALIZAMENTOS”**, se estiman que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial, que son de interese público, xa que permiten levar a cabo en condicións adecuadas a execución da obra. Asemade considérase o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria de este, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

As citadas modificacións propostas non foron previstas no PCAP e se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias para responder a causa obxectiva da existencia de solos contaminados soterrados non detectados na fase de redacción do proxecto. Ditas modificacións derívanse de circunstancias sobrevenidas e imprevisibles no momento que tivo lugar a licitación do contrato, no sentido indicado no apartado 2.b) do artigo 205 da LCSP, xa que a necesidade de modificación se deriva de circunstancias que unha Administración dilixente no houbera podido prever (xorden a consecuencia da existencia de solos contaminados soterrados non detectados na fase de redacción do proxecto, nun ámbito non declarado como tal), non alteran a natureza global do contrato, nin supoñen unha alteración na contía do contrato que exceda do 50% do prezo inicial, IVE excluído (supón o 22,93%).

Tódalas modificacións estímase non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e son de interese para unha adecuada solución do obxecto da obra contratada, sendo motivadas en xeral pola existencia de solos contaminados soterrados non detectados na fase de redacción do proxecto, circunstancias imprevisibles que non puideron ser previstas no proxecto orixinal.

As modificacións que se formulan non alteran as condicións de adxudicación e licitación recollidas no PCAP que rexen a contratación das obras.

Os prezos contraditorios que se propoñen, consecuentes á solución técnica adoptada, refírense á data de licitación calculados sobre a base do proxecto orixinal aprobado para a adxudicación da obra, en todo o que se refire aos prezos unitarios de man de obra, materiais e maquinaria, e a os custos indirectos dos prezos descompostos.

As modificacións incluídas no presente modificado non alteran o prazo de execución das obras vixente».

15.- Con data 20 de xullo de 2022 formulouse informe proposta para a aprobación desta modificación nº 2 do proxecto que foi remitido o 9 de agosto de 2022, xunto co expediente en formato dixital, ao Consello Consultivo de Galicia, en solicitude do seu ditame preceptivo á modificación proposta.

16.- O 21 de xullo de 2022, a Dirección Facultativa emitiu proposta técnica motivada solicitando a continuación provisional nº 2 das obras referentes ao proxecto modificado nº2 , indicando o seguinte:

«(...)

II.- PROPOSTA TÉCNICA CONTINUACIÓN TEMPORAL DAS OBRAS.

Tal como se acaba de expoñer, as obras do proxecto modificado nº 2 contan cunha aprobación de continuación temporal de acordo á proposta da Dirección Facultativa de data 16/12/2021 e aprobada por resolución do Concelleiro de Área de data 26/12/2021, baseada nunha previsión de incremento do prezo inicial do contrato de “aproximadamente nun 14,94%”.

Finalmente, o proxecto modificado recolle un incremento do prezo inicial do contrato dun 22,93%.

Se non se poden levar a cabo as actuacións recollidas no proxecto modificado nº 2, ata o límite do 20% do prezo inicial do contrato, a corto prazo nos próximos días resulta necesaria a suspensión temporal das obras no eixo 14 (ramal de conexión da estación intermodal coa AP9) durante a tramitación da aprobación do proxecto modificado nº2, xa que case tódalas actuacións pendentes de executar dependen da execución desas tarefas recollidas no proxecto modificado nº 2 en tramitación.

A suspensión temporal das obras no ramal de conexión da estación intermodal coa AP9 ocasionaría un grave prexuízo para o interese público, xa que a execución de dito ramal posibilitará a posta en servizo do acceso ao aparcamento da estación de ferrocarril e Centro Vialia dende a AP9, e permitirá igualmente a entrada e saída do tráfico pesado de mercancías con destino ao Centro Vialia a través do acceso a peirao de carga previsto no eixo 14.

A indispoñibilidade de ambos accesos (aparcamento para vehículos lixeiros con destino ao Centro Vialia e estación de ferrocarrís; e peirao de carga para o tráfico pesado de mercancías para o Centro Vialia) está a ocasionar graves problemas de conxestión do tráfico no casco urbano, causando prexuízos á cidadanía, así como na explotación do resto das actuacións previstas no “Convenio entre a Consellería de Infraestruturas e Vivenda da



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a Entidade Empresarial Adif – Alta Velocidade para a execución das obras dos accesos e nova vialidade urbana da contorna da Estación Intermodal de Vigo”.

Ademais, a demora na execución das obras retrasa a reposición do corte de tráfico que afecta ao acceso da AP9 ao centro da cidade a través da rúa Alfonso XIII».

17.- En data 12 de agosto de 2022, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos ditou resolución de continuación provisional nº 2 das obras pola diferenza entre o 20% do prezo inicial do contrato e o 14,94% do prezo inicial do contrato autorizado previamente o 26 de decembro de 2021.

18.- En data 7 de setembro de 2022, recíbiuse certificado do acordo do Consello Consultivo de Galicia, da mesma data, no que se resolveu a devolución do expediente para a práctica das actuacións nel requiridas.

19.- Con data 28 de setembro de 2022, o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, acordou autorizar a ampliación de prazo de execución das obras do proxecto de que tratamos.

20.- En relación á practica das actuacións requiridas no devandito acordo do Consello Consultivo de Galicia cómpre informar que con data 4 de outubro de 2022 deuse audiencia ao redactor do proxecto e ao contratista sobre o informe da Dirección Facultativa de data 30 de xuño de 2022. Asemade, na mesma data emítiuse informe asinado pola Dirección Facultativa sobre xustificación dos prazos para a redacción do proxecto modificado nº 2, en relación ao disposto no art. 242.5 da LCSP.

21.- Con datas de 11 e 12 de outubro de 2022, asinouse pola Xefa de Asesoramento e pola titular da Asesoría Xurídica informe xurídico en relación coa modificación nº 2 que nos ocupa, do que cabe transcribir o que segue:

«No informe técnico da dirección facultativa de 30/06/2022 e no informe proposta do 20/07/2022 xustifícase que se trata dunha modificación non prevista no prego reitor do contrato que ten encaixe no apartado 2.b do artigo 205 LCSP, na medida en que a aparición de solos contaminados é unha circunstancia de feito sobrevida e imprevisible que:

1. Non houbera podido prever unha Administración dilixente: os solos contaminados soterrados non detectados na fase de redacción do proxecto aparecen nun ámbito que non estaba declarado como solo contaminado e que non son de titularidade municipal, polo que os técnicos conclúen que “en ningún caso podería esta Administración ter coñecemento da existencia desta contaminación, nin foi posto en coñecemento da Administración a existencia destes solos alterados”.

(Cómpre lembrar aquí que, de acordo co convenio arriba referido e a súa addenda, a responsabilidade da elaboración do proxecto correspondía ao Administrador das Infraestruturas Ferroviarias)

2. *Non altera a natureza global do contrato. Proponse executar elementos que teñen relación coa natureza do contratado, a xestión dos materiais excedentes da escavación das terras estaba prevista no proxecto pero como residuo inerte. O proxecto modificado ten a estrita finalidade de prever a xestión dos materiais excedentes das terras no treito de conexión da AP9 coa estación intermodal como terras contaminadas e a adecuada contención da fronte dos noiros resultantes, de xeito que se confine o material e se impidan escorrentas que poidan afectar negativamente á contorna. Nos informes sinálase que as modificacións propostas se limitan a introducir as variacións estritamente indispensables e necesarias para responder a causa obxectiva da existencia de solos contaminados soterrados.*

3. *Non implica unha alteración na súa contía que vaia exceder, illada ou conxuntamente con outras modificacións acordadas conforme ao art. 205 LCSP, do 50% do prezo inicial do contrato IVE excluído. Cuantifícase a porcentaxe desta modificación sobre o prezo inicial do contrato en 22,94%; que conxuntamente co -2,90% da modificación non prevista incluída no proxecto modificado nº1 anteriormente aprobada non excedería en ningún caso do límite legal do 50%. Sempre e cando non existan erros neste cálculo, cuestión allea aos servizos xurídicos e, como calquera outra de compoñente económico, sobre a que procede que se pronuncie a Intervención Xeral, comprobando ese límite porcentual.*

Nos informes detállanse as unidades novas cos prezos así mesmo novos, e inclúese un comparativo dos orzamentos do proxecto orixinal, do modificado nº 1 e do modificado nº 2.

VI. O procedemento para a modificación dos contratos, tendo en conta que o PCAP non contempla especialidades, regúlase no artigo 207 LCSP.

Da aplicación dos requisitos procedimentais ao expediente en concreto resulta o seguinte:

1. *Consta informe técnico da dirección facultativa xustificativo da necesidade de tramitación da modificación (informes de data 30/11/2021 e de 30/06/2022).*

2. *O inicio da modificación foi autorizada por Decreto do concelleiro delegado de Fomento de 30/11/2021 (por delegación da Xunta de Goberno Local).*

3. *Ao tratarse dun proxecto de obras que deriva dun convenio de colaboración (convenio suscrito para a execución dos accesos e nova viabilidade urbana do entorno da Estación Intermodal de Vigo -Xunta de Galicia, ADIF e Concello de Vigo-), recabouse e incorporouse ao expediente a conformidade co proxecto modificado por parte dos técnicos integrantes do grupo de traballo paritario das tres institucións asinantes (escritos de decembro do 2021 e*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

complementario de xuño do 2022). No Anexo nº 1 do proxecto modificado, apartados 2.4 e 2.8, consta tamén copia destes dous escritos de conformidade.

4. Figura no expediente a audiencia e conformidade do contratista co modificado (escritos de datas 30/06/2022 e 05/10/2022) (art. 206.2 LCSP).

5. Figura a audiencia ao redactor do proxecto, que manifesta non realizar obxeccións á modificación do proxecto (escritos de datas 29/06/2022 e 04/10/2022).

6. Consta informe favorable de supervisión de 01/07/2022.

7. Na tramitación desta modificación aplícase a previsión do art. 242.5 LCSP, que posibilita a execución da modificación contractual con anterioridade á aprobación definitiva do expediente de modificación, pero sen que esta facultade sexa discrecional do órgano de contratación, senón sometida aos requisitos e procedemento que o precepto establece. De acordo coa Xunta Consultiva de Contratación Administrativa (Informe 49/01, de 30 de xaneiro de 2002, entre outros), podémonos referir a dúas fases na tramitación destas modificacións con autorización de continuación provisional das obras. Unha primeira fase relativa á autorización da continuación provisional das obras mediante a tramitación das actuacións previstas no art. 242.5 LCSP. Concluída esta primeira fase, ábrese unha segunda fase que comprende a aprobación técnica do proxecto no prazo de seis meses dende o acordo de autorización provisional, e do expediente do modificado no prazo de oito meses, debendo incorporarse todas aquelas actuacións e documentos esixidos no art. 242.4 LCSP.

Se ben este informe desta Asesoría Xurídica se emite na segunda fase deben verificarse os prazos establecidos no art. 242.5 LCSP (primeira fase) porque inciden nesta segunda fase de tramitación do expediente de modificación regulada no art. 242.4 LCSP. Segundo se sinala no informe da dirección facultativa de data 04/10/2022 a aprobación técnica tivo lugar o 29/06/2022, 6 meses e 3 días dende o acordo de continuación provisional, e xustifica este retraso na dificultade da medición das terras contaminadas e na necesaria intervención de varias institucións ao tratarse dun proxecto que deriva dun convenio de colaboración.

O acordo inicial de continuación provisional é de data 26/12/2021, polo que o prazo de 8 meses para a aprobación do expediente de modificación tamén se excede.

A Disposición final 4ª contempla a aplicación “subsidiaria” da LPAC 39/2015 así como o carácter negativo do silencio nos procedementos iniciados a solicitude dun interesado. O art. 25.1.b LPAC establece que nos procedementos nos que a Administración exercite potestades sancionadoras ou, en xeral, de intervención, susceptibles de producir efectos desfavorables ou de gravame, se producirá a caducidade. Neste caso non resultaría aplicable dado que o presente modificado implica un aumento á alza do contrato sen efectos

desfavorables para o contratista, constando no expediente a conformidade do contratista nos trámites de audiencia que lle foron concedidos.

Sen prexuízo do anterior, e que neste caso polas razóns expostas poida encaixarse dentro dunha irregularidade non invalidante, de conformidade co disposto no art. 48.3 LPCA, o servizo xestor debe velar pola correcta tramitación dos procedementos realizando as actuacións esixidas pola normativa en tempo e forma a fin de garantir a seguridade xurídica, coidado que debe extremar na tramitación de modificacións contractuais de obras que ao tratarse de expedientes con numerosos trámites conlevan unha especial complexidade.

8. Con carácter previo á súa aprobación, a modificación será obxecto de fiscalización pola Intervención Municipal (art. 102 do RLCAP e art. 321 da LALGA). Trámite necesario que se recolle no informe-proposta.

9. É preceptivo tamén o ditame do Consello Consultivo de Galicia, pois trátase dunha modificación non prevista no PCAP cuxa porcentaxe de modificación supera o 20% do prezo primitivo do contrato e o prezo inicial do contrato é superior aos 6 millóns de euros (artigo 191.3.b LCSP).

(...)

En consecuencia, INFÓRMASE que no expediente consta debidamente xustificada a motivación da modificación e a súa cobertura xurídica, así como que no procedemento instruído cumprimentáronse os trámites establecidos pola normativa de aplicación ata este trámite procedimental agás no relativo ao cumprimento dos prazos nos termos sinalados no apartado 7 da consideración xurídica VI deste informe. Polo que se considera que pode continuarse a tramitación, sen prexuízo e a reserva do que resulte do seu exame pola Intervención municipal.

22.- Por resolución de 25 de outubro de 2022, o concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos autorizou a ampliación do prazo de execución das obras obxecto do contrato por un prazo de 3 meses, sendo a nova data de finalización da obra o 3 de marzo de 2023, en base as razóns de feito e de dereito que se consignan pola Dirección Facultativa das obras no seu informe proposta da mesma data, no que se recollen as anteriores ampliacións do prazo de execución das obras aprobadas; informe do que se transcribe o que segue:

«1º.- En data 2 de Outubro de 2020 asinouse a Acta de Comprobación de Replanteo para o inicio das obras de “REMODELACIÓN DO ENLACE DO P.Q. 5+000 DA AUTOESTRADA AP-9V. TREITOS: CONEXIÓN ESTACIÓN INTERMODAL-AP-9, TÚNEL DE LEPANTO-AP-9 E INSTALACIÓNS E BALIZAMENTOS” (...).

2º.- O PCAP que regula o procedemento de contratación do expediente para a execución das obras (...) define no punto 4, das Follas de Especificación do Contrato (FEC) como o



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

Prazo Total de Execución das Obras de 17 meses. Así, tendo en conta a data do inicio dos traballos, a data da finalización da obra sería o día 3 de marzo de 2022.

3º.- Con data 22/02/2022, Faustino García Blanco actuando en nome e representación da mercantil UTE ACCIONA CONSTRUCCION SA – NAROM SL (UTE ENLACE AP9 VIGO), na súa condición de adxudicatario das obras (...) presenta solicitude de ampliación de prazo de execución de obra ata o 3 de xullo de 2022 que basea na imposibilidade de executar segundo o previsto as obras debido a aparición de solos a escavar que non permitían a súa xestión coma residuo inerte, así como o tratamento do noiro xerado trala súa escavación; consecuentemente, quedaron afectadas o resto de actividades dependentes na contorna. Dita solicitude de ampliación de prazo foi informada favorablemente por esta Dirección de Obra en data 22/02/2022 e autorizada por resolución do Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 23/02/2022.

4º.- Con data 17/06/2022 Faustino García Blanco actuando en nome e representación da mercantil UTE ACCIONA CONSTRUCCION SA – NAROM SL (UTE ENLACE AP9 VIGO), na súa condición de adxudicatario das obras (...) presenta solicitude de ampliación de prazo de execución de obra ata o 3 de outubro de 2022, baseada en que con posterioridade á ampliación de prazo de febreiro de 2022 apareceron novas zonas afectadas pola presenza de solos contaminados, alterando a planificación das actividades pendentes de execución e obrigando a súa reprogramación. Dita solicitude de ampliación de prazo foi informada favorablemente por esta Dirección de Obra en data 22/06/2022 e autorizada por resolución do Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 23/06/2022.

5º.- Con data 19/09/2022 Faustino García Blanco actuando en nome e representación da mercantil UTE ACCIONA CONSTRUCCION SA – NAROM SL (UTE ENLACE AP9 VIGO), na súa condición de adxudicatario das obras (...) presenta solicitude de ampliación de prazo de execución de obra ata o 3 de decembro de 2022, baseada na necesidade de executar os traballos de instalación de pantallas acústicas no eixo 6 da AP9V marxe dereito, traballos cuxa execución ven supeditada a obtención da autorización do desvío de tráfico na AP-9V por parte do Ministerio de Transportes».

Consta no trámite 1032 do expediente 4751/443 a resolución do concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, de 28 de setembro de 2022, pola que se aproba esta terceira ampliación do prazo de execución das obras, que se incorpora a este expediente núm. 359/441.

«6º.- Con data 24/10/2022 Faustino García Blanco (...) —prosegue o informe— presenta solicitude de ampliación de prazo de execución de obra ata o 3 de marzo de 2023, baseado nos prazos consumidos para a tramitación do proxecto modificado nº 2, indicando que o 30 de xuño de 2022 o Concello de Vigo deu audiencia do citado proxecto ao contratista, manifestando este a súa conformidade na mesma data, e que a día de hoxe aínda non se

aprobou o proxecto modificado nº 2, afectando a execución das obras e á data de finalización das mesmas».

A xustificación invocada pola empresa adxudicataria para esta última ampliación de prazo — a imposibilidade de executar nos prazos vixentes as obras ao non contar ao día de hoxe coa aprobación do proxecto modificado nº 2— considerouse suficiente pola Dirección Facultativa da obra, que a informou favorablemente en base ao PCAP do contrato, de acordo co cal “O prazo de execución das obras poderá ser prorrogado polo órgano de contratación en resolución motivada cando concorra algunha das seguintes causas (...) b: O incumprimento parcial do prazo de execución por causas non imputables ao contratista, debidas a acontecementos alleos á súa vontade e imprevisibles, sempre e cando se comprometa a executar as obras nun prazo igual ao perdido e solicite a prórroga conforme ao disposto no artigo 100 RXLCAP.”

23.- Con datas 26 e 27 de outubro de 2022 asinouse nova proposta de resolución para a aprobación do modificado nº 2 do proxecto, coa única variación respecto da formulada o 20 de xullo de 2022 do desglose da imputación do gasto aos exercicios orzamentarios de 2022 e 2023, habida conta a ampliación do prazo de execución das obras. A Asesoría Xurídica municipal, con remisión ao seu informe do 12 de outubro de 2022, informou favorablemente esta última proposta de aprobación e a Intervención Xeral municipal, con data 7 de novembro de 2022, informou, tamén, favorablemente a proposta de aprobación desta modificación nº 2 do contrato.

24.- Remitido a totalidade do expediente do contrato de obra, en formato dixital, ao Consello Consultivo de Galicia con todas as actuacións requiridas por este órgano consultivo no seu acordo de 7 de setembro de 2022, por este, con data 14 de decembro de 2022 emitíuse ditame no «Que informa desfavorablemente a proposta de resolución á que o presente expediente se refire».

Do dito ditame cómpre transcribir aquí o que segue:

«Segunda. En canto aos requisitos formais que rexen os procedementos de modificación dos contratos e o seu cumprimento neste suposto, é necesario deixar constancia, antes de nada, de que o expediente presentado foi remitido omitindo as máis elementais normas de procedemento administrativo, e particularmente os requisitos establecido no artigo 70 da Lei 39/2015, do procedemento 4CCG 287/2022 administrativo común das administracións públicas (en diante, LPAC) 1 . En efecto, o Concello de Vigo remite electronicamente unha carpeta comprimida con 322 arquivos en formato PDF máis un arquivo de 44 folios titulado índice que sen embargo non permite relacionar cada documento con cadanseu arquivo. Os devanditos arquivos carecen de títulos que permitan a súa identificación e non están numerados; e tampouco os folios dos que se compón o expediente teñen unha numeración correlativa. Todas estas circunstancias dificultaron o exame dos documentos, demoraron a elaboración deste ditame, e obrigaron a este órgano



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

consultivo a ter que ordenar o expediente, tarefa que corresponde ao órgano solicitante. O Concello tamén procedeu deste xeito coa documentación remitida tras o acordo de devolución deste órgano consultivo.

Esta forma de actuar haberá de ser corrixida polo Concello para futuras solicitudes de ditame a este órgano. En relación co expediente administrativo electrónico, o Tribunal Supremo ten manifestado (por todas, STS do 13.5.2021, recurso 5.011/2019) o seguinte:

“Ese índice lateral izquierdo cuando el expediente es electrónico ha de permitir su consulta desplegando las hojas sin necesidad de visualizar todas las páginas cada vez que se opte por comprobar o contrastar un dato. Lo anterior es lo que permiten los documentos digitalizados en PDF con el servicio de índice, es decir, al colocar el cursor sobre el apartado correspondiente se abre en la página buscada, aunque el documento en PDF tenga miles de páginas (un ejemplo el 1 código electrónico COVID-19 Derecho Europeo y Estatal del Boletín Oficial del Estado)...

(...) el expediente remitido, que mal puede llamarse electrónico, en el que en lugar del modo presentación que facilita la consulta, se ha confeccionado con el modo amontonamiento, es decir un simple escaneado de las hojas de papel del expediente administrativo original, impidiendo así la búsqueda ágil que es el objetivo último de la Administración digital, obligando, en cambio, a visualizar todas y cada una de las hojas en la pantalla del ordenador cada vez que se consulta un documento. En la antedicha situación de amontonamiento de escaneado de hojas se encuentra el archivo en CD denominado floterios 2014, el archivo llamado expediente matriz floterios 2184-13 y el archivo que afecta al aquí recurrente, expediente NUM000 cuyo índice viene constituido por la imagen de las páginas tres a cinco de un expediente de 622 páginas escaneadas que obstaculiza la búsqueda de cada uno de los elementos del expediente si no se visualizan todas y cada una de las páginas. Es decir que no cumple las exigencias del expediente electrónico”.

(...)

Terceira.

(...) A proposta alude, dun xeito inintelixible, a unha serie de acordos de delegación de competencias:

“Con data 26 de decembro de 2021, o concelleiro delegado da área de fomento e servizos (por resolución de delegación do 23.12.2021, a concelleira delegada da área de contratación, patrimonio e xestión municipal), en virtude do decreto da alcaldía do 18 de xuño de 2019 e acordos. para a delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de data 5 de novembro de 2020, órgano de contratación de

conformidade co establecido na Disposición adicional segunda da LCSP dita resolución de continuidade provisional das obras” (sic).

Estes acordos de delegación non constan, e algúns deles teñen data anterior aos acordos da Xunta de Goberno Local que acabamos de relacionar. Abundando nesta confusión, no informe da Intervención do 7.11.2022, consta expresamente indicado como obxecto de comprobación “que a proposta se eleva ao órgano de contratación competente, a Xunta de Goberno Local”. Sexa como for, o acordo de delegación de competencias en virtude do cal se dita resolución deberá incorporarse ao expediente ou, canto menos, incluír unha cita expresa na resolución definitiva do Boletín Oficial da Provincia no que se publicou.

En canto ao resto da tramitación, se verifica que se emitiron os informes preceptivos, concedéndose así mesmo audiencia ao contratista e ao redactor do proxecto consonte o disposto nos artigos 321.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e 242.4 da LCSP.

Terceira. *Para avanzar na análise do procedemento é preciso recordar que a lexislación de contratos do sector público se rexe, entre outros principios, polo de ne varietur ou invariabilidade do acordado. Así, o artigo 28.2 da LCSP prevé que “os entes, organismos e entidades do sector público velarán pola eficiencia e o mantemento dos termos acordados na execución dos procesos de contratación pública”.*

Con todo, os contratos administrativos, ao contar cun prazo medio de execución xeralmente prolongado, poden verse sometidos a vicisitudes de orde técnica e económica, ás veces imprevisibles, o que en certos casos fai necesario modular o principio de inmutabilidade referido.

Por tal razón, a normativa posibilita a modificación unilateral dos contratos do sector público por parte da Administración, conforme á potestade do ius variandi, regulada con carácter xeral nos artigos 203 e ss. da LCSP.

Aínda que o ius variandi se configura como un dos poderes exorbitantes que ostenta a Administración Pública en relación cos contratos do sector público, tal prerrogativa debe exercitarse de forma restritiva, sempre que concorran circunstancias de interese público que así o aconsellen, tendo en conta que supón unha excepción ao principio xeral de pacta sunt servanda que comporta a inalterabilidade dos contratos sen o consentimento de ambas as partes. Neste sentido, o Consejo de Estado ten reiteradamente manifestado que toda modificación contractual debe estar “respaldada o legitimada por un interese público claro, patente e indubitado” e que “tal razón aparezca debidamente justificada en el expediente”. O carácter imperativo das normas que regulan o instituto da modificación contractual pretenden que non se desvirtúen as garantías de libre concorrência que presiden a licitación e que se



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

manteñen durante a vida do contrato, xunto con outros principios esenciais nesta materia, como os de publicidade, transparencia, economía do gasto público e correcta execución do contrato (por todos, ditame do Consejo de Estado do 1.3.2007, nº 168).

En consecuencia, a prerrogativa de modificación non é unha atribución legal que permita á Administración contratante a novación do contrato ao seu libre criterio, senón q24.-ue, pola contra, trátase dunha potestade regrada que só pode exercitarse nos supostos e na forma prevista na LCSP.

Respecto desta última, o Consejo de Estado ten manifestado que "la modificación de los contratos está sujeta a unas solemnidades en su aprobación que se constituyen como esenciales, de tal forma que, para llegar a la novación contractual y a la ejecución de las obras objeto del proyecto modificado, primero y de la novación, después, hay que seguir, por sus trámites y en su orden, el procedimiento legalmente establecido" (por todos, ditames do Consejo de Estado do 8.2.1996, nº 454 e do 6.11.1997, nº 4350).

No curso dese procedemento regrado o lexislador chegou a introducir con carácter preceptivo o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma (art. 191.3.b) LCSP). Con todo, a esixencia desta garantía adicional se reserva tan só para as modificacións de máis envergadura, nas que, polo tanto, a protección dos dereitos e intereses en xogo na modificación esixe maior celo. Deste xeito, como xa se sinalou, son o prezo inicial do contrato –igual ou superior a seis millóns de euros–, así como a porcentaxe de variación ao que é sometido –superior a un 20%–, os elementos que determinan a intervención do órgano consultivo competente.

O ditame do órgano consultivo é o último trámite previo á resolución, sendo a súa función a de verificar o respecto dos requisitos substantivos e procedementais da modificación pretendida. É dicir, trátase de valorar a pertinencia legal e a oportunidade das modificacións á luz do interese público invocado, así como o seu axuste á disciplina orzamentaria e ás regras que rexen a contratación pública, entre as que se atopan aquelas que definen os trámites procedementais polos que ha de transcorrer a modificación e posterior novación do contrato. O ditame do Consello Consultivo, sen ser vinculante, oriéntase, pois, a ofrecer ao órgano de contratación un criterio técnico imparcial e cualificado que ha de ter en conta para tomar a decisión de aprobar ou non a modificación solicitada.

Pois ben, tendo en conta todo o anterior, cómpre agora repasar os acontecementos esenciais do presente procedemento de modificación, así como a súa correlación coas normas aplicables.

Así, o 30.11.2021 a dirección facultativa da obra presenta un informe no que solicita a iniciación do procedemento de modificación nº 2 do proxecto “Remodelación do enlace do p.q. 5+000 da autoestrada ap-9v. treitos: conexión estación intermodal - AP-9, túnel de Lepanto - AP-9 e instalacións e balizamentos”. A causa da solicitude é a aparición de terreos contaminados que requiren dunha xestión de residuos específica non prevista no proxecto inicial, polo que “será necesario incorporar novas unidades que poderían modificar a base económica inicial do proxecto”.

A dirección facultativa considera que esta causa de modificación está prevista no punto 14.c do Anexo I –folla de especificacións do contrato (FEC)– do PCAP, que establece de maneira moi xenérica unha serie de circunstancias que determinan a modificación do contrato, entre as que se atopa a seguinte: “Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto”.

O mesmo día 30.11.2021, dítase Decreto de autorización do inicio do expediente de modificación solicitado. De conformidade co informe proposta, “As modificacións atópanse, en principio e sen perxuízo do seu análise unha vez elaborado o proxecto modificado, tal e como se indica no informe da dirección facultativa, nos supostos do artigo 204 da LCSP e no apartado 14 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato (...) De conformidade co disposto no devandito artigo 204 LCSP e no Prego, as modificacións en ningún caso poderán superar o 20% do prezo do contrato”.

O 16.12.2021 a dirección facultativa da obra solicita a continuación temporal das obras mentres non se resolve o procedemento de modificación. Esta solicitude realízase ao abeiro do artigo 242.5 da LCSP, que dispón o seguinte:

“Cando a tramitación dunha modificación exixa a suspensión temporal total da execución das obras e iso ocasione graves prexuízos para o interese público, o ministro, se se trata da Administración xeral do Estado, dos seus organismos autónomos, entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social e demais entidades públicas integrantes do sector público estatal, poderá acordar que continúen provisionalmente tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa, sempre que o importe máximo previsto non supere o 20 por cento do prezo inicial do contrato, IVE excluído, e exista crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento”.

A lectura do precepto amosa que a continuidade provisional das obras mentres se desenvolve a modificación do contrato é unha excepción á regra xeral que impón a necesidade de esperar á autorización do proxecto modificado para iniciar a súa execución. Así, a alternativa prevista no citado precepto se cingue aos supostos nos que a execución das obras deba suspenderse totalmente mentres se tramita o



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

modificado, sendo precisa ademais a concorrencia conxunta dos seguintes requisitos: que a devandita suspensión sexa gravemente prexudicial para o interese público; que o importe máximo previsto da modificación non supere o 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído; e, por último, que exista crédito adecuado e suficiente.

No caso que agora se está a examinar, a dirección facultativa da obra entende que se cumpren os presupostos e requisitos para continuar provisionalmente as obras mentres se tramita o proxecto modificado nº 2. Así, en primeiro lugar, considera que a execución das actuacións previstas no proxecto modificado nº 2 fai necesaria a suspensión temporal das obras no eixo 14 (ramal de conexión da estación intermodal coa AP-9), o que ocasionaría un grave prexuízo para o interese público, “xa que a execución de dito ramal posibilitará a posta en servizo do acceso ao aparcamento da estación de ferrocarril e Centro Vialia dende a AP9, e permitirá igualmente a entrada e saída do tráfico pesado de mercancías con destino ao Centro Vialia a través do acceso ao peirao de carga previsto no eixo 14. A indispoñibilidade de ambos accesos ... está a ocasionar graves problemas de conxestión do tráfico no casco urbano, causando prexuízos á cidadanía (...) Ademais, a demora na execución das obras retrasa a reposición do corte de tráfico que afecta ao acceso da AP9 ao centro da cidade a través da rúa Alfonso XIII”.

En definitiva, o informe da dirección facultativa vén a soste que o grave prexuízo para o interese público que causaría a suspensión temporal da obra consiste precisamente na propia falta de accesos que o contrato de obra en curso pretende resolver. Falta de accesos que, polo tanto, non pode entenderse ocasionada por unha eventual suspensión temporal da execución das obras, sen que a dirección facultativa identifique outros prexuízos do interese público que caiba vincular causalmente coa eventual suspensión. Tampouco se pode entender que o prexuízo invocado pola dirección facultativa sexa a delonga na execución da obra que puidera provocar a suspensión temporal da mesma, xa que, como consta no expediente, durante a execución do contrato ditáronse ata catro acordos de ampliación do prazo de execución, de modo que o prazo total de execución das obras pasou dos 17 meses previstos nos pregos a 29 meses, sen que nestas sucesivas ampliacións do prazo se invocasen graves prexuízos para o interese público.

En segundo lugar, polo que respecta ao incremento do prezo do contrato, a dirección facultativa da obra indica que “coas modificacións introducidas e a creación dos novos prezos indicados no presente documento, prevese que se supere o prezo inicial do contrato aproximadamente nun 14,94% o que supón un líquido adicional de 1.380.100,22”. Deste modo, semella que a modificación non supera o 20% do prezo inicial do contrato, tal e como require o artigo 242.5 da LCSP.

Con todo, é preciso sinalar que a dirección facultativa leva a cabo estes cálculos sobre a base das contías con IVE, e non sen IVE, como indica o artigo 242.5 da LCSP, se ben isto non afecta ao cálculo das porcentaxes. Ademais de todo o exposto, é preciso sinalar que a dirección facultativa muda o criterio sobre a base xurídica da modificación expresado no seu informe do 30.11.2021, argumentando que “aínda que todas as circunstancias indicadas foron previstas no PCAP reitor do contrato, obrigan a introdución de novos prezos unitarios non previstos no contrato, polo que ditas modificacións non se axustan ao establecido no artigo 204 da LCSP”. Por iso, apúntase coma nova base xurídica o artigo 205.2.c) da LCSP, que prevé a posibilidade de levar a cabo modificacións non previstas nos pregos cando as devanditas modificacións non sexan substanciais e se limiten a introducir as variación estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Xustifícase o carácter non substancial da modificación atendendo a que “a variación cualitativa e cuantitativa das mesmas en relación ao prezo do contrato non supera as limitacións do 15 por cento do prezo inicial do contrato”, polo que se considera que non é aplicable a regra do 205.2.c) 3º da LCSP, a teor da cal son substanciais as modificacións que amplíen de forma importante o ámbito do contrato, considerándose en todo caso que isto sucede cando “O valor da modificación supoña unha alteración na contía do contrato que exceda, illada ou conxuntamente, o 15 por cento do seu prezo inicial, IVE excluído, se se trata do contrato de obras”.

Formulada así a solicitude de continuación provisional das obras, tramítase o procedemento previsto a estes efectos polo artigo 242.5 da LCSP, no que consta informe da oficina de supervisión de proxectos e inspección de obras de 21.12.2021, informe proposta para acordar a continuación provisional das obras de 23.12.2021 e informe da intervención de 23.12.2021. Por fin, o procedemento conclúe cunha resolución do concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos do 27.12.2021 na que se procede a acordar a continuidade provisional das obras do proxecto modificado nº 2, “nos termos da proposta técnica da dirección facultativa de data 16.12.2021” e a “Autorizar, comprometer e dispoñer o gasto a favor de UTE ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.-NAROM, S.L. para a continuación provisional das obras por importe de 1.380.100, 22 euros”.

Consta así mesmo, documento AD (autorizado e disposto sobre RC) con data de 29.12.2021, por importe de 1.380.100,22 euros, a favor da contratista en concepto de continuidade provisional das obras do proxecto modificado nº 2.

O seguinte paso na tramitación do proxecto modificado nº 2 é a emisión do proxecto de modificación definitivo, asinado polo redactor do proxecto o 27.6.2022, polo contratista o 28.6.2022 e pola dirección facultativa o 29.6.2022. Neste documento se prevé un incremento sobre o prezo inicial do contrato de 2.118.089,85 euros.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

A dirección facultativa da obra emite un novo informe técnico o 30.6.2022 no que indica que as modificacións supoñen un incremento dun 22,94% do prezo de adxudicación do contrato, que de 9.235.486,70 euros pasa a 11.476.953,91 euros. Tendo isto en conta, a dirección facultativa muda por segunda vez a base xurídica da modificación, que agora sitúa no artigo 205.2.b) da LCSP, asumindo implicitamente que se trata dunha modificación substancial e argumentando que xurdiron circunstancias sobrevidas e imprevisibles no momento da licitación. Circunstancias que non son outras que a existencia de solos contaminados soterrados que non se detectaron na fase de redacción do proxecto, pese a obriga legal de levar a cabo de maneira dilixente os estudos xeotécnicos precisos, segundo o artigo 233.3 da LCSP.

Nesta data, pois, existe xa a confirmación oficial de que a modificación que se está a tramitar é superior ao 20% do prezo inicial do contrato, polo que non se dan os presupostos que o artigo 242.5 da LCSP establece para a continuidade provisional das obras –“sempre que o importe máximo previsto non supere o 20 por cento do prezo inicial do contrato”–, de modo que a actuación legalmente esixible nese momento consistía en suspender temporalmente as obras ata a resolución do expediente de modificación do contrato. Porén, non se fai ningunha referencia á continuidade provisional das obras e ao procedemento de modificación contractual prosegue sobre estas novas bases co visto bo do xefe da oficina de supervisión de proxectos de 1.7.2022, emitíndose o 20.7.2022 informe proposta para a aprobación do proxecto modificado nº 2 nos termos indicados no informe técnico da dirección facultativa do 30.6.2022.

Cómpre subliñar que o expediente remitido a este Consello Consultivo o 10.8.2022 non contiña documentos con data posterior á devandita proposta de resolución. Logo do noso acordo de devolución do 7.9.2022, o expediente completouse coa remisión dos documentos aos que se fa referencia a continuación.

O 21.7.2022, é dicir, ao día seguinte de ditarse proposta de resolución, a dirección facultativa da obra e o representante do contratista asinaron un documento titulado “Solicitud nº2 de continuación temporal das obras do proxecto modificado nº 2 das obras de “Remodelación do enlace do p.q. 5+000 da autoestrada ap-9v. treitos: conexión estación intermodal - AP-9, túnel de Lepanto - AP-9 e instalacións e balizamentos”, que conclúe co seguinte parágrafo:

“Tendo en conta todo o anterior, e que a presente solicitud está firmada polo representante da empresa adxudicataria das obras, danse as circunstancias que se indican no apartado 5 do artigo 242 da Lei 9/2017 del 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ..., polo que se solicita conformidade ao Órgano de Contratación da continuación provisional das obras referentes ao modificado nº 2, pola diferencia entre o 20% do prezo inicial do contrato e o 14,94% do prezo inicial do contrato autorizado previamente mediante resolución do Concelleiro Delegado da área de

Fomento e Servicios de data 26 de decembro de 2021, o que supón un importe adicional líquido do 5,06% do prezo inicial do contrato” (sic.).

Con todo, a mera lectura do artigo 242.5 da LCSP amosa con plena nitidez que a posibilidade de continuar provisionalmente as obras en tanto non se resolve o procedemento de modificación está reservada unicamente ás modificacións cun importe máximo previsto que non supere o 20% do prezo inicial del contrato, de modo que a interpretación que fan os asinantes da solicitude do artigo 242.5LCPS non só é errónea, senón que terxiversa o seu sentido para acadar un fin ilegal.

Tramítase, pois, un segundo expediente para a continuación provisional das obras, en tanto non se resolve o procedemento de modificación iniciado o 30.11.2021. Formulada nos termos anteditos, a solicitude obtén o beneplácito da Oficina de supervisión de proxectos e inspección das obras –informe do 22.7.2022–, e da Intervención do Concello de Vigo –informe do 11.8.2022–, que realiza a oportuna retención de crédito. Así, o 12.8.2022 dítase proposta de resolución polo técnico de Administración Xeral da Área de Fomento, proposta que é asumida no decreto da mesma data asinado polo concelleiro da Área de Fomento e Servizos no que se resolve o seguinte:

“1º.- Acordar á continuidade provisional nº 2 das obras do proxecto modificado nº 2 de “REMODELACIÓN DO ENLACE DO P.Q. 5+000 DA AUTOESTRADA AP-9V. TEITOS: CONEXIÓN ESTACIÓN INTERMODAL-AP-9, TÚNEL DE LEPANTO-AP-9 E INSTALACIÓNS E BALIZAMENTOS”, nos termos da proposta técnica da dirección facultativa de data 21.07.2022.

2º.- Autorizar, comprometer e disponer o gasto a favor de UTE ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A. – NAROM, S. L. para a continuación provisional nº2 das obras pola diferenza entre o 20% do prezo inicial do contrato e o 14,94% do prezo inicial do contrato autorizado previamente mediante resolución do Concelleiro Delegado da área de Fomento e Servicios de data 26 de decembro de 2021, o que supón un importe de 466.997,12 euros, con cargo á partida orzamentaria 1532.6090090 do orzamento vixente” (sic.).

Igualmente, no expediente constan dous documentos AD (autorizado e disposto sobre RC) con data 17.8.2022 por un importe total de 466.997,12 euros en favor da contratista en concepto de “CONTINUIDADE PROV. Nº2 DAS OBRAS DO PROX. MODIFICADO DE REMODELACIÓN DO ENLACE DO P.K. 5+000 DA AUTOESTRADA”.

Doutra banda, para axustarse á legalidade, tal e como indicou o noso acordo de devolución do 7.9.2022, emitíronse os informes de Asesoría Xurídica e da Intervención do Concello, preceptivos no procedemento de modificación do contrato iniciado por solicitude do 30.11.2021. O informe de Asesoría Xurídica do 12.10.2022, favorable á modificación, unicamente repara no incumprimento dos prazos dispostos



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

polo artigo 242.5 da LCSP para a aprobación técnica do proxecto –6 meses– e do expediente de modificación do contrato –8 meses–, a contar desde o acordo de autorización de continuación provisional das obras, prazos que non producen a caducidade do expediente. Porén, na exhaustiva análise do artigo 242.5 da LCSP que se leva a cabo non se menciona en absoluto a infracción dun dos presupostos esenciais para a aplicación deste precepto, que é que a modificación non supere o 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído. Pola súa banda, o informe da Intervención do 7.11.2022, que tamén ten carácter favorable, se pronuncia da seguinte maneira sobre o crédito orzamentario:

“Dende o punto de vista orzamentario, indicar que o 26 de decembro de 2021 o Concelleiro de Fomento e Servizos, ante os graves prexuízos que supoñía a paralización das obras afectadas polo modificado nº 2 iniciado o 30 de novembro de 2021, autorizou a continuación provisional das obras (Delegación da XGL de 05/11/2020). Toda vez que o custo estimado do modificado superaba o 20%, a normativa de aplicación na continuación das obras (artigo 242 LCSP) non permite superar esta porcentaxe, autorizouse e comprometeuse gasto polo citado límite, ascendendo o total autorizado a 1.847.097,34 euros.

O importe do gasto adicional do modificado nº 2 que se informa ascende a 2.118.829,51 euros. En consecuencia, o gasto final é superior en 271.732,17 euros ao gasto xa autorizado e comprometido, que deberá ser obxecto do seu axuste ao alza, tal e como se recolle no informe proposta que se fiscaliza.

O citado gasto impútase á aplicación presupuestaria 1532.6090090 “2ª Anualidade acceso estación intermodal, tal e como se recolle no informe proposta que se fiscaliza, incorporándose ao expediente o correspondente documento contable de retención de crédito co nº de operación 20220011876 por importe de 180.955,43 euros que se imputa ao orzamento vixente, e co nº de operación 20220011877 e a retención de crédito co imputación ao exercicio 2023, por importe de 90.776,74 euros” (sic.).

Por último, remítese a este órgano consultivo proposta de resolución asinada o 27.10.2022 na que, ademais da aprobación do proxecto modificado nº 2 das obras, se propón “Autorizar o gasto pola diferenza entre o gasto total estimado para a continuación provisional das obras do modificado nº 2 por importe de 1.847.097,34 euros (documento contable AD nº 20220011877, 202200081168 e 202200081169) e o gasto líquido adicional resultante do modificado nº 2 por importe de 2.118.829,51 euros, ascendendo dita diferenza a un total de 71.732,17 euros ó alza, con cargo á partida orzamentaria 1532 609 0090, a cal conta con crédito adecuado e suficiente”.

Cuarta.

Como se acaba de expor, a modificación nº 2 do proxecto sometida ao presente ditame levouse a cabo infrinxindo unha das regras esenciais do procedemento, que esixía a suspensión temporal dos traballos ata a aprobación da modificación. Aínda que a modificación formulada en decembro de 2021 semellaba cumprir os requisitos legais do artigo 242.5 da LCSP para a continuidade provisional das obras –deixando de lado a escaseza da xustificación do grave prexuízo para o interese público–, o proxecto definitivo asinado o 29.6.2022 amosou de xeito inequívoco que a modificación proxectada superaba o 20% do prezo inicial do contrato, IVE excluído, o que supoñía a desaparición dun dos requisitos legais que permiten a continuidade provisional das obras. Por iso, nese mesmo momento debeu acordarse a suspensión temporal dos traballos, de conformidade co artigo 159.1 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, ata a conclusión do procedemento de modificación do contrato iniciado oito meses antes.

Mais, non só non se fixo nada disto, non constando no expediente que os traballos se paralizaran en ningún momento dende a desaparición sobrevida da súa cobertura legal, senón que, pola contra, o 21.7.2022 iniciouse un segundo expediente de continuidade provisional das obras xa en aberta contradición co disposto no artigo 242.5 da LCSP, sobre a base dunha interpretación incorrecta, forzada e interesada do requisito do 20% que contén a devandita disposición.

Neste contexto resulta extraordinario que ningún dos responsables da tramitación dos procedementos de continuidade provisional das obras e de modificación do proxecto se pronunciase sobre esta irregularidade, a pesar dos numerosos informes emitidos por distintas oficinas e áreas do Concello.

En definitiva, a modificación solicitada e aínda pendente de aprobación executouse no curso do procedemento e o incremento do prezo do contrato foi abonado á empresa adxudicataria, a pesar de carecer de cobertura legal para iso, incorréndose polo tanto nunha ilegalidade manifesta que mingua as garantías xurídicas que deben presidir a actuación administrativa en materia de contratación pública.

Este modo de actuar ben puido afectar ao principio de libre concorrência, pois no expediente consta que no procedemento de licitación do contrato, cun orzamento base da licitación de 11.843.404,33 euros –IVE incluído–, participaron once licitadores. O prezo ofertado pola UTE ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.–NAROM, S.L. foi 9.235.486,70 euros –IVE incluído–, é dicir, o segundo prezo máis baixo, sendo a porcentaxe da baixa ofertada do 22,02% –a segunda porcentaxe máis alta de entre todas as presentadas–. Porén, logo da modificación executada e aboada, o prezo do contrato incrementouse ata 11.476.953,91 euros –IVE incluído–, cifra moi similar á do orzamento base da licitación.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

Ademais, do expediente resulta que, xunto co devandito incremento na contía, froito da introdución de novos prezos unitarios no proxecto (por razón principalmente da xestión de residuos perigosos), tiveron lugar catro ampliacións do prazo de execución das obras (a derradeira de conformidade co decreto do 3.11.2022, até o 3.3.2023), e dúas modificacións do proxecto (a primeira delas aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local do 30.7.2021). A suma de tales variacións esixía unha explicación técnica que non consta no expediente, na que se analizasen conxuntamente estes factores, co fin de acreditar que todas estas circunstancias, ademais de imprevistas, non implican a alteración da natureza global do contrato (artigo 205.2.b.2º da LCSP).

A situación de feitos consumados que se desprende do expediente remitido baleira de contido o labor que ten legalmente encomendado este Consello Consultivo e que, como xa se sinalou, se sitúa nun momento anterior á execución, precisamente co fin de asesorar a decisión do órgano de contratación respecto da aprobación da modificación, trámite anterior á novación do contrato e a posterior execución do reformado. Por iso, o noso criterio coincide co manifestado en supostos similares polo Consejo de Estado: non cabe solicitar o ditame do órgano consultivo coa finalidade de validar unha modificación substancial xa executada de forma ilegal, pois este modo de proceder se opón diametralmente á función de garantía que a lei atribúe ao citado ditame (por todos, ditames do Consejo de Estado do 8.6.1990, nº 54473; do 28.11.1996, nº 3371 e do 6.11.1997, nº 4350).

Por conseguinte, o contido do presente ditame cínquese a declarar a ilegalidade do procedemento de modificación nº 2 do proxecto de obras de "Remodelación do enlace do p.q. 5+000 da autoestrada ap-9v. treitos: conexión estación intermodal - AP-9, túnel de Lepanto - AP-9 e instalacións e balizamentos", a partir da emisión do proxecto definitivo o día 27.6.2022, así como das obras executadas a partir desa data sen cobertura legal. Todo iso leva a informar desfavorablemente a proposta de resolución remitida».

25.- Seguindo a indicación da consideración Segunda, *in fine*, do ditame do Consello Consultivo de Galicia, incorpóranse ao expediente administrativo as resolucións da Alcaldía de 26 de xuño de 2019 e da Xunta de Goberno Local de datas 5 de novembro de 2020 e 24 de xuño de 2021, polas que se delegan no concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, don Francisco Javier Pardo Espiñeira, a iniciación dos procedementos para a modificacións dos contratos e a resolución de continuación provisional das obras tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa cando a suspensión temporal total execución das obras ocasione graves prexuízos para o interese público, nos termos do previsto no artigo 242.5 da LCSP, ou normativa de aplicación, así como a autorización, disposición e compromiso de gasto derivados das mesmas, de ser necesario.

Igualmente incorporase ao expediente, seguindo a mesma indicación, a resolución de 22 de decembro de 2021, pola que a Alcaldía resolveu avogar as competencias delegadas da Área de Fomento e Servizos, no concelleiro don Francisco Javier Pardo Espiñeira, durante a súa ausencia ata o día 27 de decembro de 2021, incluído, recuperando novamente a súa vixencia a devandita Resolución ao día seguinte do período indicado e ampliar a delegación de competencias municipais en materia de Fomento e Servizos, realizada con data 16 de decembro de 2021 na concelleira dona Patricia Rodríguez Calviño, concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, ata o día 27 de decembro, incluído, nos termos sinalados nas Resolucións de 18 e 26 de xuño de 2019 e posteriores modificacións; resolución que fixou como data de inicio dos seus efectos o día 23 de decembro de 2021, ambos incluídos, sen prexuízo de posteriores modificacións.

26.- Por escrito de data 12 de xuño de 2023 o concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos solicitou informe da entidade ADIF. Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana en base ás seguintes consideracións:

«Se ha recibido el “Dictamen CCG 287/2022, de 14 de diciembre. Modificación nº2 del contrato de obras de remodelación del enlace del P.K. 5+000 de la autopista AP9-V. Tramos: conexión estación intermodal – AP9, Túnel de Lepanto -AP9 e instalación y balizamientos entre la empresa UTE Acciona Construcción SA- Narom SL y el Ayuntamiento de Vigo”, que se adjunta. En relación al mismo:

- *En la consideración tercera del dictamen se hace referencia al hecho de la aparición de suelos contaminados enterrados en la traza (circunstancia ésta que motivó la redacción del proyecto modificado nº2). Sobre esta circunstancia, la relatora del dictamen señala “Circunstancias que no son otras que la existencia de suelos contaminados enterrados que no se detectaron en la fase de redacción del proyecto, pese a la obligación legal de llevar a cabo de manera diligente los estudios geotécnicos precisos, según el artículo 233.3 de la LCSP”.*

Dado que el proyecto constructivo fue aportado por ADIF Alta Velocidad, tal como figura en la cláusula segunda del “Convenio entre la Consellería de Infraestruturas e Vivenda de la Xunta de Galicia, el Concello de Vigo y la Entidad Pública Empresarial Adif-Alta Velocidad para la ejecución de las obras de los accesos y nueva vialidad urbana del entorno de la Estación Intermodal de Vigo”, se solicita informe justificativo al respecto de la no consideración de los suelos contaminados en el proyecto constructivo, y que de respuesta a la consideración realizada en el dictamen de que éstos deberían detectarse en la fase de proyecto si se hubiesen realizado los estudios geotécnicos precisos de manera diligente.

- *En la consideración tercera del dictamen se hace referencia al informe de la Dirección Facultativa de las obras, en el que se cuestiona el grave perjuicio para el interés público que causaría la suspensión temporal de la obra, dada la imposibilidad de poner en servicio el acceso al aparcamiento de la estación de ferrocarril y Centro Vialía, así como la entrada y salida del tráfico pesado al centro comercial. En relación al mismo, se solicita informe a*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

ADIF justificando el perjuicio causado por la no disponibilidad de dicho acceso, y el interés público del mismo».

O informe solicitado foi emitido por ADIF, Subdirección de Estaciones del Noroeste, con dat de 3 de xullo de 2023, nos termos que se recollen na motivación da proposta que se formula.

27.- Canto ás deficiencias que o Consello Consultivo de Galicia apreza no expediente electrónico remitido polo Concello de Vigo a ese órgano consultivo, o xefe da Área de Administración Electrónica do Concello de Vigo, con data 31 de xullo de 2023 emitiu o informe que segue:

«Normativa e normas técnicas de aplicación.

- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

Artigo 70. Expediente Administrativo.

3. Cando en virtude dunha norma sexa preciso remitir o expediente electrónico, farase de acordo co previsto no Esquema Nacional de Interoperabilidade e nas correspondentes Normas Técnicas de Interoperabilidade, e enviarase completo, foliado, autenticado e acompañado dun índice, así mesmo autenticado, dos documentos que conteña. A autenticación do citado índice garantirá a integridade e inmutabilidade do expediente electrónico xerado desde o momento da súa firma e permitirá a súa recuperación sempre que sexa preciso, sendo admisible que un mesmo documento forme parte de distintos expedientes electrónicos.

- *Resolución de 19 de xullo de 2011, da Secretaría de Estado para a Función Pública, pola que se aproba a Norma Técnica de Interoperabilidade de Expediente **Electrónico***

1. Os compoñentes dun expediente electrónico son:

*a) **Documentos electrónicos**, que cumprirán as características de estrutura e formato establecidas na Norma Técnica de Interoperabilidade de Documento electrónico. Os documentos electrónicos poderán incluírse nun expediente electrónico ben **directamente como elementos independentes, ben dentro dun cartafol**, entendida esta como unha agrupación de documentos electrónicos creada por un motivo funcional, ou ben como parte doutro expediente, aniñado no primeiro.*

b) Índice electrónico, que segundo o establecido no artigo 32.2 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos, garantirá a integridade do expediente electrónico e permitirá a súa recuperación sempre que sexa preciso. O índice electrónico recollerá o conxunto de documentos electrónicos asociados ao expediente nun momento dado e, se é o caso, a súa disposición en cartafoles ou expedientes. c) Firma do índice electrónico pola Administración, órgano ou entidade actuante de acordo coa normativa aplicable. d) Metadatos do expediente electrónico.

V. Intercambio de expedientes electrónicos.

V.1 O intercambio de expedientes electrónicos, **aos efectos de remisión e posta a disposición, realizarase mediante o envío en primeiro lugar da estrutura definida no anexo II**, sen prexuízo da aplicación doutras, reguladas pola súa normativa específica. Tras o envío da devandita estrutura, enviaranse cada un dos documentos electrónicos que compoñen o expediente, na orde indicada no índice e atendendo ao establecido na Norma Técnica de Interoperabilidade de Documento electrónico.

- Resolución de 19 de xullo de 2011, da Secretaría de Estado para a Función Pública, pola que se aproba a Norma Técnica de Interoperabilidade de Procedementos de copiado auténtico e conversión entre **documentos electrónicos**.

VII. Copia papel auténtica de documentos públicos administrativos electrónicos.

Para a obtención de copias auténticas en soporte papel de documentos públicos administrativos electrónicos atenderase ao previsto na normativa aplicable e ao establecido sobre o acceso a documentos electrónicos na Norma Técnica de Interoperabilidade de Documento electrónico para a verificación da súa autenticidade.

- **PROCEDIMENTOS DE COPIADO AUTÉNTICO E CONVERSIÓN ENTRE DOCUMENTOS ELECTRÓNICOS.**

Guía de aplicación da Norma Técnica de Interoperabilidade 2ª edición electrónica.

Apartado 4.3.5. Copia papel auténtica de documentos públicos administrativos electrónicos.

O proceso de xeración de copia papel auténtica de documento administrativo electrónico sería o seguinte:

i. Reprodución do documento orixinal conforme ao establecido na NTI de Documento electrónico.

ii. Impresión do contido do documento orixinal así como os datos identificativos da firma definidos no anexo III da NTI de Documento electrónico e do carácter de copia.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

iii. Aínda que a NTI non menciona explicitamente consideracións sobre a trazabilidade do proceso de copiado, cabe contemplar a xeración de traza do proceso e o establecemento de vínculos entre o documento orixinal e a copia, sempre de acordo ao marco de xestión documental establecido por cada organización de acordo á NTI de Política de xestión de documentos electrónicos.

A NTI só establece as condicións para copias papel auténticas cuxo documento orixe é un documento público administrativo electrónico, atendendo ao establecido no punto 3 do artigo 27 da Lei 39/2015. O resto de casos de copias papel quedaría por tanto fose do alcance da NTI, sen detrimento de que cada organización poida valorar a conveniencia de estender a aplicación do establecido na NTI a outros casos carentes de regulación específica.

- **ORDENANZA DE ADMON. ELECTRÓNICA DA CIDADE DE VIGO**
Artigo 17. Actuación administrativa automatizada

b) Os sistemas de código seguro de verificación (CSV), composición de caracteres únicos e aleatorios vinculados ao emisor e específicos a un documento, que permiten comprobar a integridade e autenticidade dos documentos e copias de forma gratuíta na dirección electrónica: <http://www.vigo.org/csv>

Descrición da composición e características do contido do expediente electrónico en formato PDF

*A norma técnica de interoperabilidade describe as características, formato e a composición dos elementos que constitúen o expediente administrativo na 2ª edición da Guía de aplicación da norma técnica de interoperabilidade. No punto 8.1, de dita guía, indícase que de “**forma xeral** “ o formato dos ficheiros será un un ficheiro XML, sendo este tipo de formato pensado, principalmente, para a realización de intercambios de información entres sistemas de información. Na actualidade non é sinxelo localizar un programa de uso estendido que permita amosar, de xeito coherente e accesible, o contido da información e documentos que se envían no expediente electrónico polo que para facilitar o traballo a terceiros, no concello de Vigo desenvolveuse unha ferramenta que permite a conversión deste tipo de formato a formato PDF. O resultado que se obtén é o conxunto de copias electrónicas auténticas, dos documentos que forman parte do expediente, cos metadatos básicos definidos no Documento de Políticas de Xestión Documental” aprobada por acordo de XGL do día 17 de maio do 2017 . En este formato que se remite, PDF, consta, do mesmo xeito que consta no XML, un índice coa información organizada dos documentos que forman parte do expediente identificando, polo menos:*

O número de expediente administrativo

O número de tramite do cada uns dos documentos no expediente orixinal.

Unha descrición, do documento en cuestión que debe incluír o tipo de documento de que se trata así como unha breve resumo do contido do mesmo.

A data de creación do documento.

O nome do documento, dentro do cartafol do expediente electrónico enviado, que permite identificar a copia auténtica e que ademais contén unha ligazón ao devandito documento que permite, acceder a el automaticamente pulsando sobre el, sempre e cando o usuario da aplicación visor de PDF de os permisos necesarios para que o programa abra o documento dende unha ligazón.

Con esta última característica, do índice do documento, sempre que o contido do arquivo comprimido trátase como un todo e envórquese integramente nun directorio, un usuario pode acceder a todos os documentos incluídos, considerados como copias auténticas dos orixinais, dentro do expediente simplemente navegando dentro polo índice, sin necesitar ir ao directorio para abrir cada un dos documentos individualmente».

28.- Con data 5 de decembro de 2023 a concelleira delegada da Área de Urbanismo informou a esta Área de Goberno de Fomento e Servizos que:

«El pasado 28.11.2023 fue aprobado por las tres administraciones implicadas, ADIF-Alta Velocidad, Xunta de Galicia y Concello de Vigo, el texto de la "ADENDA 3 MODIFICATIVA AL CONVENIO SUSCRITO CON FECHA 31 DE MAYO DE 2018 ENTRE LA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA DE LA XUNTA DE GALICIA, EL CONCELLO DE VIGO Y LA ENTIDAD PÚBLICA EMPRESARIAL ADIF-ALTA VELOCIDAD, PARA LA EJECUCIÓN DE LOS ACCESOS Y NUEVA VIALIDAD URBANA DEL ENTORNO DE LA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO". De conformidad con el artículo 48.8 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, la Addenda ya está vigente tras su inscripción en el REOICO en el mismo día de su aprobación.

La citada Addenda 3 recoge una actualización de costes de los proyectos afectados por el Convenio que incluye, entre otros, el incremento presupuestario asociado al Modificado N.o 2 de las obras del "PROYECTO MODIFICADO N.o 1 DE REMODELACIÓN DEL ENLACE DEL 5+000 DE LA AUTOPISTA AP-9V. VIGO (PONTEVEDRA)".

Sin embargo, este proyecto modificado no2 se encuentra todavía pendiente de aprobación por parte de su órgano de contratación, el Concello de Vigo, por lo que se solicita se proceda a la misma con la mayor diligencia posible al objeto de que esta aprobación pueda ser trasladada a la Comisión de Seguimiento del Convenio como paso previo para su ratificación y posterior reanudación de los trabajos».

29.- Con data 11 de decembro de 2023 esta Xefatura de Servizos Xurídicos de Servizos Xerais emitiu informe proposta en idénticos termos nos que é emitido o presente informe proposta. Remitido o expediente a Intervención municipal por esta, con data 15 de xaneiro de 2024, remitiu á Área de Goberno de Fomento e Servizos dilixencia, da mesma data, na que se fai constar que:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

«O pasado 13 de decembro de 2023, tivo entrada nesta intervención o Informe proposta de data 11 de decembro de 2023, asinado polo Xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo Concelleiro do Area de Goberno de Fomento e Servizos.

No apartado segundo da parte resolutoria propónse á Xunta de Goberno Local :“Segundo.- Autorizar o gasto pola diferenza entre o gasto total autorizado estimado para a continuidade provisional das obras do modificado no 2 por importe de 1.847.097,34 euros (documento contable AD no 202100139117, 202200081168 e 202200081169) e o gasto líquido adicional resultante do modificado no 2 por importe de 2.118.829,51 € euros, ascendendo dita diferenza a un total de 271.732,17 euros ó alza, con cargo á partida orzamentaria 1532 609 00 90, a cal conta con crédito adecuado e suficiente.”

A vista do mesmo esta Intervención procedeu con data 13 de decembro de 2023 a fiscalizar a proposta de autorización de gasto remitida, que conforme á data de sinatura non pode entenderse imputable a outro orzamento que non sea o vixente nesa data, é dicir o exercicio 2023. Ase mesmo procedeuse a incorporar ao expediente o correspondente documento contable de retención de crédito co no de operación 202300215894 por importe de 271.732,17 euros.

Debido a non elevación da citada proposta á XGL no ano 2023, o Servizo Xestor plantexa agora, na súa dilixencia de data 12 de xaneiro de 2024, a imputación do citado gasto ao exercicio orzamentario 2024.

Toda vez que corresponde esta Intervención Xeral a fiscalización das propostas de gasto, a imputación do gasto aos créditos do orzamento do ano 2024 requirira dunha nova proposta ao respecto, asinada no exercicio 2024.

Devólvese o expediente ao Servizo Xestor para a adaptación do expediente as observacións formuladas».

30.- Non se comparten as consideracións que o ditame do Consello Consultivo de Galicia, arriba transcrito, realiza en relación coa legalidade da modificación de que tratamos e a proposta que se formula no presente informe sepárase do seu criterio, o que, de acordo co artigo 35.1.c) LPACAP, obriga a realizar a seguinte

MOTIVACIÓN DA PROPOSTA QUE SE FORMULA

Primeiro.- O Consello Consultivo de Galicia informa desfavorablemente a proposta de modificación que nos ocupa porque *«A situación de feitos consumados que se desprende do expediente remitido baleira de contido o labor que ten legalmente encomendado este Consello Consultivo e que, como xa se sinalou, se sitúa nun momento anterior á execución, precisamente co fin de asesorar a decisión do órgano de contratación respecto da aprobación da modificación, trámite anterior á novación do contrato e a posterior execución do reformado. Por iso, o noso criterio coincide co manifestado en supostos similares polo*

Consejo de Estado: non cabe solicitar o ditame do órgano consultivo coa finalidade de validar unha modificación substancial xa executada de forma ilegal, pois este modo de proceder se opón diametralmente á función de garantía que a lei atribúe ao citado ditame (por todos, ditames do Consejo de Estado do 8.6.1990, nº 54473; do 28.11.1996, nº 3371 e do 6.11.1997, nº 4350)».

Feitos consumados que o ditame do Consello Consultivo de Galicia atribúe a unha errónea interpretación do artigo 242.5 LCSP, que «*terxiversa o seu sentido para acadar un fin ilegal*»

Así, o ditame do Consello Consultivo afirma que «*a mera lectura do artigo 242.5 da LCSP amosa con plena nitidez que a posibilidade de continuar provisionalmente as obras en tanto non se resolve o procedemento de modificación está reservada unicamente ás modificacións cun importe máximo previsto que non supere o 20% do prezo inicial del contrato, de modo que a interpretación que fan os asinantes da solicitude do artigo 242.5 LCPS non só é errónea, senón que terxiversa o seu sentido para acadar un fin ilegal*».

O artigo 242.5 LCSP establece que: «5. Cuando la tramitación de una modificación exija la suspensión temporal total de la ejecución de las obras y ello ocasione graves perjuicios para el interés público, el Ministro, si se trata de la Administración General del Estado, sus Organismos Autónomos, Entidades Gestoras y Servicios Comunes de la Seguridad Social y demás entidades públicas integrantes del sector público estatal, podrá acordar que continúen provisionalmente las mismas tal y como esté previsto en la propuesta técnica que elabore la dirección facultativa, siempre que el importe máximo previsto no supere el 20 por ciento del precio inicial del contrato, IVA excluido, y exista crédito adecuado y suficiente para su financiación».

A interpretación que fai o Consello Consultivo de Galicia deste precepto non é tan nidia como se afirma no ditame. Antes ao contrario, o precepto se esta a referir **a continuación provisional das obras tal e como este prevista na proposta técnica para tal continuación** e é a esta proposta técnica **que prevé** a continuación provisional e, daquela, —e así o entenden entenden os servizos municipais— ao importe das obras a continuar provisionalmente ao que se refire o importe máximo do 20 por cento do prezo inicial do contrato, pois a proposta técnica á que se refire o precepto é unha previsión de continuación provisional das obras do modificado e é a esta previsión de continuación provisional á que se refire o limite do 20% do prezo inicial do contrato e non a estimación inicial da modificación.

O dito apartado do artigo 242.5 LCSP non di que tal limitación do 20% o sexa da modificación; o dito apartado **non di** «(...) podrá acordar que continúen provisionalmente las mismas tal y como esté previsto en la propuesta técnica que elabore la dirección facultativa, siempre que el importe máximo previsto **“de la modificación”** no supere el 20 por ciento del precio inicial del contrato (...)»; non, o apartado 5 do artigo 242 LCSP non di tal cousa; o apartado que interpretamos, que se está a referir a continuación provisional das obras **tal e como esté prevista na proposta técnica** para tal continuación, di so «siempre que el



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

importe máximo previsto —da continuación provisional prevista na proposta técnica á que o partado se refire, na interpretación municipal— no supere el 20 por ciento del precio inicial del contrato (...)>; e é así que os servizos municipais entenden que este límite do 20% é o límite máximo a que pode chegar a continuación provisional das obras prevista na proposta técnica de continuación provisional e non ao límite da modificación que permita a continuación provisional das obras.

Tal interpretación, por outra parte, é a máis conforme coa á finalidade da norma: permitir a continuación provisional das obras, calquera que sexa a contía da modificación admitida polo artigo 205 LCSP cando o interese público o esixa, pero, non ilimitadamente, senón co límite que establece ésta: o 20% do prezo inicial do contrato; e isto con independencia do importe da modificación, pois é perfectamente posible que unha modificación supere o 20% do prezo inicial do contrato e que o interese público faga necesaria a súa continuación; continuación que poderá acordarse cando o interese público o esixa, pero co límite cuantitativo máximo do 20% do prezo inicial do contrato, ao chegar ao cal, sen aprobar a modificación, deberá suspenderse a continuación provisional das obras do modificado.

Segundo.- O ditame do Consello Consultivo de Galicia pon tamén en cuestión o interese público da continuación provisional das obras acordada.

«En definitiva —dise no ditame— o informe da dirección facultativa vén a soste que o grave prexuízo para o interese público que causaría a suspensión temporal da obra consiste precisamente na propia falta de accesos que o contrato de obra en curso pretende resolver. Falta de accesos que, polo tanto, non pode entenderse ocasionada por unha eventual suspensión temporal da execución das obras, sen que a dirección facultativa identifique outros prexuízos do interese público que caiba vincular causalmente coa eventual suspensión».

Esta crítica parécenos apresurada. E obvio que a posta en funcionamento da Estación Intermodal de Vigo e do seu Centro Vialia iba a provocar unha importante atracción a esta de tráfico rodado, tanto lixeiro como, e sobre todo, do tráfico pesado. De tal atracción de tráfico rodado eran perfectamente conscientes as tres administracións asinantes do dito convenio; convenio, cuxa finalidade principal, como a do acordo inicial firmado en 2006, era, precisamente, esta: prever e executar o proxecto dos accesos viarios necesarios e suficientes para a posta en funcionamento da nova Estación Intermodal de Vigo e do seu centro Vialia, habida conta da insuficiencia do viario central da cidade existente.

Tal e como se reflicte nos antecedentes do convenio arriba referido, asinado 31 de maio de 2018, publicado no BOE 166, do 10 de xullo de 2018, con base no acordo de 2006

«el Ministerio de Fomento, directamente o a través de Adif-Alta Velocidad, llevó a cabo las siguientes actuaciones en relación a la estación de Vigo-Urzaiz:

- *“Eje Atlántico de Alta Velocidad. Acceso norte a Vigo. Nueva estación de Vigo- Urzaiz. Infraestructura Ferroviaria”.*
- *“Obras del proyecto de ejecución de cubrición del cajón ferroviario de la estación de Vigo-Urzaiz”.*
- *“Obras del proyecto constructivo de adecuación de andenes y plataformas de embarque de viajeros para la puesta en servicio del cajón ferroviario Vigo-Urzaiz”.*
- *“Obras de ejecución del proyecto constructivo de estación provisional en Vigo- Urzaiz”.*
- *Licitación de la construcción y explotación sobre un inmueble de Adif-Alta Velocidad, de un centro VIALIA en la Estación Ferroviaria de Vigo Urzáiz en junio de 2016».*

O centro Vialia foi aberto ao público en setembro de 2021.

Pois ben, a apertura ao público da nova Estación Intermodal de Vigo e do Centro Vialia, en setembro de 2021, con anterioridade a data prevista da finalización da obra de 3 de marzo de 2022, provocou importantes tensións no tráfico rodado dos actuais viais do centro da cidade que permiten un acceso alternativo —pero moi insuficiente— aos previstos no convenio para a Estación intermodal de Vigo, ao ter que facer uso dos viais centrais da cidade todo este tráfico novo que a nova Estación Intermodal de Vigo e o centro Vialia atraen, pola imposibilidade de facer uso dos viais previstos no convenio ata o seu remate.

A este respecto a Subdirección de Estacións do Noroeste, de ADIF, no informe antedito de 3 de xullo de 2023, emitido a solicitude do concelleiro delegado da Área de fomento e Servizos, *«Respecto a la consideración tercera del dictamen que hace referencia al informe de la Dirección Facultativa de las obras que justifica la necesidad de! Modificado 2 del proyecto y señala el grave perjuicio para el interés público que causaría la suspensión temporal de la obra, dada la imposibilidad de poner en servicio el acceso al aparcamiento de la estación de ferrocarril y Centro Via lia, así como la entrada y salida del tráfico pesado al centro comercial»* se di o que segue:

«• Con el fin de dar cobertura a las actuaciones previstas referentes a la Estación Intermodal de Vigo, la Consellería de Infraestructuras e Vivenda de la Xunta de Galicia inició la tramitación de! "Proyecto Integrador de la Intermodal de Vigo, promovido por ADIF-Alta Velocidad", en el marco de la Ley 3/2016, de 1 de marzo, de medidas en materia de proyectos públicos de urgencia o de excepcional interés, precisamente por considerarlo un proyecto público de urgencia y de excepcional interés, disconforme con el planeamiento urbanístico vigente.

• Dicho Proyecto Integrador fue sometido el 03/03/2017 a trámite de información pública mediante publicación en el Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra n.º 44. Dentro de!



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

trámite preceptivo, el Concello de Vigo, con fecha 05/04/2017, emitió informe favorable condicionado a una mejora de los accesos al Centro Comercial Vialía y la nueva Terminal de Autobuses, cuya propuesta se añadía en el citado informe.

- *Con el objeto de integrar dicha propuesta de accesos en el Proyecto Integrador, ADIF-Alta Velocidad presentó una Adenda el 05/05/2017, que se incorporó al expediente junto con los proyectos básicos de la Terminal de Autobuses y de la Terminal de Ferroviaria-Centro Comercial Vialía.*

- *Como resultado de las reuniones celebradas y la colaboración entre las tres partes, el 6 de abril de 2018 el Consejo de Ministros autorizó la suscripción del Convenio para la ejecución y financiación de los accesos y de la nueva viabilidad urbana del entorno de la Estación Intermodal de Vigo, entre la Consellería de Infraestructuras e Vivenda de la Xunta de Galicia, el Concello de Vigo y la entidad pública empresarial ADIF-Alta Velocidad, firmándose el 31 de mayo de 2018.*

- *ADIF-Alta Velocidad, como promotor del Proyecto Integrador de la Estación Intermodal de Vigo y conforme a los acuerdos adoptados en el Convenio antes citado, aportó el proyecto de trazado de los accesos, lo presentó en la Dirección General de Carreteras del Ministerio de Fomento y fue sometido a información pública el 28/04/2018, por un plazo no inferior a 20 días hábiles (también fue publicado en el BOP de Pontevedra el 10 de mayo).*

- *El día 3 de septiembre de 2018, el Subdirector General de Explotación, P.D. del Director General de Carreteras, aprobó el expediente de información pública del trazado: remodelación del enlace del P.K. 5+000 de la autopista AP-9V Vigo (Pontevedra).*

- *La remodelación del enlace de P.K. 5+000 de la Autopista AP-9V resuelve, por un lado, el acceso de los autobuses a la Terminal de Autobuses y, por otro, los accesos y salidas tanto de clientes de la Terminal Ferroviaria y del Centro Comercial Vialía, como de las mercancías de este último, sin comprometer la fluidez del tráfico rodado en el área circundante de la ciudad.*

En resumen, la decisión tomada en el mes de noviembre de 2021 de no realizar una suspensión temporal de la obra se consensuó entre las tres Administraciones, porque dicha suspensión causaría un grave perjuicio a la puesta en servicio de la Estación Intermodal de Vigo y desvirtuaría su naturaleza de nodo de transporte, así como la propuesta realizada por el Concello de Vigo en abril de 2017 en el informe favorable incluido en el Proyecto Integrador, todo lo cual incidiría sobre:

- *La Terminal Ferroviaria, que vería afectado su acceso peatonal, el acceso rodado al aparcamiento, la zona de parada de taxis, o la zona de aparcamiento momentáneo (Kiss & Ride), así como la zona de aparcamiento de vehículos de emergencia y la zona de*

aparcamiento para operadores, por saturación de concentración de tráfico en los accesos por la Rúa Vía Norte y en la Praza da Estación, al tener que reorganizar todos los flujos de la Estación Intermodal de Vigo a través de ambas, lo que a su vez produciría la congestión del área urbana circundante.

- La entrada y salida de tráfico pesado al Centro Comercial Vialia, que vería disminuida su capacidad en un 50%, concentrándose de nuevo en los accesos por Praza da Estación y Rúa Vía Norte, ya en sí sometidas a tensión por la terminal ferroviaria.*
- Los accesos directos a la Terminal de Autobuses desde y hacia la AP-9V, lo que limitaría su margen de conexión a los viales de la Praza da Estación, no diseñados geométricamente para asumir la confluencia de los tres tráfico de forma simultánea.*

Aunque la continuidad de las obras no evitaba estos perjuicios en su totalidad, sí paliaba sus efectos y los circunscribía a un periodo de tiempo limitado, quedando comprometido el Concello de Vigo a actuar sobre los flujos del conjunto del área para minimizarlos.

A fecha del presente escrito, las obras se encuentran suspendidas temporalmente por el Órgano de Contratación en el tramo final de conexión del vial de enlace del aparcamiento de vehículos y del muelle de mercancías del Centro Comercial Vialia con la AP-9V, ío que invalida el uso en su conjunto del mismo (accesos y salidas desde la terminal ferroviaria y el Centro Comercial Vialia)

Por todo lo anterior, desde ADIF-AV se considera urgente la tramitación del expediente relativo al modificado 2 del contrato formalizado entre la empresa UTE Acciona Construcción, S.A.,- Narom, S.L., y el Concello de Vigo para la ejecución de las "Obras de remodelación del enlace del P.K. 5+000 de la autopista AP-9V. Tramos: conexión Estación Intermodal - AP 9, Túnel de Lepanto - AP 9 e instalación y balizamientos" y ruega al Concello que, como Órgano de Contratación, dé curso a ía misma a la mayor urgencia posible».

Terceiro.- Entende, igualmente, o Consello Consultivo de Galicia, en relación ao interese público que a Administración municipal apreza na continuación provisional das obras, que:

«Tampouco se pode entender que o prexuízo invocado pola dirección facultativa sexa a delonga na execución da obra que puidera provocar a suspensión temporal da mesma, xa que, como consta no expediente, durante a execución do contrato ditáronse ata catro acordos de ampliación do prazo de execución, de modo que o prazo total de execución das obras pasou dos 17 meses previstos nos pregos a 29 meses, sen que nestas sucesivas ampliacións do prazo se invocasen graves prexuízos para o interese público».

Pero, neste punto debemos recordar que as suspensións acordadas na execución da obra prodúcense, precisamente, con ocasión da aparición dos solos contaminados e da



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

necesidade do modificado núm. 2 para facer fronte ao seu tratamento e eliminación: a aparición dos solos contaminados e a aprobación da modificación do contrato, para resolver esta incidencia, provoca unha delonga na execución do contrato que, habida conta dos referidos problemas de tráfico no centro da cidade, é preciso reducir ao mínimo mediante a autorización da continuación provisional das obras.

Cuarto.- O ditame Consello Consultivo de Galicia parece, tamén, reprochar as que di bases xurídicas sucesivas nas que dirección facultativa basea a posibilidade da modificación de que tratamos.

Así, na páxina 12 do ditame dise:

«Ademais de todo o exposto, é preciso sinalar que a dirección facultativa muda o criterio sobre a base xurídica da modificación expresado no seu informe do 30.11.2021, argumentando que “aínda que todas as circunstancias indicadas foron previstas no PCAP reitor do contrato, obrigan a introdución de novos prezos unitarios non previstos no contrato, polo que ditas modificacións non se axustan ao establecido no artigo 204 da LCSP”. Por iso, apúntase coma nova base xurídica o artigo 205.2.c) da LCSP, que prevé a posibilidade de levar a cabo modificacións non previstas nos pregos cando as devanditas modificacións non sexan substanciais e se limiten a introducir as variación estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a faga necesaria.

Xustifícase o carácter non substancial da modificación atendendo a que “a variación cualitativa e cuantitativa das mesmas en relación ao prezo do contrato non supera as limitacións do 15 por cento do prezo inicial do contrato”, polo que se considera que non (sic.) é aplicable a regra do 205.2.c) 3º da LCSP».

E, mais adiante, na páxina 14 do ditame, se di:

«A dirección facultativa da obra emite un novo informe técnico o 30.6.2022 no que indica que as modificacións supoñen un incremento dun 22,94% do prezo de adxudicación do contrato, que de 9.235.486,70 euros pasa a 11.476.953,91 euros. Tendo isto en conta, a dirección facultativa muda por segunda vez a base xurídica da modificación, que agora sitúa no artigo 205.2.b) da LCSP, asumindo implicitamente que se trata dunha modificación substancial e argumentando que xurdiron circunstancias sobrevidas e imprevisibles no momento da licitación. Circunstancias que non son outras que a existencia de solos contaminados soterrados que non se detectaron na fase de redacción do proxecto, pese a obriga legal de levar a cabo de maneira diligente os estudos xeotécnicos precisos, segundo o artigo 233.3 da LCSP».

Non se comparte tal reproche.

A dirección facultativa da obra no seu primeiro informe de 30 de novembro de 2021, no que solicita a iniciación do procedemento para a modificación núm. 2 de que tratamos, tras expoñer as causas que motivan a modificación solicitada, advirte xa —e así se recolle na páxina 9 *in fine* do propio ditame— que «será necesario incorporar novas unidades que poderían modificar a base económica inicial do proxecto». Sinala, tamén, o informe que a circunstancia que motiva a modificación esta prevista como causa xustificativa desta no PCAP do contrato, que permite o artigo 204 LCSP; non obstante, e como queira, que «será necesario incorporar novas unidades» de obra e, daquela, a modificación non se axusta ao establecido no artigo 204, a dirección facultativa xustifica que en principio se cumpren as esixencias que para a modificación do contrato establece o artigo 205 LCSP.

Este informe da dirección facultativa da obra, nos termos que van ditos, recollese na resolución de incoación do expediente de modificación, que, sen embargo e erroneamente, non precisa que a modificación obxecto do expediente o é ao abeiro do artigo 205 LCSP senón que di que se trata dunha modificación ao abeiro do artigo 204 LCSP, aínda que tal cualificación —se dí—o é «en principio e sen prexuízo do seu análise unha vez elaborado o proxecto modificado». A resolución de incoación do expediente da modificación núm. 2 é, efectivamente, incorrecta neste concreto extremo; porén, tal erro nesta resolución de trámite de iniciación do expediente carece de relevancia.

No informe da dirección facultativa para a primeira continuación provisional de obra, tras a incoación do expediente de modificación, cualifícase a modificación como non prevista no PCAP do contrato, pola necesidade de incluír no proxecto novas unidades de obra e prezos unitarios non previstos no contrato. A dirección de obra non muda aquí de criterio respecto da base xurídica inicialmente apreciada, pois a necesidade de introducir novas unidades de obra e, daquela, novos prezos unitarios, xa se recolle no informe inicial de 30 de novembro de 2021, como así se recolle, segundo xa se dixo, no ditame do Consello Consultivo de Galicia, na xa citada páxina 9, *in fine*.

Neste informe, á vista de que a estimación económica da modificación é do 14,94 % do prezo inicial do contrato e non supera o 15% deste, cualificouse a modificación de non substancial, ao concorrer nela todas as circunstancias do artigo 205, num. 1.b) e 2.c) e propúxose a continuación provisional da obra polo importe íntegro da modificación.

Porén, como vai dito *ut supra*, iniciada a continuación provisional da obra coa retirada de residuos, esta veuse paralizada en febreiro de 2022, debido á detección de fortes olores a hidrocarburos nos materiais que se estaban retirando, o que obrigou a unha nova caracterización de materiais no tramo final do eixo 14, que revelou unha maior extensión de terras con presenza de sustancias (metais) en concentracións de toxicidade aguda para o medio ambiente acuático. Tras a consideración dos resultados destas últimas análíticas, recollidos no informe emitido pola Asistencia Técnica á Dirección de Obra, con data 15 de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

xuño de 2022, a Dirección de Obra, avaliou o incremento de medición e o impacto económico que se xera no conxunto da modificación nº 2, que pasou del 14,94% previsto ao 22,93%, con respecto ao importe de adxudicación.

Como queira que o incremento de medición supera o 15 por cento do prezo inicial do contrato, a modificación non prevista no PCAP non pode xa cualificarse de non substancial —e aquí si se produce unha muda no concreto suposto do artigo 205 LCSP que permite a modificación cuxa aprobación se propón—; porén, o certo é que —tanto se o importe da modificación non supera o 15 por cento do prezo inicial do contrato como se supera tal importe— a causa da modificación é unha causa sobrevida que deriva de circunstancias que unha Administración dilixente no podería ter previsto no momento da licitación, pois temos que recordar que a responsabilidade da redacción do proxecto recaeu en Adif-Alta Velocidade, a quen, como administrador de infraestruturas ferroviarias, debe recoñecérselle o maior coñecemento do ámbito da obra a executar e, daquela, a posibilidade de representarse a maior cantidade de incidencias que deben preverse no proxecto; e que era Adif-Alta Velocidade a entidade que, de acordo co convenio de 31 de maio de 2018, debía non so redactar o proxecto de cuxa modificación se trata, senón tamén licitar e executar o mesmo; licitación e execución que na addenda ao convenio de 3 de agosto de 2020, dada a complexidade da execución do proxecto e co obxecto de cumprir prazos e minimizar riscos, acordouse se realizara conxuntamente co do «Túnel salida calle Lepanto a la AP-9», para o cal o concello de Vigo tramitaría os expedientes de contratación necesarios para a execución das obras (cláusula sexta, apartado 6 do convenio modificado).

Canto ao concreto reproche do CCG de que as circunstancias sobrevidas e imprevisibles no momento da licitación *«non son outras que a existencia de solos contaminados soterrados que non se detectaron na fase de redacción do proxecto, pese a obriga legal de levar a cabo de maneira dilixente os estudos xeotécnicos precisos, segundo o artigo 233.3 da LCSP»* o devandito informe da Subdirección de Estacións do Noroeste, de ADIF, de 3 de xullo de 2023, emitido a solicitude do concelleiro delegado da Área de fomento e Servizos, dise o que segue:

«• El Proyecto de "Remodelación del Enlace del PK 5+000 de la Autopista AP-9V" fue redactado por la empresa PROYFE en 2019 y en él quedan incluidas las obras de los tramos de conexión Estación Intermodal-AP-9, Túnel de Lepanto- AP-9 e instalación y balizamientos. Este documento contiene anejo de "Estudio Geotécnico para la Cimentación de Estructuras y túneles", para el cual se realizaron por parte del consultor CYE Control y Estudios y OCSA Estudios Geofísicos, una campaña de ensayos y sondeos específicos, teniéndose además en cuenta los ensayos previos realizados para la redacción dei proyecto modificado 2 y ejecución de las obras de "Construcción del EJE Atlántico de Alta Velocidad, Nueva Estación de Vigo Urzaiz, Infraestructura Ferroviaria".

- *Asimismo, el Proyecto incluye Anejos de "Geología y Procedencia de los Materiales" y "Estudio de Gestión de Residuos".*
- *ADIF-Alta Velocidad, previa a la licitación de las obras por los Órganos de Contratación, encargó a la empresa INECO la revisión del citado Proyecto emitiendo informe sobre el mismo con fecha 7 de diciembre de 2018, con recomendaciones a incluir en el proyecto. Entre estas recomendaciones no se incluye ninguna vinculada a realizar ensayos específicos de contaminación de suelos.*
- *Con independencia de lo anterior, durante las obras de "Construcción del EJE Atlántico de Alta Velocidad, Nueva Estación de Vigo Urzaiz. Infraestructura Ferroviaria", cuyo Órgano de Contratación fue el Ministerio de Fomento, se realizó la descontaminación de los suelos con indicios de metales pesados o hidrocarburos detectados bajo los talleres mecánicos de Renfe-Integria, quedando estos trabajos relacionados en el Anejo 29 "Gestión de Residuos" del Modificado 2 del Proyecto de septiembre de 2013.*
- *De acuerdo a lo expuesto se considera que ADIF-Alta Velocidad, en su obligación de aportar el Proyecto Constructivo, actuó de forma diligente durante la fase de redacción velando por que el mismo contuviese los estudios geotécnicos necesarios y aportando documentación sobre la descontaminación de suelos realizada en el año 2013».*

Quinto.- Como xa se dixo o Consello Consultivo de Galicia informa desfavorablemente a proposta de modificación que nos ocupa porque «A situación de feitos consumados que se desprende do expediente remitido baleira de contido o labor que ten legalmente encomendado este Consello Consultivo e que, como xa se sinalou, se sitúa nun momento anterior á execución, precisamente co fin de asesorar a decisión do órgano de contratación respecto da aprobación da modificación, trámite anterior á novación do contrato e a posterior execución do reformado. Por iso, o noso criterio coincide co manifestado en supostos similares polo Consejo de Estado: non cabe solicitar o ditame do órgano consultivo coa finalidade de validar unha modificación substancial xa executada de forma ilegal, pois este modo de proceder se opón diametralmente á función de garantía que a lei atribúe ao citado ditame (por todos, ditames do Consejo de Estado do 8.6.1990, nº 54473; do 28.11.1996, nº 3371 e do 6.11.1997, nº 4350)».

O ditame do Consello Consultivo de Galicia atribúe a situación de feitos consumados a unha errónea interpretación do artigo 242.5 LCSP, que «terxiversa o seu sentido para acadar un fin ilegal» e así, di que:

«Nesta data —30/06/2022—, pois, existe xa a confirmación oficial de que a modificación que se está a tramitar é superior ao 20% do prezo inicial do contrato, polo que non se dan os presupostos que o artigo 242.5 da LCSP establece para a continuidade provisional das obras —"sempre que o importe máximo previsto non supere o 20 por cento do prezo inicial do contrato"—, de modo que a actuación



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

legalmente esixible nese momento consistía en suspender temporalmente as obras ata a resolución do expediente de modificación do contrato.

Porén, non se fai ningunha referencia á continuidade provisional das obras e ao procedemento de modificación contractual prosegue sobre estas novas bases co visto bo do xefe da oficina de supervisión de proxectos de 1.7.2022, emitíndose o 20.7.2022 informe proposta para a aprobación do proxecto modificado nº 2 nos termos indicados no informe técnico da dirección facultativa do 30.6.2022».

Tampouco se comparte tal argumentación.

No expediente está suficientemente xustificada a estimación inicial do importe da modificación solicitada e tamén razoablemente xustificada a necesidade de incrementar este sobre a estimación inicial, pois, iniciada a continuación provisional da obra coa retirada de residuos, detectáronse fortes olores a hidrocarburos nos materiais que se estaban retirando, o que obrigou a unha nova caracterización de materiais no tramo final do eixo 14, que revelou unha maior extensión de terras con presenza de sustancias (metais) en concentracións de toxicidade aguda para o medio ambiente acuático.

O Consello Consultivo non reprocha tanto a primeira continuación provisional das obras como a non paralización destas obras o 30 de xuño de 2022, en que existe confirmación oficial de que a modificación que se está a tramitar é superior ao 20% do prezo inicial do contrato, polo que —entende— non se dan os presupostos que o artigo 242.5 da LCSP establece para a continuidade provisional das obras, de modo que a actuación legalmente esixible nese momento —se di no ditame— consistía en suspender temporalmente as obras ata a resolución do expediente de modificación do contrato. A aprobación dunha segunda continuación temporal de obras ata o 20 por cento do prezo inicial do contrato, valeira —se di— a labor que ten encomendada o Consello Consultivo, que se sitúa nun momento anterior á execución da modificación.

Canto á interpretación que fai o concello de Vigo do límite do artigo 242.5 xa nos referimos a ela no apartado primeiro desta Motivación da Proposta, sen prexuízo da cal cómpre se formule consulta á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado en relación coa interpretación do límite do 20% do artigo 242.5 para as futuras actuacións desta Administración municipal sobre continuacións provisionais de obras que se poidan adoptar.

Respecto da afirmación de que a labor que ten encomendada o Consello Consultivo se sitúa nun momento anterior á execución da modificación e que a execución da modificación ata o 20 por cento do prezo inicial do contrato valeira de contido a misión que este ten encomenda, tampouco se comparte:

Dunha parte, porque se a estimación inicial dunha modificación non prevista é do 19 por cento do prezo inicial do contrato e a definitiva se eleva no proxecto da modificación ao 20,5 por cento, facendo necesario o ditame do Consello Consultivo, este terá que pronunciarse —se a continuación provisional aprobada se tivese executado na súa totalidade antes de aprobar o proxecto da modificación— sobre un feito practicamente consumado.

Doutra, porque, aínda que a interpretación municipal do artigo 242.5 non sexa a correcta e a segunda continuación provisional acordada non fora conforme a dereito, tal irregularidade non impide pronunciarse sobre a corrección en Dereito da modificación que nos ocupa: a irregularidade da continuación provisional non se comunica necesariamente a modificación pretendida e así resulta dos ditames do Consello de Estado no que o ditame do Consello Consultivo funda o seu informe desfavorable.

Así, o ditame do Consello de Estado 54473/1990, de 8 de xuño, refírese a un contrato de obras para a ampliación e reforma do concello de Alorcón, no que iniciadas as obras xurdiron incidencias que deron lugar a tramitación e aprobación de dúas modificacións do contrato. Porén, posteriormente, tras a aprobación destas dúas modificacións se librou certificación por execución de obras que supera as cantidades aprobadas na adxudicación e nas dúas modificacións; certificación á que se achegou informe del arquitecto técnico municipal solicitando que se tramitase o reformado correspondente as obras certificadas e non previstas no proxecto nin nos dous reformados.

O Consello de Estado sinala, efectivamente, que a modificación se configura como un presuposto do efecto novatorio de contrato e non como convalidación dunha alteración xa producida e que no expediente a que se refire o ditame a argumentación xustificativa da última modificación é «*ex post facto*».

Non obstante, o Consello de Estado si se pronuncia sobre sobre as dúas modificacións aprobadas e sobre a última pretendida —o conxunto das cales fai necesario o ditame do Consello de Estado ao superar o 20% do prezo inicial do contrato— considerando xustificadas as dúas primeiras e rexeitando a última modificación non por constituir esta unha convalidación dunha modificación de feito xa executada, senón porque:

«la memoria que integra este tercer proyecto de ampliación sólo alude o bien a cambios de uso en el inmueble o reitera ciertas condiciones del suelo que ya dieron lugar a un reformado precedente que, respectivamente, ni cabe subsumir en el concepto de necesidades nuevas ni configurar como causas técnicas imprevistas porque habían recibido solución en un momento anterior»

O segundo ditame do Consello de Estado que cita o Consello Consultivo de Galicia, o ditame 3371/1996, de 28 de novembro, refírese ao contrato de obras "Variante de Carretera Nacional-630 de Gijón a Sevilla, p.k. 415,60 al 424,00. Tramo: Béjar (Oeste) - Puerto de Béjar (Salamanca)".



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

Iniciada a execución da obra solicitouse autorización para a redacción dun proxecto modificado, cun presuposto de execución material que representaba o 36% sobre o orzamento de adjudicación. Redactado o proxecto da modificación este foi informado favorablemente polo órganos do Ministerio de Fomento concernidos, se ben a intervención Xeral da Administración do Estado advertíu de que se executaran obras sen reter crédito orzamentario adecuado e suficiente e sen a fiscalización previa esixible.

O Consello de Estado neste ditame recorda que: *«El dictamen de 17 de junio de 1983 formulaba una observación de carácter general sobre la necesidad de extremar el rigor y el celo en la elaboración del proyecto inicial de cualquier tipo de obra pública de forma que no haya de recurrirse con tanta frecuencia a su ulterior modificación ni, sobre todo, a la introducción de varios, sucesivos y parciales reformados».*

Referíndose xa ao expediente sometido a consulta di que: *«Este Consejo de Estado percibe, a la vista de las actuaciones obrantes en el expediente, que si bien las previsiones técnicas de la modificación proyectada comportan una mejoría en las características básicas de la obra, tal y como aprecian unánimemente los órganos técnicos preinformantes, ello no impide subrayar que la mayoría de las modificaciones, aun siendo necesarias, son el resultado de las deficiencias advertidas en el proyecto inicialmente aprobado y de circunstancias que debieron ser suficientemente ponderadas en las actuaciones preparatorias cumplimentadas en el proceso de formación de la voluntad contractual de la Administración»;* que *«las obras se estaban llevando a efecto sin la aprobación del oportuno proyecto reformado y antes de que se emitieran los informes preceptivos exigibles (Oficina de Supervisión de Proyectos, Asesoría Jurídica, Consejo de Obras Públicas y Urbanismo y dictamen del Consejo de Estado), que se han recabado "a posteriori" para "convalidar", sin duda, la situación creada y consumada "de facto" con la ejecución material de la modificación»;* e que *«En el caso objeto de la presente consulta, se ha producido lo que algún sector de la doctrina ha calificado como de "reformado anticipado", por haberse introducido modificaciones en la obra sin esperar a su aprobación y contraviniendo el procedimiento legalmente establecido».*

No obstante as anteriores observacións, o Consello Consultivo pronúnciase sobre a modificación sometida a consulta e pronúnciase en sentido favorable á mesma.

Por último, o ditame do Consello de Estado 4350/1997, do 6 de novembro refírese, tamén, a un contrato de obras para o "Acondicionamiento de la Carretera Nacional-420, de Córdoba a Tarragona por Cuenca, p.k. 505,4 al 516,4. Tramo: Riudecols-Reus", cuxo obxecto era o reforzo do pavimento e a ampliación e mellora da plataforma da estrada N-420, nun tramo de 11 kilómetros.

Tamén neste suposto sinala o Consello de Estado que se produce o caso do citado reformado anticipado, non obstante o cal o Consello de Estado se pronuncia igualmente sobre a modificación sometida a súa consulta; modificación que rexeita, pero non por terse realizado as obras obxecto da modificación antes da súa aprobación senón porque:

«la propuesta definitiva de Proyecto Modificado excede, con mucho, de lo que inicialmente se concibe como un simple refuerzo y mejora del firme (...) la modificación contractual pretendida comporta una variación sustancial del objetivo inicial de la obra, que de resultar una obra de simple acondicionamiento se convierte en la construcción de un tramo prácticamente nuevo»

No caso que nos ocupa, a continuación provisional da obras produciuse, de acordo coa interpretación municipal que vai exposta do límite do artigo 242.5 LCSP, ata o 20% do prezo inicial do contrato, chegado ao cal, a primeiros do mes de setembro, as obras paralizáronse e continúan paralizadas.

Porén —temos que volver a insistir—, aínda que a interpretación municipal do límite do artigo 242.5 LCSP non fora a correcta —sen prexuízo de que o Concello formule consulta á Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado en relación con tal interpretación de cara ao futuro ou de que, sen necesidade de tal consulta, o Concello axuste a súa interpretación á que fai o Consello Consultivo de Galicia— o certo é, tal e como se resulta dos ditames do Consello de Estado analizados, que a modificación de que tratamos non deixa de axustarse a dereito polo feito de ter continuado provisionalmente as obras da mesma ata o 20% do prezo inicial do contrato, senón que a modificación que nos ocupa será contraria a Dereito se non cumpre as esixencias do artigos 205 LCSP; esixencias que si cumpre a modificación obxecto do presente expediente:

A modificación encontra a súa xustificación no apartado apartado 2.b) do artigo 205 da LCSP: circunstancias sobrevidas e imprevisibles no momento que tivo lugar a licitación do contrato, pois:

— A causa da mesma é unha circunstancia sobrevida: a existencia de solos contaminados soterrados non detectados na fase de redacción do proxecto nun ámbito non declarado como solo contaminado, que impiden darlle a xestión prevista como inertes; circunstancia sobrevida que o concello de Vigo non podería ter previsto no momento da licitación, pois o proxecto afecta ao ámbito da estación de ferrocarril de Vigo, de titularidade de Adif-Alta Velocidad, a quen, de acordo co convenio de 31 de maio de 2018, correspondeu a redacción do proxecto.

Tal e como vai dito, no convenio de 31 de maio de 2018 pactouse que a redacción, licitación e execución do proxecto a que se contrae a modificación de que tratamos —Conexión de la AP-9 con Centro Vialía— correspondía a Adif-Alta Velocidad, que redactaría todos os proxectos viarios para a súa posterior entrega ás demais administracións asinantes do



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

convenio a fin de proceder a licitación e execución dos que a cada unha correspondera. Non obstante na addenda ao convenio de 3 de agosto de 2020, dada a complexidade da execución do proxecto e co obxecto de cumprir prazos e minimizar riscos, pactouse que a execución do proxecto de «Conexión de la AP-9 con Centro Vialia» se realizara conxuntamente co do «Túnel salida calle Lepanto a la AP-9», e que fora o concello de Vigo o que tramitara os expedientes de contratación necesarios para a licitación e execución das obras (cláusula sexta, apartado 6 do convenio modificado) dos dous proxectos redactados por Adif-Alta Velocidad.

Porén, é que, ademais, non cabe aprezar negligencia por parte de Adif-Alta Velocidad na redacción do proxecto a modificar, tal e como sinala o informe, arriba transcripto, da Subdirección de Estacións do Noroeste, de ADIF, de 3 de xullo de 2023, emitido a solicitude do concelleiro delegado da Área de fomento e Servizos:

«• El Proyecto de "Remodelación del Enlace del PK 5+000 de la Autopista AP-9V" fue redactado por la empresa PROYFE en 2019 y en él quedan incluidas las obras de los tramos de conexión Estación Intermodal-AP-9, Túnel de Lepanto- AP-9 e instalación y balizamientos. Este documento contiene anejo de "Estudio Geotécnico para la Cimentación de Estructuras y túneles", para el cual se realizaron por parte del consultor CYE Control y Estudios y OCSA Estudios Geofísicos, una campaña de ensayos y sondeos específicos, teniéndose además en cuenta los ensayos previos realizados para la redacción del proyecto modificado 2 y ejecución de las obras de "Construcción del EJE Atlántico de Alta Velocidad, Nueva Estación de Vigo Urzaiz, Infraestructura Ferroviaria".

• Asimismo, el Proyecto incluye Anejos de "Geología y Procedencia de los Materiales" y "Estudio de Gestión de Residuos".

• ADIF-Alta Velocidad, previa a la licitación de las obras por los Órganos de Contratación, encargó a la empresa INECO la revisión del citado Proyecto emitiendo informe sobre el mismo con fecha 7 de diciembre de 2018, con recomendaciones a incluir en el proyecto. Entre estas recomendaciones no se incluye ninguna vinculada a realizar ensayos específicos de contaminación de suelos.

• Con independencia de lo anterior, durante las obras de "Construcción del EJE Atlántico de Alta Velocidad, Nueva Estación de Vigo Urzaiz. Infraestructura Ferroviaria", cuyo Órgano de Contratación fue el Ministerio de Fomento, se realizó la descontaminación de los suelos con indicios de metales pesados o hidrocarburos detectados bajo los talleres mecánicos de Renfe-Integria, quedando estos trabajos relacionados en el Anejo 29 "Gestión de Residuos" del Modificado 2 del Proyecto de septiembre de 2013.

• De acuerdo a lo expuesto se considera que ADIF-Alta Velocidad, en su obligación de aportar el Proyecto Constructivo, actuó de forma diligente durante la fase de

redacción velando por que el mismo contuviese los estudios geotécnicos necesarios y aportando documentación sobre la descontaminación de suelos realizada en el año 2013».

— A modificación e necesaria para a adecuada solución do obxecto da obra contratada, limítase a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que a fai necesaria, non altera a natureza global do contrato nin dos fins e características básicas do proxecto inicial e implica un incremento da contía do contrato que non excede do 50% do prezo inicial, IVE excluído (supon un 22,93%).

— No expediente consta acreditada a observancia das esixencias procedimentais da modificación a que este se refire así como as específicas dos contratos de obras.

— De aprobarse a modificación deberase procede a súa formalización; a reaxustar a garantía definitiva; a publicar os anuncios da mesma nos termos dos artigos 63.3 e 207.3 LCSP; e a remitir copia certificada do acordo aprobatorio ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización e ao Consello Consultivo de Galicia adoptado que sexa o acordo.

Sexto.- Á vista da dilixencia da concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, de 25 de decembro de 2023, dirixida a esta Área de Goberno de Fomento e Servizos, que se transcribe no antecedente 28 desta proposta de acordo, na que se indica a necesidade de aprobar a modificación que nos ocupa con carácter previo ao seu sometemento á Comisión de Seguimento do Convenio de 31 de febreiro de 2018, precíndese de tal trámite previo que figuraba na proposta de 3 de agosto de 2023.

Setimo.- Por todo o exposto e á vista da dilixencia asinada pola Intervención xeral en data 15.01.2024, arriba transcrita, requirindo a emisión dun novo informe proposta para aprobación do proxecto modificado nº2 das obras de “REMODELACIÓN DO ENLACE DO P.Q. 5+000 DA AUTOESTRADA AP-9V. TREITOS: CONEXIÓN ESTACIÓN INTERMODAL-AP-9, TÚNEL DE LEPANTO-AP-9 E INSTALACIÓNS E BALIZAMENTOS” e a conseguinte autorización do gasto con cargo ao orzamento vixente, por mor do cambio de exercicio orzamentario, procede reproducir con esta data e propoñer á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do concello de Vigo, a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Oído o Consello Consultivo de Galicia acórdase aprobar o proxecto modificado nº 2 das obras de “REMODELACIÓN DO ENLACE DO P.Q. 5+000 DA AUTOESTRADA AP-9V. TREITOS: CONEXIÓN ESTACIÓN INTERMODAL-AP-9, TÚNEL DE LEPANTO-AP-9 E INSTALACIÓNS E BALIZAMENTOS” redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Xacobe Paz Salgado e polo Enxeñeira Industrial Begoña Arránz González, o que



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

supón unha importe líquido de 2.118.829,51 € (22,94%), por causas xustificadas contempladas no artigo 205.2.b) da LCSP.

Segundo.- Autorizar o gasto pola diferenza entre o gasto total autorizado estimado para a continuidade provisional das obras do modificado nº 2 por importe de 1.847.097,34 euros (documento contable AD nº 202100139117, 202200081168 e 202200081169) e o gasto líquido adicional resultante do modificado nº 2 por importe de 2.118.829,51 € euros, ascendendo dita diferenza a un total de 271.732,17 euros ó alza, con cargo á partida orzamentaria 1532 609 00 90, a cal conta con crédito adecuado e suficiente no orzamento vixente.

Terceiro.- Proceder ao reaxuste da garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

Cuarto.- Instar á mercantil UTE ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.–NAROM, S.L (U70616768), adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP, debendo acreditarse con carácter previo á formalización o reaxuste da garantía nos termos do apartado anterior.

Quinto.- Procédase a publicar os anuncios da modificación nos termos dos artigos 63.3 e 207.3 LCSP e a remitir copia certificada do acordo aprobatorio ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización e ao Consello Consultivo de Galicia adoptado que sexa o acordo.

Sexto.- Aprobado que sexa o presente acordo desde traslado deste á Comisión de Seguimento do Convenio como paso previo para a súa ratificación e posterior reanudación dos traballos.

Sétimo.- Notifíquese o presente acordo a interesada no expediente con indicación de que o mesmo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que poida exercer, no seu caso, calquera outro que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen dital e notificar a resolución do recurso.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(200).- PROXECTO DE CONVENIO COA AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTIBILIDADE TURÍSTICA DO CASCO HISTÓRICO DA VILA DE BOUZAS, NO MARCO DO PRTR, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU. EXPTE. 8437/104.

Visto o informe xurídico do 18/03/2024 e o informe de fiscalización do 21/03/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/03/2024, asinado pola técnica do servizo de Turismo e o xefe da Área de Inversións, e conformado pola concelleira delegada de Turismo, a concelleira da Área de Goberno, o concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos e o concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

Segundo a definición da Organización Mundial do Turismo (OMT), un destino turístico é un espazo físico, con ou sen unha delimitación de carácter administrativo ou analítico, no que un visitante pode pasar a noite. É unha agrupación (nunha mesma localización) de produtos e servizos, e de actividades e experiencias, na cadea de valor do turismo, e unha unidade básica de análise do sector. Un destino incorpora a distintos axentes e pode estender redes ate formar destinos de maior magnitude. É, ademais, inmaterial, cunha imaxe e unha identidade que poden influír na súa competitividade no mercado.

Sen prexuízo das competencias de promoción no exterior da Secretaría de Estado de Turismo e de ordenación e promoción do turismo no ámbito autonómico da Comunidade Autónoma, as entidades locais son as unidades básicas que constitúen os destinos e as responsables da maioría dos parámetros que inflúen na elección dos turistas, así como dos determinantes da competitividade e sustentabilidade do modelo. As entidades locais teñen competencias para a ordenación urbanística, o transporte, a mobilidade, a creación de equipamentos para o turismo, a ordenación de actividades no seu municipio, o abastecemento e depuración de augas, o uso das praias, as licenzas de actividades turísticas, as servidumes de uso público, etc. Por tanto, se se quere asegurar a sustentabilidade en sentido amplo do modelo turístico español, débese actuar fundamentalmente nos destinos turísticos. Pola súa banda, a sustentabilidade é un dos



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

eixos vertebradores da administración turística, constituíndo a clave de bóveda da estratexia turística española.

O turismo sustentable non é un produto turístico, senón unha forma de xestionar que debe aplicarse a calquera tipo de produto e destino turístico, segundo recomendan a OMT e outros organismos internacionais. A OMT define o turismo sustentable como «O turismo que ten plenamente en conta as repercusións actuais e futuras, económicas, sociais e ambientais para satisfacer as necesidades dos visitantes, da industria, da contorna e das comunidades anfitriñas.» As directrices para o desenvolvemento sustentable do turismo e as prácticas de xestión sustentable aplícanse a todas as formas de turismo en todos os tipos de destinos, incluídos o turismo de masas e os diversos segmentos turísticos. Os principios de sustentabilidade refírense aos aspectos ambiental, socioeconómico e territorial do desenvolvemento turístico, habéndose de establecer un equilibrio adecuado entre esas tres dimensións para garantir a súa sustentabilidade a longo prazo.

O desenvolvemento sustentable do turismo esixe a participación informada de todos os axentes relevantes, así como un liderado político firme para lograr unha colaboración ampla e establecer un consenso. O logro dun turismo sustentable é un proceso continuo e require un seguimento constante das súas incidencias para introducir as medidas preventivas ou correctivas que resulten necesarias. Un destino turístico sustentable sitúa como eixo vertebrador a sustentabilidade na medida que a integra na súa forma de xestionar e de realizar un seguimento constante das incidencias do turismo na tripla dimensión ambiental, socioeconómica e territorial, para introducir as medidas preventivas ou correctivas que resulten necesarias. Debe contribuír a un desenvolvemento armonioso en todo o territorio, de maneira que fortaleza a cohesión territorial. Así mesmo, reporta un alto grao de satisfacción aos turistas e contribúe a que o turismo represente para eles unha experiencia significativa, facéndoos máis conscientes da problemática da sustentabilidade e fomentando neles unhas prácticas turísticas acordes a esta.

A Secretaría de Estado de Turismo (SETUR), a través da Subdirección Xeral de Desenvolvemento e Sustentabilidade Turística exerce a función de deseño e implantación de estratexias encamiñadas ao desenvolvemento e mellora dos destinos turísticos baseadas

na calidade, a promoción da excelencia, a corresponsabilidade público-privada, a participación social, a sustentabilidade ambiental, social e económica e a adaptación aos novos requirimentos da demanda. Así mesmo desenvolven plans e programas que promoven a innovación, a calidade, a sustentabilidade e a competitividade de produtos turísticos de alto valor engadido para o cliente; así como o fomento de novas categorías de produto que contribúen á desestacionalización e desconcentración da oferta, todo iso baseado na colaboración público-público e público-privada. Estas intervencións públicas sobre os destinos turísticos para mellorar a súa sustentabilidade e competitividade son claves para manter o atractivo de España e o emprego do sector turístico.

O 21 de xullo de 2020, o Consello Europeo adoptou as Conclusións sobre o Plan de recuperación e o marco financeiro plurianual para 2021-2027. Estas medidas xuntan o marco financeiro plurianual (MFP) para 2021-2027, reforzando a posta en marcha dun Instrumento Europeo de Recuperación («NextGenerationEU»), cuxo elemento central é o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021.

A instrumentación da execución dos recursos financeiros do Fondo Europeo de Recuperación realizarase a través do Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, aprobado por Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e de conformidade co establecido pola Decisión de Execución do Consello relativa a aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision - CID), do 13 de xullo de 2021.

O Goberno de España ditou o Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e as Ordes HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

No Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), como parte do Compoñente 14, inclúese a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (C14.I1), en tanto que mecanismo de actuación cooperada entre os tres niveles da Administración. Este programa financia proxectos cuxos créditos serán obxecto de territorialización.

Ademais, con base na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos, fixa as condicións de participación das comunidades autónomas e as entidades locais, os ámbitos de aplicación, os limiares mínimos de investimento, o procedemento de presentación das propostas e as regras para a súa aprobación, execución e xustificación.

Os Plans Territoriais elabóranse mediante un proceso participativo e de colaboración entre as tres administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino.

O obxectivo perseguido relativos á liña de investimento C14.I1 é implementar actuacións de impulso da sustentabilidade turística contempladas na submedida 2, os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, na súa tripla vertente: ambiental, socioeconómica e territorial, a fin de beneficiar aos destinos turísticos, aos axentes sociais e aos operadores privados do sector.

Neste contexto, e co fin de permitir a execución do compoñente 14 do citado Plan de Recuperación, promoveuse a elaboración da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos (en diante, a Estratexia) que foi ratificada en Conferencia Sectorial de Turismo o 28 de xullo de 2021 e que articula mecanismos de cooperación entre Administracións Públicas -estatal, autonómica e local- para a consecución de fins comúns e a resolución de problemas transversais, impulsando a transformación verde e dixital no sector turístico, así como a mellora na súa competitividade.

Un deses mecanismos materialízase no Programa Extraordinario de Sustentabilidade Turística en Destinos 2021-2023, principal actuación do Plan de competitividade e modernización do sector turístico que se caracteriza polo carácter excepcional do seu financiamento, que procede na súa totalidade dos fondos europeos e que debe implicar unha maior ambición transformadora, e, tamén, por unha serie de especificidades en canto ao seu ámbito de aplicación, limiares mínimos de investimento ou procedemento de presentación das propostas, aprobación, execución e xustificación de subvencións.

Este Programa Extraordinario, conforme recolle a Estratexia, ten a súa concreción operativa nos Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destinos (PSTD) que se configuran como mecanismos de actuación cooperada entre a Administración Xeral do Estado, as Entidades Locais e as Comunidades autónomas co obxectivo de avanzar na transformación dos destinos turísticos desde un modelo participado de gobernanza multinivel. Neste sentido, durante os primeiros dous anos de vixencia do citado Programa Extraordinario, a Conferencia Sectorial de Turismo aprobou os plans territoriais de sustentabilidade turística de Galicia correspondentes ás convocatorias dos anos 2021 e 2022.

Iniciado o terceiro e último ano da vixencia do Programa Extraordinario, acometeuse a elaboración do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Galicia 2023 que inclúe, neste exercicio, tamén o importe correspondente ao Plan Nacional, e que, así mesmo, se realizou con estrito cumprimento dos distintos fitos regulados no documento de Estratexia de Sustentabilidade Turística en destinos, sendo de novo a Secretaría de Estado para o Turismo e a Axencia de Turismo de Galicia, os órganos encargados de analizar e valorar as solicitudes recibidas conforme aos criterios de valoración recollidos na Estratexia.

A Resolución do 22 de maio de 2023, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 9 de maio de 2023, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais, no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establece que a Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do día 28 de xullo de 2021, ratificou a aprobación da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, marco do Programa de Sustentabilidade Turística en Destinos. A Estratexia instruméntase ao redor de Programas de Plans de Sustentabilidade Turística en



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

Destinos nos que participan os tres niveles de administracións turísticas; administración xeral do Estado, comunidades ou cidades autónomas e entidades locais.

II.- PROCEDEMENTO NA ESTRATEXIA DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO.

Con data de 27 de xaneiro de 2023 acordouse no seo da Conferencia sectorial de Turismo o lanzamento da Convocatoria extraordinaria correspondente ao exercicio 2023, que permitiu a presentación de propostas a entidades locais e comunidades autónomas, para logo proceder á configuración dos Plans Territoriais, permiten configurar en cada territorio e destino unha resposta ante os retos da sustentabilidade turística, no exercicio das súas competencias en materia de ordenación do turismo e nos ámbitos da transición verde, a transición dixital, e a competitividade dos destinos.

Os criterios de distribución referidos, incluídos na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, foron sometidos a votación das comunidades autónomas e aprobados por unanimidade na Conferencia Sectorial celebrada o 9 de maio de 2023. En función das puntuacións e da súa proporción sobre o total, determínase a asignación máxima de recursos para o ano 2023.

O Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 9 de maio de 2023, modificado polo Acordo de 29 de decembro de 2023, tendo en conta os criterios de distribución aprobados, indica que corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia un total de 21.235.000 € do plan territorial máis 2.000.000 € do plan nacional.

Que a Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude da competencia exclusiva en materia de turismo, atribuída polo artigo 27.21 do seu Estatuto de Autonomía, aprobado pola Lei Orgánica do 6 de abril de 1981, desenvolveu, así mesmo no exercicio das súas competencias, diferentes actuacións coa finalidade de mellorar a situación turística da provincia promovendo plans, programas e normas para a modernización e adecuación da industria turística ás tendencias da demanda.

A Axencia de Turismo de Galicia é a entidade pública instrumental creada polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro), como axencia pública autonómica, co obxectivo de impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Conforme se indica no apartado 8.1.1 da Estratexia, o ente xestor dos PSTD debe ser unha entidade local de entre as previstas no artigo 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

- O Municipio.
- A Provincia.
- A Illa nos arquipélagos balear e canario.
- As Comarcas ou outras entidades que agrupen varios Municipios, constituídas polas Comunidades Autónomas de conformidade con esta Lei e os correspondentes Estatutos de Autonomía.
- As Áreas metropolitanas.
- As Mancomunidades de Municipios.

Igualmente, as comunidades autónomas poderán establecer como xestores dos PSTD a outras fórmulas de asociacións de municipios recollidas na súa normativa autonómica como, por exemplo, os consorcios turísticos ou os grupos de acción local.

III.- PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DO DESTINO VIGO.

As entidades locais son as unidades básicas que constitúen os destinos e as responsables da maioría dos parámetros que inflúen na elección dos turistas, así como dos determinantes da competitividade e sustentabilidade do modelo. As entidades locais teñen competencias para a ordenación urbanística, o transporte, a mobilidade, a creación de equipamentos para o turismo, a ordenación de actividades no seu municipio, o abastecemento e depuración de augas, o uso das praias, as licenzas de actividades turísticas, as servidumes de uso público, etc. Por tanto, se se quere asegurar a sustentabilidade en sentido amplo do modelo turístico español, débese actuar fundamentalmente nos destinos turísticos.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

O Concello de Vigo concorreu á convocatoria extraordinaria de Plans Territoriais de Sustentabilidade Turística en Destino, presentando un proxecto baixo o título de PSTD do Casco histórico da vila de Bouzas sendo unha das categorías de destino recollidas na convocatoria e establecendo o investimento mínimo por eixes que recolle a convocatoria.

Inclúe as seguintes actuacións: plan de xestión de residuos diferenciado para o casco antigo de Bouzas e ámbito de influencia próxima; Plan de renaturalización do Litoral do Casco histórico de Bouzas; transformación do sistema de iluminación do casco antigo de Bouzas (sistemas de baixo consumo e autosuficientes); proxecto de humanización Rúa Pazo - Casco antigo de Bouzas; ampliación da rede de conectividade e sensórica do concello; estratexia de promoción dixital do casco antigo de Bouzas e festas culturais (Brincadeira): creación web – Brincadeira, deseño e lanzamento de estratexia de márketing dixital e reconstrución histórica da Brincadeira en realidade virtual 360 para turismo; primeira fase do proceso de declaración da Brincadeira festa de interese turístico de Galicia; mellorar a imaxe final e a integración urbanística, paisaxística e ambiental do entorno litoral do casco antigo de Bouzas e ente xestor do PSTD.

PSTD DO CASCO HISTÓRICO DA VILA DE BOUZAS						
Eixes programáticos	Actuacións		Anualidade 2024	Anualidade 2025	Anualidade 2026	Total
Eixe 1. Transición verde e sostible	1.1	Plan de Xestión de residuos diferenciado para el casco antigo de Bouzas e ámbito de influencia próxima	50.000,00 €	215.600,00 €	0,00 €	265.600,00 €
	1.2	Plan de renaturalización do Litoral do Casco histórico de Bouzas	207.100,00 €	50.000,00 €	0,00 €	257.100,00 €
		Total EIXE 1	257.100,00 €	265.600,00 €	0,00 €	522.700,00 €
	2.1	Transformación do sistema de iluminación do casco antigo de Bouzas (sistemas de baixo	35.000,00 €	50.000,00 €	125.000,00 €	210.000,00 €

Eixe 2. Mellora da eficiencia enerxética		consumo e autosuficientes)				
	2.2	Proxecto de humanización Rúa Pazo - Casco antigo de Bouzas	0,00 €	350.000,00 €	0,00 €	350.000,00 €
	Total EIXE 2		35.000,00 €	400.000,00 €	125.000,00 €	560.000,00 €
Eixe 3. Transición dixital	3.1	Ampliación da rede de conectividade e sensórica do concello	0,00 €	0,00 €	122.300,00 €	122.300,00 €
	3.2	Estratexia de promoción dixital do casco antigo de Bouzas e festas culturais (Brincadeira) - Creación web - Brincadeira - Deseño e lanzamento de estratexia de márketing dixital - Reconstrución histórica da Brincadeira en realidade virtual 360 para turismo	0,00 €	132.000,00 €	0,00 €	132.000,00 €
	Total EIXE 3		0,00 €	132.000,00 €	122.300,00 €	254.300,00 €
Eixe 4. Competitividada	4.1	Primeira fase do proceso de declaración da Brincadeira festa de interese turístico de Galicia	0,00 €	40.000,00 €	250.000,00 €	290.000,00 €
	4.2	Mellorar a imaxe final e a integración urbanística, paisaxística e ambiental do entorno litoral do casco antigo de Bouzas	68.000,00 €	200.000,00 €	30.000,00 €	298.000,00 €
	4.3	Ente xestor do PSTD	25.000,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €	75.000,00 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

	Total EIXE 4	93.000,00 €	265.000,00 €	305.000,00 €	663.000,00 €
Total		385.100,00 €	1.062.600,00 €	552.300,00 €	2.000.000,00 €

A dita proposta de Plan foi valorada tanto pola Axencia de Turismo de Galicia, como por SETUR, obtendo unha nota superior a 70 sobre 100 en base aos criterios de valoración e por iso, sendo aprobado e formando parte do plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Galicia.

O servizo de Turismo do Concello de Vigo ten entre os seus principais obxectivos a dirección, impulso, coordinación e supervisión das liñas estratéxicas de actuación en materia de promoción Turística e posicionamento da cidade como destino turístico. Plan de sustentabilidade turística, de acordo coa resolución de competencias específicas do Alcalde Área de Goberno de Política Social e Turismo de data 30/06/23

Segundo a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, Artigo 25.2.h) na redacción dada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, o Concello, a través da Concellería de Turismo, ten atribuída a competencia de "Información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local"; así mesmo, os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo.

En relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art. 5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

A Comunidade Autónoma de Galicia, en virtude da competencia en materia de turismo, atribuída polo artigo 27.21 do seu Estatuto de Autonomía, aprobado pola Lei Orgánica do 6 de abril de 1981, desenvolveu, así mesmo no exercicio das súas competencias, diferentes actuacións coa finalidade de mellorar a situación turística da provincia promovendo plans,

programas e normas para a modernización e adecuación da industria turística ás tendencias da demanda.

Para facer efectiva esta transferencia de fondos, faise necesario recorrer aos mecanismos do anticipo reembolsable e ao mecanismo excepcional que o artigo 10 do *Real Decreto-ley 25/2020, de 3 de julio, de medidas urgentes para apoiar la reactivación económica y el empleo* cando concorren evidentes razóns extraordinarias de interese público e social.

A tal fin, as actuacións específicas previstas neste Convenio —execución do Plan de Sustentabilidade Turística en Destino do Concello de Vigo do Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 14 de decembro de 2022—, son definidas no Plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Galicia e financiadas pola Unión Europea -NextGenerationEU, con cargo aos Fondos Europeos no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia —Compoñente 14— regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021. Igualmente evidénciase a concorrencia de dificultades razoables para realizar a concesión delas por medio do procedemento ordinario de convocatoria pública, dada a previsión das entidades beneficiarias concretas e definidas. No Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo faise constar o crédito asignado á Comunidade Autónoma de Galicia, 21.235.000 € do plan territorial máis 2.000.000 € do plan nacional, destinados ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais. Así, en relación ó Concello de Vigo, o instrumento de intervención é o PLAN SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA do Casco histórico da vila de Bouzas, por un importe de 2.000.000 euros.

IV.- OBXETO DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto articular a colaboración entre as partes asinantes co obxectivo de executar o Plan de Sustentabilidade Turística do Casco histórico da vila de Bouzas do Concello de Vigo, dentro do Plan Territorial de Sustentabilidade Turística en Destino da Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo aos Fondos Europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, así como o importe necesario para a súa execución.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

En concreto, o PSTD obxecto deste convenio enmárcase no Obxectivo 219 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como nos fitos 220, relativo á execución dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, e 221, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos.

V.- OBRIGAS DAS PARTES

1.- A Axencia de Turismo de Galicia no exercicio das súas competencias e en virtude do Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo do 9 de maio de 2023, polo que se fixan os criterios de distribución, así como a repartición resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ao financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, achegará en 2024 á entidade local beneficiaria a cantidade de 2.000.000 € con cargo ás aplicacións orzamentarias 04 A2 761A 7600 CP 2022 0001 e 04.A2.761A.821.06 e segundo o establecido na cláusula terceira.

2.- A Comunidade Autónoma de Galicia deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a transferencia e a aplicación dos fondos percibidos ante a Secretaría de Estado de Turismo. Para iso, velará por que os proxectos adxudicados sexan executados conforme aos requisitos esixibles.

Igualmente, cumprirá as instrucións que tanto a Secretaría de Estado de Turismo como calquera órgano ou autoridade competente lle dirixa en aplicación de calquera normativa, tanto europea como nacional, que puidese aprobarse para a execución ou xestión tanto do Mecanismo Europeo de Recuperación como do PRTR.

3.-A Comunidade Autónoma de Galicia asume a responsabilidade en canto ao seguimento da execución contable dos gastos imputados a proxectos ou iniciativas do PRTR, de acordo co disposto no artigo 46 da Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro. Ademais, asume as obrigacións de información e rexistro da consecución dos correspondentes fitos e obxectivos nos termos previstos no artigo 3 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, así como o resto de obrigacións establecidas na Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro.

O Concello de Vigo asume en canto á execución do proxecto:

1.-De conformidade co disposto na Lei 9/2023, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024, como no artigo 37.4 a Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, os ingresos percibidos pola Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do proxectos obxecto de financiamento, por estar incluídos dentro do ámbito do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, quedan legalmente afectados a financiar os devanditos proxectos, coa correlativa obrigación do reintegro total ou parcial dos devanditos ingresos en caso de non realizarse o gasto ou en caso de incumprimento total ou parcial dos obxectivos previstos.

2.-As actuacións para realizar pola Entidade beneficiaria serán os recollidos na cláusula 3 e executaranse de conformidade cos fitos, obxectivos e a calendarización de cada proxecto/subproxecto definidos no Anexo I.

Así mesmo, corresponde á Entidade Local:

- a) Executar as actuacións do programa e aplicar os fondos previstos no punto anterior aos gastos correspondentes á execución e desenvolvemento das actuacións previstas no presente Convenio.
- b) Destinar o importe ás actuacións concretas de investimento a executar no prazo estipulado na cláusula 3 e Anexo I.
- c) Destinar os recursos humanos e materiais que sexan necesarios para cumprir os prazos de execución e maximizar os resultados perseguidos polo convenio.
- d) Xustificar a realización das actuacións recollidas no convenio ante a Axencia de Turismo de Galicia mediante a documentación que se recolle no presente convenio (cláusula 10).
- e) Actuar mediante os principios de obxectividade, publicidade e transparencia na actuación administrativa.
- f) Cumprir as obrigacións dispostas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Obrigación de sometemento ás disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

1. Con carácter xeral, son obrigacións da entidade local:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

a) Contribuír ao cumprimento do Obxectivo 219 da Decisión de Execución do Consello, relativo á adxudicación do orzamento para os Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, así como nos fitos 220, relativo á finalización dos Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos, e 221, relativo á finalización dos proxectos de promoción da sustentabilidade turística en destinos.

b) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e realizar as actuacións que integran o proxecto, na forma, condicións e prazo establecidos no presente convenio, así como xustificar ante a Axencia de Turismo de Galicia o cumprimento da finalidade e o seu custo real.

c) Con data 30 de setembro de 2021 publicouse no BOE a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Entre as previsións da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, destaca a obriga que impón e desenvolve o artigo 6 de que, coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión como beneficiario dos fondos do MRR, toda entidade, decisora ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR deberá dispoñer dun «Plan de medidas antifraude» que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se utilizaron de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses. A Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro determina, ao redor das catro áreas clave do denominado ciclo antifraude: prevención, detección, corrección e persecución e será de aplicación ás actuacións que leve a cabo esta axencia para a execución dos fondos do MRR, dentro das súas obrigas establecidas no PRTR.

Polo tanto, ambas as partes asinantes do presente convenio deberán dispoñer dun «Plan de medidas antifraude». A entidade beneficiaria deberá aprobar e aplicar o seu Plan de medidas antifraude, que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de

actuación, os fondos correspondentes se empregaron de conformidade coas normas aplicables.

No caso da Axencia de Turismo de Galicia esta actuará de conformidade co seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude, dispoñible en <https://transparencia.xunta.gal/integridade-institucional/plans-antifraude>. E no enlace <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias> calquera persoa empregada pública ou cidadán/á poderá facilitar información da que teña coñecemento sobre actuacións ou condutas contrarias á integridade institucional no ámbito do sector público autonómico, con plenas garantías de indemnidade da persoa denunciante.

A este respecto, a entidade local beneficiaria actuará de conformidade co seu Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude dispoñible no enlace https://hoxe.vigo.org/conecenos/prtr_antifraude.php?lang=gal#/.

Este Plan permítelle garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizaranse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

En especial, tomarán as medidas para asegurar que non exista conflito de interese, incluíndo nos expedientes que se tramiten os informes ou declaracións responsables necesarias, segundo corresponda, e aplicando a normativa reguladora dos conflitos de interese en caso de detectalos. No enlace <https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx> calquera persoa empregada pública ou cidadán/á poderá facilitar información da que teña coñecemento sobre actuacións ou condutas contrarias á integridade institucional no ámbito do sector público autonómico, con plenas garantías de indemnidade da persoa denunciante.

Será obrigatoria a presentación dunha (DACI) por todos os intervinientes nos procedementos de execución do PRTR. Igualmente, a presentación da DACI será obrigatoria para as persoas beneficiarias que, dentro dos requisitos de concesión da axuda, deban levar a cabo actividades que presenten un conflito de intereses potencial, así como



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

para contratistas e subcontratistas. Para iso utilizaranse o modelo A1 establecido no anexo II.

Así mesmo, as persoas decisoras da operación deberán asinar electronicamente as DACI (modelo A2) respecto das persoas participantes nos procedementos de contratación ou de concesión de subvencións, de acordo co establecido na Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. Esta formulación realizarase, unha vez coñecidas as ditas persoas participantes, pola persoas que realicen as seguintes funcións ou asimilables:

- Órgano de contratación unipersoal e membros do órgano de contratación colexiado, así como membros do órgano colexiado de asistencia ao órgano de contratación que participen nos procedementos de contratación nas fases de valoración de ofertas, proposta de adjudicación e adjudicación do contrato.
- Órgano competente para a concesión de subvencións e membros dos órganos colexiados de valoración de solicitudes, nas fases de valoración de solicitudes e resolución de concesión.

d) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección que a Axencia de Turismo de Galicia considere pertinentes ao longo do proceso de execución e ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como ás comprobacións da Comisión Europea, da Fiscalía Europea, a Oficina Europea de Luita contra a Fraude (OLAF), o Tribunal de Contas da Unión Europea, e aos controis derivados do Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia, que se realicen a través de autoridades nacionais ou europeas, facilitando tanta información e documentación lles sexa requirida.

e) Comprométense a remitir á Axencia de Turismo de Galicia tanta información fose necesaria sobre xestión, execución e control de todas as actuacións que se realicen no marco do presente convenio.

f) A entidade local beneficiaria, en canto entidade executora, levará a cabo o indicado no artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, en relación coa identificación do perceptor final dos

fondos, entidades beneficiarias das axudas, contratistas e subcontratistas e á achega desta información.

Especificamente, deberá preverse a aceptación por parte dos perceptores finais dos fondos da cesión de datos entre as administracións públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, conforme ao modelo establecido no anexo IV.B da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro.

A tal fin, a entidade local beneficiaria executante incluírá nos procedementos de licitación as seguintes obrigacións en relación coa identificación dos contratistas e subcontratistas:

- NIF do contratista ou subcontratistas.
- Nome ou razón social.
- Domicilio fiscal do contratista e, no seu caso, subcontratistas.
- Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (Modelo anexo IV.B).
- Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que poidesen afectar o ámbito obxecto de xestión (Modelo anexo IV.C).

Os contratistas acreditarán a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retedores da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou no Censo equivalente da Administración autonómica, que debe reflectir a actividade efectivamente desenvolvida na data de participación no procedemento de licitación.

g) Mantemento dunha adecuada pista de auditoría das actuacións realizadas no marco deste convenio e a obrigaón de mantemento da documentación soporte. A subministración da información realizarase nos termos establecidos pola Orde HFP/1030/2021 e a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, do Ministerio de Facenda e Función Pública.

h) Custodiar e conservar toda a documentación orixinal, xustificativa da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actividades de comprobación e control.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

i) Deberán conservar os documentos xustificativos, os datos estatísticos e demais documentación concernentes ao financiamento, así como os rexistros e documentos, en formato electrónico e por un período de cinco anos desde o pagamento do saldo ou, na falta deste pagamento, da operación, ou por un período de tres anos, cando o importe do financiamento sexa inferior a 60.000 euros, nos termos previstos no artigo 132 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo.

j) A entidade local beneficiaria está obrigada a crear en España todo o emprego necesario para a realización da actividade, que se realizará con persoal contratado e afiliado á Seguridade Social. O cumprimento deste requisito terá que xustificarse documentalmente.

k) A entidade local beneficiaria deberán cumprir coa normativa nacional e europea relativa á compatibilidade co réxime de axudas de Estado e prevención do dobre financiamento, de acordo co previsto no artigo 7 da Orde HFP 1030/2021, do 29 de setembro., conforme ao previsto na cláusula 13 do presente convenio.

l) Devolver á Axencia de Turismo de Galicia as cantidades anticipadas, que non se utilizaron na execución da actividade ou actividades, nos prazos e condicións previstos no presente convenio, de acordo ao procedemento establecido na cláusula 10.

m) Cumprir coas obrigacións de publicidade, medidas de difusión e comunicación, conforme ao previsto no artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, así como coa cláusula 11 do presente convenio.

n) A entidade beneficiaria comprométese a incluír os datos e información que sexan pertinentes sobre as actuacións financiadas con fondos MRR e nos prazos que correspondan, no aplicativo que para ese efecto establecerá a administración competente.

2. En aplicación do principio de «non causar dano significativo» (principio «Do no significant harm-DNSH»), de acordo co previsto no Plan de Recuperación, e polo Regulamento (UE)

n.º 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, respectarase a normativa ambiental aplicable, incluído o Regulamento (UE) 2020/852, do Parlamento Europeo e do Consello do 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088, así como a Guía Técnica da Comisión Europea (2021/ C 58/01) sobre a aplicación deste principio de «non causar dano significativo». Respectaranse os procedementos de avaliación ambiental, cando sexan de aplicación, conforme á lexislación vixente, así como outras avaliacións de repercusións que puidesen resultar de aplicación en virtude da lexislación ambiental.

Deberase achegar xustificación do cumprimento do principio DNSH mediante unha avaliación favorable de adecuación ao principio de DNSH, ou no seu caso, unha declaración responsable do seu cumprimento.

En todo caso, seguindo o disposto na Decisión de Execución do Consello, a fin de garantir que as medidas contidas no PSTD axústanse á Guía técnica sobre a aplicación do principio de DNSH, os criterios de subvencionabilidade incluídos no prego de condicións para as próximas convocatorias de proxectos excluirán as actividades que se enumeran a continuación: i) as actividades relacionadas cos combustibles fósiles, incluída a utilización ulterior deles; ii) as actividades no marco do réxime de comercio de dereitos de emisión da UE (RCDE) en relación coas cales se prevexa que as emisións de gases de efecto invernadoiro que van provocar non se situarán por baixo dos parámetros de referencia pertinentes; iii) as actividades relacionadas con entulleiras de residuos, incineradoras e plantas de tratamento mecánico-biolóxico; e iv) as actividades nas que a eliminación a longo prazo de residuos poida causar danos ao medio ambiente. O prego de condicións esixirá ademais que só poidan seleccionarse aquelas actividades que cumpran a lexislación ambiental nacional e da UE pertinente.

3. Pola demais normativa reguladora do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e, en especial, co disposto na normativa que a Comunidade Autónoma de Galicia e o Goberno de España aprobe a este respecto, así como polas disposicións comunitarias sobre o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

Así mesmo a entidade local beneficiaria comprometése a devolver o anticipo reembolsable nos termos pactados na cláusula sétima e debe acreditar, previamente ao pago do anticipo reembolsable, que se atopa ao corrente das súas obrigacións coa Seguridade Social, non tendo débedas en período executivo de pago co Estado, nin de carácter tributario con outras Administracións Públicas así como acreditar que non está incurso nalgunha das circunstancias reguladas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións.

VI.- LEXISLACIÓN APLICABLE

O Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, prevé unha serie de instrumentos xurídicos para a execución de proxectos con cargo aos Fondos Europeos, entre os cales están os convenios de colaboración. Configurándose, neste caso, como instrumento para canalizar a xestión da subvención directa a favor do Concello de Vigo, a fin de dar cumprimento aos fitos e obxectivos contidos na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España, así como o financiamento establecido para cada un deles.

O artigo 7.2 do citado Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, establece que “os convenios rexeranse polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público”.

Pola súa banda, o artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que “cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e na normativa autonómica de desenvolvemento que, se for o caso, resulte aplicable”.

Consecuentemente, o réxime xurídico do convenio incardínase a través da figura do Convenio Administrativo previsto no artigo 47.2 a) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, suxeito ás previsións contidas no Capítulo VI do Título Preliminar e canalizando a xestión dunha subvención directa a favor do Concello de Vigo.

O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de

decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

Mediante Resolución da Alcaldía de data 19 e posterior de data 28 de xuño de 2023 estableceuse o número , denominación e competencias das áreas de goberno e concellerías delegadas nas que se estrutura a administración municipal e Decreto do Alcalde de delegación de competencias específicas do Alcalde área de Goberno de Política social e Turismo de data 30 de xuño de 2023, establece na Concelleira Delegada da Área de Política Social e Turismo entre outras, a seguinte facultade: Dirección, impulso, coordinación e supervisión das liñas estratéxicas de actuación en materia de promoción Turística e posicionamento da cidade como destino turístico. Plan de sustentabilidade turística

De conformidade con artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio, así mesmo, queda facultada a Concelleira Delegada da área de Política Social e Turismo para asinar o citado convenio.

VII.-DOCUMENTACIÓN

Se adxunta ao expediente a seguinte documentación:

- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria.
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao corrente de pagos con Facenda.
- Certificación da conta bancaria.

En base a todo o exposto e ao procedemento para xestión do plan de sustentabilidade turística do casco histórico da Vila de Bouzas, á vista do contido no presente informe e



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

previo informe xurídico e da Intervención Xeral , proponse á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente a seguinte :

PROPOSTA.-

PRIMEIRO.- Aprobar o “CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DO CASCO HISTÓRICO DA VILA DE BOUZAS” adxunto ao expediente como Anexo I

SEGUNDO.- Aprobar o anticipo reembolsable, da Axencia de Turismo de Galicia, do importe correspondente ao financiamento deste convenio, polo importe de 2.000.000 millóns de euros, no prazo máximo dun mes dende a sinatura do convenio.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE TURÍSTICA DO CASCO HISTÓRICO DA VILA DE BOUZAS NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Por unha banda, D. Antonio Casas Calviño, xerente da **Axencia de Turismo de Galicia**, e por suplencia do director, en virtude do artigo 19.6 dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro) e de acordo coas facultades que lle confire á dirección da Axencia o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, en relación co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos).

E da outra, D^a Yolanda Aguiar Castro, en nome e representación do **Concello de Vigo**, na súa calidade de Concelleira Delegada da Área de Política Social e Turismo, Mediante Resolución da Alcaldía do Concello de Vigo de data 19, 20 e posterior de data 28 de xuño de 2023 estableceuse o número, denominación e competencias das áreas de goberno e Decreto do Alcalde de delegación de competencias específicas do Alcalde área de Goberno de Política Social e Turismo de data 30 de xuño de 2023, establece na Concelleira Delegada da Área de Política Social e Turismo entre outras, a seguinte facultade: Dirección, impulso, coordinación e supervisión das liñas estratéxicas de actuación en materia de promoción Turística e posicionamento da cidade como destino turístico. Plan de sostenibilidade turística e ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto lle confire a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

As partes comparecen na representación que ostentan das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade para formalizar o presente convenio e, para ese efecto,

EXPOÑEN

Conforme a dilixencia remitida de data 19/03/2023, asinada pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Planeamento e Xestión, sométese a aprobación o informe-proposta de data 30/11/2023, asinado pola antedita técnica, a xefa do Departamento de Desenvolvemento e conformado pola concelleira da Área de Urbanismo, aprobado no Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, do 05/12/2023, que di o seguinte:

Vista a proposta de convenio urbanístico negociado referido na cabeceira, emítase o seguinte informe con proposta de acordo, para o que resultan relevantes os seguintes,

I.- Antecedentes e Feitos

I.I. Con data do 14.06.2021 a Concelleira delegada da Área de Urbanismo do Concello de Vigo, ditou Resolución no expediente tramitado baixo o núm. 101856/421, pola que dispuxo,

“(..)Primeiro.- Autorizar o proxecto reformado do básico autorizado por resolución da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo de data 26/02/2020, redactado polos arquitectos D. Santiago Castro Paz e Francisco D. Javier Mariño Mendoza con data 16/03/2021.

Segundo.- Manter firme a resolución da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo de data 26/02/2020 no que non resulte modificado pola presente.(..).”

No dispoñendo segundo reproducido no parágrafo que antecede acordábase manter firme a resolución ditada pola Concelleira Delegada da Área de urbanismo con data do 26.02.2020 na que, e no que aquí nos interesa, levaba implícita o deber de ceder para o aproveitamento público interior (API) 686,00 m² de uso en superficie totalmente urbanizados (acta de liña e rasante 17048/411), libre de cargas e gravames de todo tipo, que se realizara en escritura pública notarial ou documento público administrativo ao que se achegará un plano de situación e outro de deslinde, documento que se inscribirá no Rexistro da propiedade nun prazo máximo de tres meses.

Advertido un erro de carácter material na antedita resolución, con data do 10.03.2020 emítese informe técnico, no que se corrixe a superficie de cesión acadando unha superficie de 683, 00 m².

I.II. En cumprimento do dito deber urbanizador, con data do 09.03.2023 o promotor insire no rexistro electrónico desta XMU (Cod. Sol.: W876830-2740; Doc. Núm. 230062846), documentación técnica consistente en “*Proxecto de urbanización do espazo de cesión de Urzaiz 136-138*”, redactado conxuntamente polos Enxeñeiros Industriais, Antonio Reboreda Fernández, Antonio Reboreda Martínez e Beatriz Pérez Ribas, colexiados nº 2217, 492 e 2225 do ICOIIG e os Arquitectos, Santiago Castro Paz e Francisco Javier Mariño Mendoza, colexiados 1225 e 2608 do COAG , de data marzo de 2023.

I.III.- Con data do 26.04.2023 o enxeñeiro técnico de obras públicas, adscrito ao servizo de urbanización e infraestruturas, emite informe técnico favorable ao referido proxecto de urbanización do espazo de cesión de Urzaiz 136-138, que forma parte do proxecto de execución do edificio (Exp. 101856/421).

I.IV.- Con data do 05.10.2023, a entidade “Promociones Domingo Fernández, SL” con CIF B36686228, insire no rexistro electrónico desta XMU (Doc. Núm. 230309679 e Cod. Sol.: W978941-5465), documentación técnica, consistente nas medicións do proxecto de urbanización do espazo de cesión e espazo público vinculado ao edificio da rúa Urzáiz 136-138 (Vigo) adaptado os prezos a base de datos empregada polo Concello de Vigo para a confección dos proxectos municipais.

I.V.- Neste estado da tramitación, con data do 20.10.2023 a arquitecta xefa do departamento de desenvolvemento urbanístico, emite informe técnico favorable, verbo da conveniencia e oportunidade da ordenación e urbanización conxunta do API sito na rúa Urzáiz 136-138 e San Roque 115 (trámite 22 do exp. 5309/401), do seguinte teor literal:

ANTECEDENTES

Promociones Domingo Fernández SL ten vinculada na licenza do edificio que promove en Urzaiz 136-138 a cesión de uso público e urbanización do aproveitamento público interior, API, no patio de cuarteirón, expte.101856/421.

Porén, á vista da proposta de ordenación e execución da urbanización do API contida nos documentos 230062846 do 9/03/2023 e no 230309679 do 5/10/2023, non só se ordena e urbaniza a superficie de cesión vinculada na licenza, se non que esta actuación se estende ao resto da superficie pública colindante. Esta superficie, que presenta na actualidade un uso residual, está minimamente urbanizada e conta con un baixo nivel de mantemento.

Tralo análise da documentación que figura no expediente, emítese o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

INFORME

A resolución de data 14/06/2021 da licenza para a construción dun edificio na rúa Urzaiz 136, solicitada por Promociones Domingo Fernández SL, acordou:

Primeiro.- Autorizar o proxecto reformado do básico autorizado por resolución da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo de data 26/02/2020, redactado polos arquitectos D. Santiago Castro Paz e Francisco D. Javier Mariño Mendoza con data 16/03/2021

Segundo.- Manter firme a resolución da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo de data 26/02/2020 no que non resulte modificado pola presente.

A resolución da concelleira de data 26/02/2020 levaba implícita o deber de:

“ceder para o aproveitamento público interior (API), 686,00m² de uso en superficie totalmente urbanizados (acta de liña e rasante 17048/411).

Tal cesión, libre de cargas e gravames de todo tipo, realizarase en escritura pública notarial ou documento público administrativo e achegará un plano de situación e outro de deslinde, documento que se inscribirá no Rexistro da propiedade no prazo máximo de tres meses”.

En trámite posterior, tras ser detectado un erro, consta no expediente informe técnico de data 10/03/2020 no que se corríxe a superficie de cesión a 683,00m².


En cumprimento de dito deber urbanizador, o promotor achega o documento n.º 230062846 do 9/03/2023. “PROYECTO URBANIZACIÓN DEL ESPACIO DE CESIÓN DE URZAIZ 136-138” redactado conxuntamente polos Enxeñeiros Industriais, Antonio Reboreda Fernández, Antonio Reboreda Martínez e Beatriz Pérez Ribas, colexiados n.º 2217, 492 e 2225 do ICOIIG e os Arquitectos, Santiago Castro Paz e Francisco Javier Mariño Mendoza, colexiados 1225 e 2608 do COAG asinado en marzo de 2023.

Neste proxecto, o promotor do edificio: Promociones Domingo Fernández SL expón a posibilidade dunha intervención conxunta en ambas zonas do API, zona de cesión e zona pública, que permita ordenar e dotar de coherencia estética e funcional á súa totalidade con obxectivo de acadar unha rexeneración completa do API que redunde no beneficio común de todos os interesados. Este proxecto, que foi informado o 26/04/2023 polo Enxeñeiro do servizo de Urbanización e Infraestruturas, e forma parte do expediente e foi consensuado co servizo de electromecánicos, forma parte do proxecto de execución do edificio.

ANALISE TÉCNICO DA CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE

Dende un punto de vista técnico, esta semella unha solución axeitada dado que a pequena superficie das dúas partes do API non permite tratalos como elementos autónomos e funcionalmente independentes e, a máis, estar moi condicionada pola necesidade de garantir os accesos aos garaxes e espazos residuais existentes. A proposta tenta sacar partido a estes espazos e tratalos de forma homoxénea.

A ordenación do espazo interior ten como obxectivo principal establecer a conexión peonil accesible entre as rúas Urzaiz e San Roque, actualmente inexistente, respectar as entradas e cotas dos garaxes das comunidades de propietarios de Gregorio Espino 29 e San Roque 113, 115 e 117 e revitalizar os espazos residuais actuais nun recorrido peonil atractivo e urbanizado cos estándares actuais, o que tan só pode facerse dende unha proposta conxunta.



O presuposto de execución material do proxecto ascende a 280.589,38€, dos que a urbanización da parte pública representa 126.128,45€. Pola súa banda, o presuposto de execución por contrata ascende a 404.020,65€, dos que a urbanización da parte pública representa 181.612,35€.

Porén, e co gallo de salvagardar o interese público, recóllese nun anexo o presuposto das obras elaborado coas bases de prezos municipais da concellería de Fomento. O presuposto de execución material, así calculado, ascende a cantidade de 259.100,79€, dos que a urbanización da parte pública representaría 113.107,49€, . Pola súa banda, o presuposto de execución por contrata ascende a 373.079,23€, dos que a urbanización da parte pública representaría 162.863,47€.

Nesta situación, o Concello debería asumir un máximo 162.863,47€ que corresponderían ao custe de urbanización da parte pública segundo os prezos da base municipal. De calquera xeito, esta cantidade representaría un máximo de inversión, determinándose a aportación real do Concello como resultado da confección das certificacións acreditativas do custo das obras realmente executadas, Pola súa parte, o promotor asumiría o custo íntegro de urbanización da zona de cesión e calquera desviación sobre a aportación máxima anteriormente definida.

CONCLUSIÓN

Unha vez remarcada a idoneidade técnica de acometer de xeito conxunto unha intervención que vai permitir a mellora do espazo público e axilizar a execución do planeamento, debe estudarse xuridicamente a posibilidade da redacción dun convenio de colaboración que ampare a actuación que se propón,

II.- Dereito/ Valoración Xurídica

II.I. Normativa Básica aplicable

TRLS/2015 (RD Lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana),

LSG (L.2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia),

RLSG (Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia),



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),
LPACAP(L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),
LRXSP (L. 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público),
LALGA (L. 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia),
PXOU-93. Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,
Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),
O resto de disposicións que poidan afectar,

II.II.- Efectos e obxecto do Convenio

O artigo 86.1 da LPAC sinala que, “(...) as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios o contratos con persoas tanto de Dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que, no seu caso, prevexa a disposición que o regule (...)”.

De conformidade co previsto nos artigo 165.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no artigo 398.1 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo o que se aproba o seu Regulamento de desenvolvemento, as administracións públicas poderán celebrar convenios urbanísticos con persoas públicas ou privadas, coa finalidade de colaborar e desenvolver de maneira máis eficaz a actividade urbanística.

Neste senso, obra incorporado ao expediente informe técnico de data 20.10.2023, no que avalía a conveniencia e oportunidade da subscrición dun convenio para a referida actuación, e conclúe que, semella unha solución axeitada dado que a pequena superficie das dúas partes do API non permiten tratalos como elementos autónomos e funcionalmente independentes, a intervención conxunta neste espazo, facilitará a mellora do espazo público e axilizará a execución do planeamento, mediante un acordo de financiamento de tal actuación.

No que respecta as cuestións xurídicas que reviste a subscrición do dito convenio, a técnica que subscribe, válida a mesma a través do presente informe, ao constituír a canle axeitada para regular o réxime xurídico da actuación, supondo un adecuado medio de eficiencia e xestión para acadar a finalidade pretendida; poren, terá que axustarse ás esixencias procedimentais e substantivas establecidas polo ordenamento xurídico, as canles haberán de ser cumprimentadas, obviamente, tamén nas actuacións administrativas posteriores dirixidas a súa plena materialización

II.III.- Procedemento

O RLSG adica os artigos 401, 402 e 403 á formalización, perfeccionamento e publicidade dos convenios urbanísticos. O procedemento de aprobación dos convenios concrétase, en síntese, nos seguintes trámites:

- Presentación da proposta de convenio.
- Negociación da proposta de convenio.
- Elaboración polos servizos técnicos e xurídicos da XMU da proposta de texto inicial.
- Vista da proposta de texto inicial aos propoñentes para aceptación ou renuncia.
- Sinatura do texto inicial do convenio.
- Aprobación texto inicial , Xunta de Goberno Local.
- Información pública do texto inicial (1 mes).
- Presentación de alegacións.
- Emisión de informes en relación coas alegacións presentadas.
- Emisión de informes técnicos e de legalidade.
- Proposta de texto definitivo á vista das alegacións e dos informes emitidos.
- Vista do texto definitivo os propoñentes para a súa aceptación, reparos ou renuncia.
- Aprobación (ratificación) do texto definitivo do convenio polo órgano competente.
- Sinatura do texto definitivo nos quince días seguintes a súa aprobación.
- Publicación do acordo de aprobación do convenio e do texto asinado no DOGA.
- Anotación do convenio no Rexistro de Convenios e copia o Arquivo de Convenios.

II.IV.- Órgano competente

De conformidade coa normativa vixente,- e previo informe de fiscalización, pola súa transcendencia e compromisos económicos,- o texto da proposta de convenio negociada que se xunta como Anexo á presente, deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, a proposta do Consello da XMU.

Deste xeito, por canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo ditame do Consello da XMU, a adopción do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de texto inicial, que figura como anexo a esta proposta, co seguinte título:

PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO, ENTRE A XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO E A MERCANTIL "PROMOCIONES DOMINGO FERNÁNDEZ SL" PARA A ORDENACIÓN E URBANIZACIÓN CONXUTNA DO ESPAZO DE CESIÓN E DO ESPAZO PÚBLICO, VINCULADO A LICENZA DO EDIFICIO SITO NA RÚA URZÁIZ 136-138

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO URBANÍSTICO DE EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO, ENTRE A XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO E A MERCANTIL



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

“PROMOCIONES DOMINGO FERNÁNDEZ SL”, PARA A ORDENACIÓN E URBANIZACIÓN CONXUNTA DA API DO ESPAZO DE CESIÓN E DO ESPAZO PÚBLICO, VINCULADO A LICENZA DO EDIFICIO SITO NA RÚA URZÁIZ 136- 138

En Vigo, a X de novembro de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, **D^a MARÍA JOSÉ CARIDE ESTEVEZ**, Concelleira delegada da Área de Goberno de Urbanismo e vivenda do **Concello de Vigo** (Res. do 04.07.2023), asistida pola Técnica de Admon. Xeral de Planeamento de Desenvolvemento e Xestión (Resolución de delegación do 08.05.2015) aos efectos de asesoramento e dación de fe do presente negocio xurídico.

Doutra parte, **D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ DOMÍNGUEZ**, DNI nº 35998202M , en nome e representación da entidade **PROMOCIONES DOMINGO FERNÁNDEZ, SL.** con domicilio social na Rúa Jenaro de la Fuente núm. 6-7^oA, e C.I.F. Número B36.686.228; constituída por tempo indefinido en escritura autorizada polo Notario de Vigo Roberto Martínez Martínez o día 06.03.1989, baixo o número 918 do seu protocolo. Inscrita no Rexistro Mercantil de Pontevedra, ao folio 46 do libro 742 de sociedades, inscrición 1^a da folla número 10.214.

Exerce a súa representación en virtude da súa condición de Administrador solidario da sociedade mencionada, segundo consta na escritura de adaptación dos seus Estatutos segundo escritura pública autorizada polo notario de Vigo Roberto Martínez Martínez o día 23 de abril de 1997, ao número 1.489 da súa orde, cargo para o que foi reelixido por tempo indefinido,

As partes, na condición na que interveñen, recoñécense capacidade necesaria e representación suficiente para formalizar o presente Convenio, a cuxo fin,

EXPOÑEN

Primeiro.- O Concello de Vigo no ámbito das súas competencias, ao amparo do disposto no artigo 165 da Lei 10/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, poderá celebrar convenios urbanísticos con particulares coa finalidade de colaborar e desenvolver de maneira máis eficaz a actividade urbanística.

Segundo.- Con datas 26.02.2020 e 14.06.2021, a Concelleira Delegada da Área de Urbanismo ditou senllas Resolucións polas que, se autorizou a entidade “Promociones Domingo Fernández, S.L.” a licenza de construción dun edificio sito na rúa Urzaiz 136-138 (Expediente municipal núm. 101856/421).

A resolución de data 14/06/2021 da licenza para a construción dun edificio sito na rúa Urzaiz 136, solicitada por “Promociones Domingo Fernández SL, acordou:

Primeiro.- Autorizar o proxecto reformado do básico autorizado por resolución da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo de data 26/02/2020, redactado polos arquitectos D. Santiago Castro Paz e Francisco D. Javier Mariño Mendoza con data 16/03/2021

Segundo.- Manter firme a resolución da Concelleira Delegada da Área de Urbanismo de data 26/02/2020 no que non resulte modificado pola presente.

A resolución da concelleira de data 26/02/2020 levaba implícita o deber de:

“ceder para o aproveitamento público interior (API), 686,00m2 de uso en superficie totalmente urbanizados (acta de liña e rasante 17048/411).

Tal cesión, libre de cargas e gravames de todo tipo, realizarase en escritura pública notarial ou documento público administrativo e achegará un plano de situación e outro de deslinde, documento que se inscribirá no Rexistro da propiedade no prazo máximo de tres meses”.

En trámite posterior, tras ser detectado un erro, consta no expediente informe técnico de data 10/03/2020 no que se corrixe a superficie de cesión a 683,00 m2.

O resto da zona pública existente comprende una superficie de 1038,80 m2.

Terceiro.- En cumprimento de dito deber urbanizador, con data 9/03/2023 e 05/10/2023 o promotor achegou á Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo os documentos n.º 230062846 e 230309679, consistente no “*PROYECTO URBANIZACIÓN DEL ESPACIO DE CESIÓN DE URZAIZ 136-138*”, redactado conxuntamente polos Enxeñeiros Industriais, Antonio Reboreda Fernández, Antonio Reboreda Martínez e Beatriz Pérez Ribas, colexiados nº 2217, 492 e 2225 do ICOIIG, e os Arquitectos, Santiago Castro Paz e Francisco Javier Mariño Mendoza, colexiados 1225 e 2608 do COAG, asinado en marzo de 2023, e visado nº 20230664 o 08/03/2023 polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia.

Neste proxecto, o promotor do edificio -Promociones Domingo Fernández SL- expón a posibilidade dunha intervención conxunta en ambas zonas do API, a zona de cesión obrigatoria (683,00 m2), e a zona pública colindante (1038,80 m2), en total, 1721,80 m2, que permita ordenar e dotar de coherencia estética e funcional á súa totalidade co obxectivo de acadar unha rexeneración completa do API que redunde no beneficio común de todos os interesados. Este proxecto, que foi informado o 26/04/2023 polo Enxeñeiro municipal adscrito ao servizo de Urbanización e Infraestruturas e que foi consensuado co servizo de electromecánicos do Concello de Vigo, forma parte do proxecto de execución do edificio.

Cuarto.- Por tanto, á vista da proposta de ordenación e execución da urbanización do API contida nos documentos 230062846 do 9/03/2023 e no 230309679 do 5/10/2023, non só se ordena e urbaniza a superficie de cesión vinculada na licenza (683,00 m2), se non que esta actuación se estende tamén ao resto da superficie pública colindante (1038,80 m2). Esta superficie, que presenta na actualidade un uso residual, está minimamente urbanizada e conta con un baixo nivel de mantemento.

Dende un punto de vista técnico, esta semella unha solución axeitada dado que a pequena superficie das dúas partes do API non permite tratalos como elementos autónomos e funcionalmente independentes e, a máis, estar moi condicionada pola necesidade de garantir os accesos aos garaxes e espazos residuais existentes. A proposta tenta sacar partido a estes espazos e tratalos de forma homoxénea.

A ordenación do espazo interior ten como obxectivo principal establecer a conexión peonil accesible entre as rúas Urzaiz e San Roque, actualmente inexistente, respectar as entradas e cotas dos garaxes das comunidades de propietarios de Gregorio Espino 29 e San Roque 113,




CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

115 e 117 e revitalizar os espazos residuais actuais nun recorrido peonil atractivo e urbanizado cos estándares actuais, o que tan só pode facerse dende unha proposta conxunta.



Ordenación do API



Quinto.- O presuposto de execución material do proxecto ascende a 280.589,38€, dos que a urbanización da parte pública representa 126.128,45€. Pola súa banda, o presuposto de execución por contrata ascende a 404.020,65€, dos que a urbanización da parte pública representa 181.612,35€.

Porén, e co gallo de salvagardar o interese público, recálculouse o presuposto das obras axustado as bases de prezos municipais da concellería de Fomento. O presuposto de execución material, así calculado, ascende a cantidade de 259.100,79€, dos que a urbanización da parte pública representaría 113.107,49€,. Pola súa banda, o presuposto de execución por contrata ascende a 373.079,23€, dos que a urbanización da parte pública representaría 162.863,47€.

Nesta situación, o Concello debería asumir un máximo de **162.863,47€** que corresponderían ao custe de urbanización da parte pública segundo os prezos da base municipal. De calquera xeito, esta cantidade representaría un máximo de inversión, determinándose a aportación real do Concello como resultado da confección das certificacións acreditativas do custo das obras realmente executadas, Pola súa parte, o promotor asumiría o custo íntegro de urbanización da zona de cesión e calquera desviación sobre a aportación máxima anteriormente definida.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

En virtude do exposto e como conclusión do proceso de negociación e colaboración na busca de solucións axeitadas, as partes consideran conveniente para o interese público a subscrición do presente Convenio

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Efectos e obxecto do Convenio

O artigo 86.1 da LPAC sinala, "(...) as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de Dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico nin versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público que teñen encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que, no seu caso, prevexa a disposición que o regule (...)”

A disposicións legais que regulan os Convenios urbanísticos no ámbito autonómico de Galicia son o TRLS a LSG e o RLSG. O artigo 9.8 do TRLS refírese aos convenios urbanísticos nos seguintes termos, "(...) Os convenios ou negocios xurídicos que o promotor da actuación celebre coa Administración correspondente, non poderán establecer obrigacións ou prestacións adicionais mais gravosas que as que procedan legalmente en prexuízo dos propietarios afectados. A cláusula que conteña estas regras será nula de pleno dereito (...)”

De conformidade co previsto nos artigo 165.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, e no artigo 398.1 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo o que se aproba o seu Regulamento, as administracións públicas poderán celebrar convenios urbanísticos con persoas públicas ou privadas, **coa finalidade de colaborar e desenvolver de maneira máis eficaz a actividade urbanística, ao facilitar una intervención que mellorará o espazo publico e axilizará a execución do planeamento ,mediante un acordo de financiamento de tal actuación.**

Segunda. Obrigas das partes.

A) Obrigas da “PROMOCIONES DOMINGO FERNANDEZ SL.”

“PROMOCIONES DOMINGO FERNANDEZ SL .” asume os seguintes compromisos:

1. Abonar integramente os custos de redacción do “*PROYECTO URBANIZACIÓN DEL ESPACIO DE CESIÓN DE URZAIZ 136-138*”, redactado conxuntamente polos Enxeñeiros Industriais, Antonio Reboreda Fernández, Antonio Reboreda Martínez e Beatriz Pérez Ribas, colexiados nº 2217, 492 e 2225 do ICOIIG, e os Arquitectos, Santiago Castro Paz e Francisco Javier Mariño Mendoza, colexiados 1225 e 2608 do COAG, asinado en marzo de 2023, e visado nº 20230664 o 08/03/2023 polo Ilustre Colexio Oficial de Inxeñeiros Industriais de Galicia, e presentado no Rexistro electrónico da Xerencia Municipal de

Urbanismo Vigo con data 09.03.2023 (Doc. Núm. 230062846 e 05.10.2023 (Doc. Núm. 230309679).

2. Contratar as obras de execución do citado Proxecto e a dirección técnica necesaria para a súa execución.

3. Realizar ditas obras conforme ao proxecto aprobado e conforme aos prazos de execución nel previstos cos axustes necesarios no caso de que aparezan partidas non definidas no proxecto ou imprevistos.

4. Garantir ao Concello de Vigo a idoneidade do espazo de cesión e espazo público existente, para proceder á súa recepción libres de cargas e gravames.

5. Garantir ao Concello de Vigo a non utilizar para a execución da obra terreos distintos aos que xa fosen propiedade do Concello. No seu caso, calquera outra ocupación temporal que considerase necesaria ou conveniente para a súa execución será pola súa conta exclusiva, tanto ás autorizacións que foren necesarias para iso, como aos seus eventuais custos.

B) Obrigas do CONCELLO DE VIGO

O Concello de Vigo asume os seguintes compromisos:

1. A Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo supervisará a correcta execución das obras conforme ao proxecto aprobado.

2. Por a disposición de "PROMOCIONES DOMINGO FERNÁNDEZ SL" o terreo público de 1038,80 m2 que configura o espazo público da Rúa San Roque núm. 115.

3. Recibir a obra executada conforme ao proxecto técnico aprobado.

4. Abonar a "PROMOCIONES DOMINGO FERNÁNDEZ SL" o importe correspondente ao custe de urbanización da parte pública segundo os prezos da base municipal, que suma un total de **CENTO SESENTA E DOUS MIL OITOCENTOS SESENTA E TRES EUROS CON CORENTA E SETE CÉNTIMOS (162.863,47€)**. Esta cantidade representa o máximo de inversión municipal, que deberá corresponder e coincidir co contido das certificacións acreditativas do custo das obras realmente executadas, Pola súa parte, o promotor asumirá o custo íntegro de urbanización da zona de cesión e calquera desviación sobre a aportación máxima anteriormente definida.

5. Abonar a "PROMOCIONES DOMINGO FERNÁNDEZ SL" o importe correspondente ao custo de urbanización da parte pública, dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra e a formalización da acta de recepción e cesión das obras de urbanización; e se se demorase, deberá abonar ao promotor, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobranza nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais (artigo 198.4 da LCSP).



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

6. Transcorrido o antedito prazo, os contratistas poderán reclamar por escrito ao Concello de Vigo o cumprimento da obrigaón de pago e, no seu caso, dos intereses de demora. Se, transcorrido o prazo dun mes, a Administración non contestase, entenderase recoñecido o vencemento do prazo de pago e a “PROMOCIÓN DOMINGO FERNÁNDEZ SL” poderán formular recurso contencioso-administrativo contra a inactividade do Concello de Vigo.

7. No suposto de modificacións propostas pola dirección facultativa da obra na execución das mesmas, que supoñan maior custe, tal importe será asumido na súa integridade por “PROMOCIONES DOMINGO FERNANDEZ SL”.

8. A recepción da obra nova, unha vez finalizada a execución do proxecto, producirase mediante a subscripción polo técnico municipal designado para o efecto da Acta de Recepción.

Terceira. Garantía das obras.

“PROMOCIONES DOMINGO FERNÁNDEZ SL.” garante a correcta execución das obras, establecendo a favor do Concello o prazo de garantía de dous (2) anos desde a súa recepción formal.

Cuarta. Cesión dos efectos derivados do Convenio.

“PROMOCIONES DOMINGO FERNÁNDEZ SL..” non poderá ceder os dereitos nin as obrigaóns que para ela derivan do presente Convenio, sen autorización previa e por escrito do órgano competente do Concello de Vigo.

Con independencia de que a empresa poida contratar total ou parcialmente a execución do Proxecto, ela asume exclusivamente a súa correcta execución fronte ao Concello, sendo da súa exclusiva conta calquera gasto que puidese ocasionar a súa contratación total ou parcial.

Quinta. Tramitación do Convenio.

O presente Convenio, que ten carácter administrativo, carecerá de efectos en tanto en canto non sexa aprobado definitivamente polo órgano municipal competente e asinado posteriormente. Tramitarase conforme ao procedemento previsto nos artigos 167 da Lei do Solo de Galicia e 401 e concordantes do seu Regulamento de Desenvolvemento.

Sexta. Documentación que conforma o Convenio.

Anexos ao presente Convenio:

- 1.- Documentación acreditativa da titularidade;
- 2.- Escrituras de representación da sociedade asinante;
- 3.- Resolucións de outorgamento de licenzas;

4.- Proxecto de urbanización do espazo de cesión de Urzáiz 136-138;

5.- Orzamento das obras elaborado coas bases de prezos municipais da Concellería de Fomento

Sétima. Xurisdición competente.

Os litixios que puideran xurdir como consecuencia da formalización, cumprimento, interpretación e extinción do presente Convenio someteranse á orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

En proba de conformidade, as partes, perante min, Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, asinan o presente Convenio por triplicado exemplar, en tódalas súas follas, no lugar e data sinalados no encabezamento, de todo o cal dou fe.

CONCELLO DE VIGO

PROMOCIONES DOMINGO FERNÁNDEZ, S.L.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Adxudicación da contratación da xestión da mobilidade de vehículos e persoas mediante sinalización viaria na cidade de Vigo. Expte. 132837/210.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

15(213).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DA MOBILIDADE DE VEHÍCULOS E PERSOAS MEDIANTE SINALIZACIÓN VIARIA NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 132837/210.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 27/03/2024 sométese a aprobación a proposta da Mesa de contratación de data 26/03/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da xestión da mobilidade no Concello de Vigo mediante sinalización vertical e horizontal (132837-210)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a API MOVILIDAD, S.A. en 11 de marzo de 2024. Este presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional e dos medios persoais, así como, o resgardo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Figura, asemade, no expediente o certificado de inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (onde figuran os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias coa AEAT e ATRIGA), así como o certificado de estar ao corrente coa Seguridade Social e o certificado positivo de débedas tributarias do Concello de Vigo. Finalmente, o expediente conta co informe do xefe da Área de de Seguridade e Mobilidade, de data 21 de marzo de 2024, de aclaración da acreditación dos medios persoais.

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)

- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da xestión da mobilidade no Concello de Vigo mediante sinalización vertical e horizontal (132837-210)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 10 de novembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar o expediente de contratación para a nova licitación do servizo de xestión da mobilidade de vehículos e persoas mediante a sinalización viaria na cidade de Vigo, tramitado co número 132.837/210, en réxime de contrato de servizos suxeito a regulación harmonizada, integrado polos seguintes documentos:

- Orde de inicio de 27 de marzo de 2023*
- Certificacións da existencia de crédito adecuado e suficiente (RC, RCFUT) asinados o 25 de agosto de 2023.*
- Memoria económica do contrato asinada o 25 de setembro de 2023.*
- Prego de Prescricións Técnicas asinado o 17 de outubro de 2023.*
- Memoria xustificativa do contrato asinada o 20 de outubro de 2023.*
- Declaración de neutralidade na redacción do Prego de Prescricións Técnicas asinada o 17 de outubro de 2023.*
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado o 31 de outubro de 2023.*

2º.- Autorizar o gasto necesario para a aprobación do expediente de carácter plurianual cunha duración de cinco anualidades (art. 174 do TRLRFL, RDL 2/04), a licitación e conseguinte adxudicación do contrato con cargo á aplicación orzamentaria 1330 2279902 por un importe máximo de 4.500.000 € (IVE excluído) para a enteira duración do mesmo e segundo o seguinte desglose por anualidades prevista expresamente nos pregos que se aproban (IVE incluído):

ANO 2023: 85.000€

ANO 2024: 900.000 €

ANO 2025: 900.000 €

ANO 2026: 900.000 €

ANO 2027: 900.000 €

ANO 2028: 815.000 €

3º.- Dispoñer, en consecuencia, a apertura do período de licitación polas normas do procedemento aberto, con tramitación ordinaria e suxeito ao recurso especial en materia de contratación previsto no art. 44 e seguintes da LCSP.”



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 11 de marzo de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da xestión da mobilidade no Concello de Vigo mediante sinalización vertical e horizontal (132837-210) na seguinte orde descendente:

	LICITADOR	PUNTUACIÓN GLOBAL
1	API MOVILIDAD, S.A.	95,23
2	ACEINSA MOVILIDAD ,S.A.	83,65
3	SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.	81,24
4	TEVASEÑAL, S.A.	74,34
5	DIEZ Y COMPAÑIA, S.A.	69,27
6	ELSAMEX GESTIÓN DE INFRAESTRUCTURAS, S.L.	59,32
7	PROSEÑAL, S.L.U.	53,78

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, API MOVILIDAD, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP “*Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.*”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, API MOVILIDAD, S.A., o día 11 de marzo de 2024, que presenta a documentación requirida o 19 de marzo de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición do licitador no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia nos que figura a constitución da sociedade, a declaración de non estar incurso en prohibición de contratar, a clasificación da empresa e os certificados positivos de débedas da TGSS, AEAT e ATRIGA.
- A escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (630.000,00 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa/obligatoria (Grupo O, Subgrupo 2, Categoría 4) presentan a clasificación Grupo O - Subgrupo 2 - Categoría 5.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (630.000,00 €), tendo en conta que neste procedemento existe clasificación alternativa/obligatoria (Grupo O, Subgrupo 2, Categoría 4) presentan a clasificación Grupo O - Subgrupo 2 - Categoría 5.
- Acreditación dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Seguro de caución por un importe cada un de 185.950,41 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais da documentación anterior, figuran no expediente, por un lado, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA e, por outro, o informe do xefe da Área de de Seguridade e Mobilidade, de data 21 de marzo de 2024, de aclaración da acreditación dos medios persoais.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 26 de marzo de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar API MOVILIDAD, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1654/1102

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por API MOVILIDAD, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 29 de febreiro de 2024 e 4 de marzo de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a API MOVILIDAD, S.A. o procedemento aberto para a contratación da xestión da mobilidade no Concello de Vigo mediante sinalización vertical e horizontal (132837-210) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 4.500.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 780.991,74 euros.*
- b) *Propón unha baixa proporcional única do 17 % a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- c) *Propón un incremento do 15 % da retención mensual na facturación (7,5%), ata un máximo do 15%, en función dos indicadores de nivel de cumprimento da calidade do servizo.*
- d) *Propón un investimento dun 11 % en investigación e desenvolvemento (I+D) e innovación para mellorar a prestación do servizo (mínimo do 2% da anualidade do contrato).*
- e) *Propón como mellora a achega dun vehículo eléctrico, tipo turismo lixeiro, para uso do persoal responsable da xestión do contrato.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(214).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/if.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez